



**Laura Pato Gómez**

Ex alumna

Autora da portada de Rañolas 4

**GRAZAS**

Nº	Sumario	Páx.	Nº	Sumario	Páx.
1	<b>Rañolas</b>		8	<b>Currunchos da música</b>	
	<i>Rañolas</i>	2		<i>Grupos de rock en Galiza</i>	58-59
	<i>A coordinadora</i>	2		<i>Cristina Pato</i>	59-60
	<i>Colaborador@s</i>	3-4	9	<b>Falando claro: Sección de opinión</b>	
2	<b>¿Sabías que? Cousas que nos interesan</b>			<i>Xogar non é tan malo</i>	61-62
	<i>Adolescentes</i>	5-7		<i>Eu son galego. E ti ¿que es?</i>	63-65
	<i>Anorexia</i>	7-10		<i>Galiza Nova</i>	66-67
	<i>O sexismo</i>	11-12		<i>O Nadal. Consumismo ilimitado</i>	67
	<i>Por ti, Virtudes</i>	13	10	<b>Coñecendo o noso</b>	
	<i>Alzheimer</i>	14		<i>Paraninfo</i>	68
	<i>¿Que é o movemento scout?</i>	15		<i>Os nomes das rúas de Ourense</i>	69-70
	<i>Maltrato de animais: Stop</i>	16-17		<i>A Esmorga</i>	71-74
	<i>Un soño, Toulouse</i>	18-19		<i>Lendas</i>	75-76
	<i>Intercambio 2007</i>	20		<i>Coplas dos maios</i>	77
	<i>Os galegos en Francia</i>	21-22		<i>Ourense, pasado e presente</i>	78-80
	<i>Bruxelas 2007</i>	23-24		<i>O feísmo</i>	81
	<i>Xosé Luis Baltar</i>	24-25		<i>O himno da nación</i>	82-84
	<i>Francisco Rodríguez</i>	26-28		<i>Nomes galegos: ti elixes</i>	84-85
	<i>Mitoloxía</i>	29-30		<i>Ríos de Galicia</i>	86-87
3	<b>Currunchos da ciencia</b>			<i>A Matanza do porco</i>	88-89
	<i>Unha verdade incómoda</i>	31		<i>Profesións</i>	90-91
	<i>Escurecemento global</i>	32		<i>A Torre de Hércules</i>	92-94
	<i>4ª Semana da ciencia para todos</i>	33	11	<b>Curiosidades e outras miudezas</b>	
	<i>O cambio climático</i>	33-34		<i>A cara oculta da lúa</i>	95
	<i>¿Que podo facer para forrar enerxía?</i>	35-36		<i>Leis e costumes curiosas</i>	96
4	<b>Currunchos do lector</b>			<i>Ver para crer</i>	96-97
	<i>Ann Alfaya</i>	37-38		<i>Algunhas preguntas sen resposta</i>	97
	<i>Alfredo Conde</i>	39-40	12	<b>Currunchos do deportista</b>	
	<i>Reseña crítica</i>	40-41		<i>Retrato dun tenista</i>	98
5	<b>Currunchos dos números</b>		13	<b>Currunchos do soñador</b>	
	<i>O ollo matemático</i>	42-43		<i>Reminiscencias</i>	99
6	<b>Protagonistas: Certames, premios e entrevistas</b>		14	<b>Currunchos do espectador</b>	
	<i>Certame literario Otero Pedrayo 2007</i>	44		<i>Miriam Gallego</i>	100-101
	<i>"O sorriso da vida"</i>	44-46		<i>Andrey Hepburn</i>	102
	<i>"Tempo de vida"</i>	47-53		<i>Los girasoles ciegos</i>	103
	<i>"Sabía que eres ti"</i>	53-56	15	<b>Currunchos do detective</b>	
7	<b>Banda deseñada</b>			<i>¿Quen é quen?</i>	104-105
	<i>¡Que sorte!</i>	57			



Ola amigos!

*Acabo de cumprir catro anos e aínda que me sinto moi ledo ante esta data tan especial, tamén é certo que estou un chisco triste, triste e feliz ao mesmo tempo. Sei que vós entendedes perfectamente esta mistura de sensacións, pois os meus catro anos están feitos dos retallos das vosas ilusións, desexos, soños e tamén amarguras. En contra do que din os maiores, a nós tamén nos doe a alma e nos inquieta o mundo no que vivimos porque para ben ou para mal é o que nos tocou. Pero hoxe estou especialmente melancólico polos meus amigos que se foron. Quen son? Alba, Olalla, Namibia, María, Cristina ... Onde marcharon? Á procura dos seus soños. Eles, a primeira promoción da revista, ensináronme que soñar é tan necesario como respirar, que a vida é un tapiz que imos tecendo con anacos de soños. Eu mesmo son froito dun soño, o dunha muller que nunca deixou de crer na maxia das palabras, e o duns rapaces que creron na muller que cría que as palabras só teñen poder cando se cre nelas e se usan con agarimo. Conchiita e vós déstesme a consistencia que precisaba para ser real e dende aquela son. Por iso esta melancolía risoña. Son feliz ao ver que os vosos proxectos longamente soñados empezan a debuxarse con trazo grosso, das pinceladas fun testemuña e iso éncheme de fachenda. Sodes pintores da acuarela da vida e iso dilúe a miña tristura porque sei que sempre estaredes comigo en cada un dos moitos colaboradores que ano tras ano se achegan a min. Nesta época de intensa sequía precisamos máis ca nunca a humidade que enchoupa e dá vida, cómpre regarmos os eidos deste país non coa auga das bágoas que nunca fixeron río, pero si co arrouto que dan as palabras que saen do papel para ser libres e fieis a si mesmas.*

*Decía Castelao nun dos seus lenzos : Que pequeno é o home ! Contestaba eu: pero que grandes poden ser os seus soños ! Hoxe con catro anos cumpridos e co pouco pero intensamente vivido, confirmo a nosa insignificancia no universo coñecido pero manifesto que só aquel home capaz de crer nos universos imposibles pode chegar a ser significativo.*

*Alba, Olalla, Namibia, María, Cristina... son significativos por iso sei que mentres existades todos vós, este país poderá volver a ser un lugar onde as palabras son sementes que os habitantes defenden coa vida , porque saben que un país sen palabras é un país sen futuro. O fin.*

**Rañolas**

Canto me aledo de estar convosco unha vez máis! Eu tamén estou un pouco triste, igual que Rañolas, pero pode en min a ledicia da semente prendida pois tras Cristina e todos os demais, viñeron outros que continuaron aquel proxecto de esperanza que se plasma hoxe nesta revista. Gracias a vós, colaboradores, por seguir crendo que outro mundo é posible, que outro país pode ser construído dende a maxia das palabras da nosa lingua. Como ben dicía Rañolas, *un país ao que lle rouban as palabras é unha partitura sen notas, unha comedia sen risos, un teatro sen actores, unha terra sen raíces.* O reino da morte. Mais eu sei, igual ca el, que mentres esteades vós nada disto sucederá. Colocaredes as pezas para que o crebracabezas cobre vida e defenderéndelo coa lealdade do soldado. Paseniñamente as pezas irán encaixando no lugar que lles corresponde e elas, donas do seu destino, desempeñarán o seu papel imbuídas de azos. Como ben dicía Castelao: *"Un home que teña fe no ideal que propaga non debe resiñarse a morrer sen velo realizado, a non ser que morra en loita pol-o seu ideal"* Din que vivimos nunha época onde os ideais desapareceron substituídos por híbridos interesados, si, é posible, pero tamén é certo que en moitos de nós seguen existindo e dan sentido ao camiño da vida. Na procura de xustiza, igualdade, dignidade e respecto imos percorrendo o sendeiro do futuro porque sabemos que aínda que sexamos chuvia miúda, en tempos de extrema sequía, somos a última esperanza para evitar a desolación do deserto..

A aqueles que dixeron que se Don Quixote fose galego, non realizaría unha segunda saída, constestámoslles que non só as fixemos senón que seguiremos facéndoas coa mesma valentía e ilusión coas que el afrontou o seu destino.

Conchita Fernández Vázquez (A coordinadora)



# COLABORADOR@S



Leticia Varela



Mikel Bermejo



Alexandra Rguez.



Victória Álvarez



Ruth Valado



Daniel Casas



Alejandro Carrera



María Vázquez



Olalla Gómez



David Pacios



Mirian Novoa



Alba Álvarez



Miguel Pardo



Iria Muñiz



Emma Iglesias



Ester Martínez



Cristina García



Adrián Rego



Antía González



Elena Fernández



Sandra López



Nerea Figueiras



Laura Pérez




Alba Conde



María Abalo



Natalia Calvo



Ismael Velo



# COLABORADOR@S

Elisa I. Gerpe	Alba Alonso	Raquel González	Laura Pérez	Lorena Pérez
Estefanía Belmonte	Nerea Obregón	Alba Gallego	Antía Rodríguez	Antonio Moreda
Lidia Nogueiras	Raquel Feijoo	Judith D. Jácome	Lorena Fernández	Marta García
Paula de Santos	Almudena Ferro	Alba Blanco	Daniel Fernández	Cristina Eyré
Christian Vázquez	Alba Feijoo	Rafael Adalid	Sabela Álvarez	Beatriz Álvarez
Katherine Alonso	Denise Justo	Iria Ramos	Laura Vaqueiro	Sheila Oliveira
Alba Gallego	Ángel Rivera	Iago González	Natalia Gómez	Uxía Lameiras
Olaia Sobrado	Sara Álvarez	Diego de Francisco		

Edelmiro Vázquez	Roberto C. González	Trinidad Pérez	Conchita González
Antonia Caneiro	Conchita Fernández		
Moncho Casas			





## "Adolescentes"

Durante unhas semanas estivemos a facerlles unha serie de preguntas a mozos e mozas da nosa idade sobre diversos temas que nos preocupan como son: "A nova lei do bacharelato", "A pílula do día despois", "O botellón"... Aquí temos as súas respostas.

### Botellón:

¿Participaches algunha vez nun botellón?

Si, bastantes veces	57,53%
Si, algunha vez	21,92%
Non, nunca	20,55%

¿Que é? ¿Por que o fan? ¿Que leva ós adolescentes a facelo? ¿Que é o que os incita?

Segundo as estadísticas, uns 180.000 mozos xúntanse as fins de semana en lugares determinados das cidades españolas para, mesturado con licor e bebidas con burbullas, bolsas de patacas e tabaco, beber ata a euforia no mellor dos casos, ou ata o coma etílico no peor dos mesmos.

### Imitar

Alguns adolescentes beben alcohol por imitación do que ven na casa e na sociedade. Así pois, o mozo que dende pequeno aprendeu que nunha reunión social teñen cabida as copas, con moi alta probabilidade fará o mesmo no futuro.

Por outro lado, a sociedade alenta e reforza esta conduta. Publicítanse as bebidas alcohólicas nos medios de comunicación e asóciase ao éxito, ao atractivo persoal e outros valores. ¿Non é hipócrita, entón, que os adultos censuren un acto que eles mesmos realizan?

### Facerse maior

Outro grupo de mozos inxire alcohol empurrado polo grupo social ao que pertence, porque non sabe dicir "non" e busca ser aceptado polos demais. O alcohol e o tabaco forman parte de rituais de iniciación desta sociedade, que os adolescentes, desgraciada e equivocadamente, os relacionan con ser maior.

### Esquecer

Finalmente, existen adolescentes que se entregan á bebida porque teñen problemas emocionais e sociofamiliares, e cren que beber "fai esquecer os malos rolos". Estes mozos xúntanse para agarrar unha borracheira.

Beber alcohol resulta ó comezo pracenteiro, pero despois non tanto, acaban bebendo para evitar o malestar que provoca non facelo.

## Nova lei do bacharelato:

¿De que trata esta lei? ¿Que opinan os estudantes sobre ela? ¿Os alumnos están a favor ou en contra?

A partir de agora, os alumnos que suspendan catro materias ou menos poderán elixir entre repetir curso ou avanzar. O Real Decreto establece ademais que só se obterá o Título de Bacharelato se se completan todas as materias nun máximo de catro anos, o dobre do mínimo necesario. Trátase da principal e máis polémica novidade da reforma do regulamento do Bacharelato.

A idea que defende o Goberno con esta medida é flexibilizar o Bacharelato para tentar paliar a alta porcentaxe de abandono escolar tralo



remate do ensino obrigatorio. Tres de cada dez adolescentes deixan os estudos despois de rematar a ESO, unha das porcentaxes máis altas da Unión Europea. Con todo, para a oposición, esta posibilidade significa unha redución do nivel de esixencia que terminará por pasarlle factura á calidade do ensino. Un 70 % votaron en contra desta nova lei. Vexamos algunhas opinións:

A FAVOR	EN CONTRA
"O xusto é repetir as materias que se ten pendentes"	"Se ós que aproban todo lles custa sacar o curso, iimaxinade ós que suspenden!"
"Si nunha universidade podes avanzar de curso e matricularte só das que che quedan, ¿Por que no instituto non?"	"Mellor repetir que cargar con máis materias. Con esta lei, a xente estudará menos"
"En bacharelato xa se ten idade suficiente para elixir se perder un ano ou avanzar"	"Creo que alguén que pase con catro materias retrasará ó resto da clase"
"Estou a favor, porque se queres, podes adicarte máis ás materias que máis che custan, e non perder un ano"	"Mellor repetir; aprendes máis e podes subir a nota media"

## Pílula do día despois:

¿Que é? ¿Para que serve? ¿Onde pode conseguirse?

O director xeral de Asistencia Sanitaria de Galiza, Julio Villar Barreiro, sinalou que o Servizo Galego de Saúde (Sergas) decidiu dispensar a pílula anticonceptiva coñecida coma a "pílula do día despois" para reducir as interrupcións do embarazo así como prever os embarazos non desexados.

Villar apuntou, nunha comisión parlamentaria, que outros obxectivos desta iniciativa son a educación sanitaria, evitar desigualdades no acceso a esta prestación en función do poder adquisitivo e a potenciación do uso do preservativo e doutros métodos anticonceptivos.

Segundo o director xeral, o programa consiste en facilitar ás mulleres que tiveron un encontro sexual coital, sen protección anticonceptiva, un paquete de anticoncepción de urxencia constituído por unha pílula, un preservativo e información específica sobre o medicamento. Esta entrega realizarase gratuitamente nos centros de saúde de atención primaria, nos Puntos de Atención Continuada e nos centros de orientación familiar do Sergas.

Cómpre insistir en que a pílula do día despois non é un método anticonceptivo senón un sistema a usar só en circunstancias extraordinarias (rotura do preservativo, por exemplo). Sen embargo, en moitos casos os adolescentes manteñen relacións sexuais sen ningún tipo de protección para de seguido acudir aos centros sanitarios na procura da devandita pílula e evitar un posible embarazo. Ao noso modo de ver, sería precisa unha mellor educación sexual ademais dunha maior responsabilidade por parte dos mozos e mozas que evitaría situacións non desexadas como son os embarazos ou a transmisión de enfermidades ( rexistrouse un incremento da SIDA, Sífile, Hetapite ... nos últimos anos ).

Unha petición dos médicos é a de poder acceder á pílula do día despois sen receita, pois segundo eles isto frearía os abortos e embarazos non desexados.

Na nosa enquisa...un 90% das mulleres está a favor desta proposta.





A FAVOR	EN CONTRA
"Totalmente a favor! Se unha pílula evita que arruínes a túa vida, ¿Que máis se pode pedir?"	"Non me parece ben, porque moitos mozos farían tolerías e non pensarían nas infeccións"
"Paréceme ben, porque un descoido pódelle pasar a calquera"	"Creo que este problema se solucionaría de verdade se nos deran os preservativos gratis"
"Perfecto, sempre que a xente non a use como anticonceptivo"	"En contra, porque creo que a xente pasaría de protexerse"
"A favor, así evitaríamos o corte que pasamos ó falar co médico"	"Creo que falta educación sexual e non a usariamos ben"

*Elisa Isabel Gerpe Acosta  
Esther Martínez Fernández*

### ¿Que é a anorexia?



A anorexia consiste nun trastorno da conduta alimenticia, que supón unha perda de peso provocada polo propio enfermo, levándoo a un estado de inanición. A anorexia caracterízase polo temor a aumentar de peso, e por unha percepción distorsionada e delirante do propio enfermo que fai que se vexa gordo aínda cando o seu peso se atopa por debaixo do recomendado. Por este motivo inicia unha diminución progresiva do seu peso mediante o xaxún e a redución da inxesta de alimentos. Aínda que os anoréxicos empezan a excluír da súa dieta todos os alimentos con alto contido calórico, a maioría acaba cunha dieta moi restrinxida, limitada a uns poucos alimentos.

Normalmente comeza coa eliminación dos hidratos de carbono, xa que existe a falsa crenza de que engordan. A continuación, rexeitan as graxas, as proteínas e incluso os líquidos, chegando a casos de deshidratación extrema. A estas medidas drásticas pódenselle sumar outras condutas asociadas como a utilización de diuréticos, laxantes, purgas, vómitos provocados ou exceso de exercicio físico. As persoas afectadas poden perder dende un 15 a un 50 por cento, nos casos máis críticos, do seu peso corporal. Esta enfermidade soe ir asociada a alteracións psicolóxicas graves que provocan cambios de comportamento, de conduta emocional e unha estigmatización do corpo.



Na anorexia nerviosa pódense distinguir dous subtipos:

-Subtipo restritivo: a redución do peso conséguese mediante dietas ou exercicio físico intenso e o enfermo non recorre a sobreinxestas, atracóns ou purgas.

-Subtipo bulímico: o enfermo recorre ás purgas aínda que inxerira unha pequena cantidade de alimento.

### **As causas**

Os factores causantes da anorexia son unha combinación de elementos biolóxicos, psicolóxicos e sociais: a propia obesidade do enfermo, obesidade materna, morte ou enfermidade dun ser querido, separación dos pais, afastamento do fogar, accidentes ou sucesos traumáticos.

### **Os síntomas**

Os síntomas desta patoloxía caracterízanse por unha perda significativa de peso provocada polo enfermo e por unha percepción errónea do propio corpo. En consecuencia, os problemas endocrinos fanse evidentes nun espazo de tempo relativamente curto. Os principais síntomas que determinan a aparición desta enfermidade son os seguintes:

-Rexeitamento a manter o peso corporal por riba do mínimo adecuado á idade e á talla do enfermo.

-Medo ó aumento de peso ou á obesidade (incluso cando o peso se atopa por debaixo do recomendable).

-Percepción distorsionada do corpo, o seu peso e proporcións.

-Ausencia de 3 ciclos menstruais consecutivos nas mulleres (amenorrea).

-Estreñimento, dor abdominal, vómitos, etc.

-Preocupación excesiva pola composición calórica dos alimentos e pola súa preparación.

-Constante sensación de frío

-Utilización de trampas para evitar a comida.

-Só nos períodos máis avanzados da enfermidade chega a perderse o apetito.

-Intenso pracer ante a idea de atoparse delgado.

-Diminución notable da inxesta de líquidos.

-Condutas alimentarias estrañas, como cortar os alimentos en pequenos anacos, esmagalos, lavalos, escondelos ou tiralos.

-Diminución das horas de sono coa excusa de estudar.

-Maior irritabilidade.

-Uso de laxantes e diuréticos.

-Vómitos autoinducidos.

-Illamento social.

-Uso compulsivo da báscula.

-Medo ou pánico a subir de peso.

-Dificultade na concentración e aprendizaxe.

-Temor a perder o autocontrol.

-Afloramento de estados depresivos e obsesivos.



- Desinterese polas actividades lúdicas e ao aire libre.
- A pel deshidrátase, sécase e grétase.
- Perda do cabelo

### O Tratamento:

Os obxectivos globais do tratamento son a corrección da malnutrición e os trastornos psíquicos do paciente. En primeiro lugar inténtase acadar un rápido aumento de peso e a recuperación dos hábitos alimenticios, xa que poden implicar un maior risco de morte. Pero unha recuperación total do peso corporal non é un sinónimo de curación. A anorexia é unha enfermidade psiquiátrica e debe tratarse como tal. O tratamento debe basearse en tres aspectos:

- Detección precoz da enfermidade: coñecemento dos síntomas por parte dos médicos de atención primaria e dos protocolos que fixan os criterios que o médico debe observar.
- Coordinación entre os servizos sanitarios implicados: psiquiatría, endocrinoloxía e pediatría.
- Seguemento ambulatorio unha vez que o paciente sexa dado de alta, con visitas regulares. As hospitalizacións soen ser prolongadas, o que supón unha desconexión do entorno que pode perxudicar o desenvolvemento natural do adolescente. Por iso son aconsellables, sempre que se poida, os tratamentos ambulatorios.

O ingreso nun centro médico é necesario cando a desnutrición é moi grave e hai alteracións nos signos vitais, cando as relacións familiares son insostibles e é mellor illar ó paciente cando se agravan as desordes psíquicas.

O tratamento ambulatorio é eficaz cando se detecta de maneira precoz, cando non hai episodios de bulimia nin vómitos e existe un compromiso familiar de cooperación.

Desta maneira iníciase o tratamento coa realimentación, que en ocasións pode provocar molestias dixestivas, xa que o corpo non está acostumado a inxerir alimentos. Co tempo restablécese a situación biolóxica e volve a menstruación. Despois comeza o tratamento psicolóxico que intenta reestructurar as ideas racionais, eliminar a percepción errónea do corpo, mellorar a autoestima e desenrolar as habilidades sociais e comunicativas entre o enfermo e o seu entorno. A familia debe tomar parte de maneira activa no tratamento porque en ocasións o factor desencadeante da enfermidade atópase no seu seo e, ademais, a recuperación prolóngase inevitablemente no fogar.

A idade de inicio da anorexia sitúase na primeira adolescencia, en torno ós 12 anos, se ben a poboación máis afectada atópase entre os 14 e 18. É máis frecuente nas clases sociais media e media-alta. Nun 95 por cento dos casos a anorexia afecta a mulleres mozas, aínda que nos últimos anos produciuse un aumento nos homes, en mulleres adultas e en nenos. Existen colectivos máis propensos a sufrir estes trastornos, é o caso das ximnastas, bailarinas e modelos.



### TESTEMUÑO

Inclúo aquí o testemuño dunha persoa (prefire quedar no anonimato) que sofre anorexia e que quixo colaborar para



aportar así un pequeno grao de area e avisar @s adolescentes do perigo que sofren se entran nesta dinámica destructiva:

Chámome X e teño 18 anos. Considérome unha persoa intelixente, mona e feliz. Nunca pensei que isto me fose a ocorrer, ninguén pensa que lle vai tocar. Cando ves a tele, e cando sae nas noticias este problema, pensas: ¿Como puido chegar a ese extremo? ¿Que terán na cabeza? Até que un día tócache a ti. Eu estaba nun peso perfecto, nin gorda nin delgada, pero deúseme por pensar que me sobraaban uns quilos e decidín probar. Ó principio non foi nada doado, porque acostuada a comer, tiña que ter forza de vontade para comer menos ou pasar varios días nos que non probaba bocado. A miña familia non se deu de conta, porque sempre me queixaba de que me doía o ventre, de que a comida me sentara mal ou de que comera moito. Cando esto xa non servía de excusa, empecei a facer trampas: escondía a comida, facía que comía e tiraba a comida ó chan, escondíaa na servilleta... Grazas a deus nunca se me deu por vomitar, intenteino unha vez, pero ó non me saír, deixei. Cando a miña familia se decatou, eu xa estaba nun peso crítico: mido 1.70 e cheguei ós 47 quilos, perdín a ilusión por todo, por estudar, por saír cos amigos, por ligar cos mozos, por pórme guapa... a roupa tampouco me sentaba ben, e ademais perdera todo o cu que tiña e máis o peito; mirábame no espello, e, primeiro víame gorda e despois púñame a chorar porque non tiña nada do que presumir. O meu comportamento era insufrible, contestaba a todos mal, e tiña cambios de humor frecuentes, estaba feliz, choraba, obsesionábame cun tema... Ata que decidín aquí chegamos, recoñecín o meu problema e decidín pórme a tratamento. O primeiro paso é recoñecer que tes un problema, e despois deixarte axudar. Levo un

ano, pero pouco a pouco vou gañando a loita contra esta enfermidade que me tén como nunha gaiola, así que nen@s só vos digo que non vos obsesionedes co voso aspecto, que nestes anos o noso corpo cambia, estilízase e perdemos as formas redondas de cando eramos nenos. Non pensedes que as modelos son guapas e que son o canon estético, porque é mentira, os homes prefírenas con carne, aínda que sexa de máis, esas mulleres dan pena. Non sei se servirá de moito, pero polo menos espero que o pensedes unha vez antes de facelo.

*Cristina García Fernández*



## O SEXISMO

O dicionario da Real Academia define o sexismo como unha actitude discriminatoria fundada na pertenza a un ou outro sexo. O sexismo atópase presente en moitos aspectos da vida cotiá e estamos tan acostumbrados á súa presenza que non nos decatamos del: sexismo na publicidade, na ciencia, no fogar e ata nos xoguetes.

### O SEXISMO NA PUBLICIDADE

Consideramos sexista un anuncio cando trata de maneira estereotipada o labor de homes e mulleres, cando se alimenta dos tópicos que existen ó redor do xénero e cando degrada a calquera deles.

Referímonos sobre todo a cando na publicidade sempre aparecen relacionados o sexo dos personaxes cun determinado comportamentos; así, aparecen os homes cando se fala de ideas, de intelectualidade, pensamento... e aparecen as mulleres cando se fala do corpo, produtos de limpeza, beleza, moda...



Un exemplo moi claro de sexismo é este anuncio, xa que o simple feito de que nel apareza un home e unha muller permítenos establecer de forma sinxela o uso sexista que se fai da imaxe esteriotipada da muller.

Empregando a imaxe do home e da muller nos dous casos, evitaríase o contido sexista do anuncio.



Nestes recortes da sección de ofertas de traballo dun xornal ourensán, pódese observar unha distinción de sexo para realizar diferentes actividades.

Nos anuncios que seleccionamos pódese ver claramente un reparto laboral moi desigual segundo o sexo.



Debemos acadar unha imaxe positiva loitando por unha sociedade máis xusta, rompendo cos estereotipos.



## O SEXISMO NOS XOGUETES

Antes de comenzarmos a analizar se existe sexismo na publicidade dos xoguetes, debemos facernos unha pregunta: ¿ crea a publicidade ese sexismo ou pola contra a publicidade non fai máis ca recrear o sexismo existente na sociedade? Pode que a publicidade estea creando estereotipos de nenas e mulleres amas de casa, coquetas, etc. e nenos fortes que se dedican ós coches, á mecánica, ós deportes, etc. Quizais a publicidade está empregando unha realidade, sabe que ás nenas lles gustan as bonecas con vestidos rosas, e ós nenos, os coches de cor azul.

Os xogos e xoguetes son para os nenos unha forma de explorar o mundo real ó que se irán incorporando progresivamente. Son a base do comportamento que terán nun futuro e que moitas veces transmiten valores ligados ó modelo consumista da sociedade ( importancia da aparencia física, sexismo, agresividade...) Por exemplo, un anuncio de televisión dun xogo mostraba un neno rodeado doutros rapaces dirixindo unha reunión caracterizado como un executivo. Unha nena era a súa secretaria.

Hai quen propón obrigar ás nenas a xogar con xoguetes tradicionalmente considerados de nenos e viceversa. O importante é ofrecerlles novos modelos de relación entre xéneros.



En resumo, os xoguetes non representan a sociedade na que vivimos senón unha sociedade de hai 20 anos: a muller non se adica tan só aos labores domésticos como antigamente mais esas novas funcións non aparecen contempladas.

Se non queremos mercar xoguetes sexistas, temos que ter en conta os seguintes criterios:

1. Que con el poidan xogar nenos e nenas indistintamente.
2. Que evite os esteorotipos e non potencie a violencia.
3. Que facilite as relacións entre iguais e non a rivalidade.
4. Que potencie as relacións cooperativas (de axuda, e non de competencia)
5. Que estimule a curiosidade e a imaxinación.

De nós, depende.

*Alba Alonso Gayoso  
Raquel González Calvo  
Laura Pérez Conde*



## Por ti, Virtudes.

Porque só tiñas 33 anos e unha vida por vivir, unha vida que escolliches ti tras anos de humillacións, dor e aniquilación.

Durante anos el escolleu por ti, vestiu por ti, comeu por ti, opinou por ti, decidiu por ti, falou por ti, actuou por ti, pero nunca sentiu por ti. Así que, cansa xa de conxugar o verbo en 3º persoa, decidiches conxugalo en 1º e en presente: eu escollo, eu visto, eu como, eu opino, eu decido, eu falo, eu actuo, pero eu non sinto por ti.

Foi difícil Virtudes, ti só eras unha muller, ás veces, moitas veces, mesmo chegaches a dubidalo. Non eras ningunha heroína de banda deseñada ou desas series da tele ás que todo lles acaba indo ben. Non, non eras máis ca unha insignificante muller á que lle puxeron Virtudes, sen saber que durante moitos anos un home ruín e covarde acabaría matando co seu desprezo todas as virtudes que daban vida ao teu nome e que teus pais presentiran antes de naceres. El matounas Virtudes, e fíxoche crer que o teu nome era só unha equivocación, ti eras unha equivocación.


Pero sempre tiveches coraxe, por moito que el quixo convencerte do contrario. Xa o dicían os profesores cando ías ao instituto: "Es decidida, Virtudes, iso é bo, pero contrólaol".

Mais controlaches de máis ao pensar que sempre controlarías, sobre todo o amor, e el acabou controlando coa súa furia cada poro da túa pel, ata o aire que respirabas silenciosamente, sen facer a penas rúido para que el non se enfadase.

Pero aquel día, cando présa do medo te escondiches debaixo da mesa da cafetería para que el non te vise, cando a nena se acurrucou xunto a ti abrazándote co seu abriguiño, comprendiches que nunca, nunca máis consentirías estar debaixo da súa voz, das súas palabras, das súas mans, dos seus risos, del.

E por iso acabou contigo, porque o único adverbio que el toleraba era **debaixo** e ti borráchelo para sempre. E a medida que che atestaba as navalladas, intentaba marcar nos pregues da túa pel **por riba**, **encima**, pero cada unha desas palabras eran inmediatamente ocupadas por esoutras que, hoxe, eu, Conchita, trazo no papel para que nunca, nunca, ninguén máis volva facer o que a ti che fixeron, palabras como: **igualdade**, **dignidade**, **tolerancia**, **liberdade**, **respeto**, **Amor**.

*Conchita Fernández Vázquez*



23 de novembro: Día mundial da non violencia contra a muller.



## ALZHEIMER

O alzheimer é unha enfermidade descoñecida para moita xente. A persoa que a sofre experimenta uns cambios moi grandes que fan que a familia se volque dándolle cariño e preocupándose por ela en todo momento.

O alzheimer é unha enfermidade dexenerativa do cerebro que provoca unha diminución da súa masa. Aparece normalmente en persoas maiores de 65 anos sendo os máis propensos a padecela as persoas con síndrome de Down e os que teñen antecedentes familiares. Barállanse como posibles causas dende unha infección crónica ata unha intoxicación por algún metal como o aluminio.

### FASES DA ENFERMIDADE

A evolución da enfermidade divídese en tres fases. Na primeira, ao paciente fállalle a memoria, polo que pide axuda aos seus familiares ou anota todo para non esquecerse. Moitas veces ao non ter esta axuda, sofre angustia e pode chegar a deprimirse. Na segunda fase o paciente vai perdendo a memoria a curto prazo, esquecenselle cousas dun día para outro, pero sen embargo, acórdase perfectamente das cousas do pasado. Outro síntoma é que non atopan as palabras á hora de falar, polo que aumenta a súa ansiedade e chegan a ter cambios bruscos de humor e de personalidade. Na terceira fase encóntranse confundidos e desorientados, moitos teñen reflexos típicos dun recen-nado, descoidan a súa hixiene persoal e sofren incontinencia urinaria. Ao chegar a este punto, faise moi difícil o seu coidado polo que se produce o seu ingreso en residencias ou en lugares especializados.

### TRATAMENTO

Non hai un tratamento específico, aínda que hai algúns medicamentos que axudan a deter o avance da enfermidade para unha mellor vida do paciente. Outras cousas que axudan ao enfermo é o cariño e coidados que a este se lle proporcionen.

## ENTREVISTA

Imos presentarvos a uns pais que están coidando do seu fillo de 37 anos que padece alzheimer (os datos da entrevista foron sacados dunha reportaxe de XLsemanal do nº 975 do 2 ó 8 de Xullo do 2006.)

### -Como era a vida de seu fillo?

O noso fillo dirixía un equipo de informáticos, tiña muller e unha filla.

### -Como se deron conta da enfermidade que sufría?

Empezou perdendo a capacidade para andar co ordenador, ademais tivo tres accidentes seguidos co coche, polo que o levamos ó hospital onde lle realizaron unhas probas e dixéronnos o que padecía.

### -Que é o que fan por el?

Nós facemos case todo por el, aínda que intentamos que faga cousas pola súa conta para que non perda capacidades e así intentar ralentizar a evolución da enfermidade.

### -Como evolucionou a súa enfermidade?

Tivo una evolución rápida. Dun día para outro deixou de saber atar os cordóns, non saber calzarse, etc..

### -Cren que o seu fillo se enteira do que pasa o seu redor?

Cremos que o peor pasou, agora pensamos que non é consciente de nada do que pasa ó seu redor e aparentemente non mostra signos de sufrimento.

### -Reciben axudas?

Desde fai algún tempo o noso fillo vai a un polideportivo onde recibe unha terapia. Alí xoga ó baloncesto e ás veces mete algunha canastra. Con estas cousas consegue algúns avances (ter máis coordinación, etc.).

Con este artigo quero que reflexionedes sobre unha enfermidade tan grave como esta que, desgraciadamente, é cada vez máis frecuente na sociedade actual e que supón unha auténtica fractura familiar da que ningún de nós está libre no futuro.

Daniel Casas





## Que é o movemento scout ?

É un movemento educativo que a través do método scout traballa na educación integral da persoa, unha persoa que se compromete na transformación, a pequena escala, do mundo.

Naceu no 1907 grazas a Lord Robert Baden Powell. Hai actualmente 200 países con grupos scouts e uns 20 millóns de membros.

Este movemento presenta as seguintes características:

- Buscamos a formación da persoa, en continuo crecemento e consciente da herdanza que recibimos. Defendemos as ideas que nos permiten gozar da vida e ensinar a disfrutar dela.
- Estamos vencellados a procesos e tradicións culturais diversas: o noso patrimonio cultural debe ser coñecido para poder coidalo, ensinando a outros moitos a valorar o que nos é propio.
- Concebimos a sociedade como espazo do que formamos parte e que nós queremos transformar por un compromiso co lugar e coas xentes coas que vivimos: unha sociedade atenta aos repartos xustos dos bens entre os homes e os pobos.
- O noso entorno: Estamos ligados a el e queremos cambiar os malos hábitos que o danan mediante acción positivas.

Trabállase en catro pólas: lobecos (dende terceiro ata quinto de primaria), rangers (dende sexto ata segundo da E.S.O.), pioneiros (terceiro e cuarto da E.S.O.) e rotas (estudantes de bacharelato).

O símbolo que nos representa é a *pañola*, un anaco de tea azul e amarelo (no grupo Axouxere de Ourense) envolto dun xeito determinado e atado, as máis das veces, co nó da amizade . Un scout só pode levar a pañola despois de facer

un xuramento no que se compromete cos demais scouts, coa sociedade e co medio.

Non só imos de campamento e coñecemos o noso entorno máis cercano, como algúns poden pensar, senón que ao facelo, tentamos deixalo mellor de como o atopamos. Aparte destas obras, facemos proxectos que desenvolvemos ao longo dun ano buscando medios para levalos a cabo. Seleccionamos unha obra en cada póla sendo críticos e conscientes da realidade que nos rodea e buscando o xeito de mellorar algo, ben sexa o sorriso perdido dun neno no hospital ou a deforestación dun bosque calcinado polo lume. Preparamos minuciosamente o material ou os coñecementos que nos cómpren para cada obra. Por exemplo, cando fomos ao hospital cos nenos, aprendemos a facer globoflexia e preparamos un pequeno teatro, pola contra, cando fomos plantar árbores, aprendemos como facelo para que saíran adiante, todo isto con moito esforzo e sempre cos ánimos e a axuda dos nosos responsables.

Non tería moito mérito mercar os materiais cos cartos dos nosos pais, por iso facemos pequenos traballos para conseguir diñeiro que nos serve para financiar estes proxectos.

Os scouts son unha forma de poder coñecer xente da túa cidade ou doutras e pasalo ben, pero ao mesmo tempo é unha boa maneira de sentirte útil ao saber que podes facer algo polos demais ou pola natureza. Sós non podemos cambiar o mundo, mais podemos intentar que sexa un lugar mellor para que se poida disfrutar por moitos máis anos.

Máis información en [www.queroserscout.com](http://www.queroserscout.com)

Rut M<sup>a</sup> Valado Vidal



## Maltrato de animais: STOP

### • Maltrato de animais domésticos.

Para un can, gato ou calquera outro animal doméstico, o seu dono éo todo; ao seren eles precisamente os que os abandonan, os animais sofren un grande estado de ansiedade e frustración.

As formas de maltrato e as súas faltas son diversas pois hainas graves e leves. Entre as primeiras destacan o aforcamento de galgos por un mal ano de caza, cans mallados ata a morte, ... A maioría das veces os donos non son identificados de modo que non se lles pode aplicar unha pena acorde co delito cometido. As faltas leves están nunha mala alimentación e hixiene, falta de coidados médicos...

### • Declaración Universal dos Dereitos dos Animais.

Os animais, coma os seres humanos, teñen uns dereitos básicos, algúns son os seguintes:

#### Artigo 2º

- Todo animal ten dereito ao respecto.*
- O home, en tanto que especie animal, non pode atribuírse o dereito de exterminar a outros animais ou explotalos. Ten a obriga de pór os seus coñecementos ao servizo dos animais.*
- Todos os animais teñen dereito á atención, aos coidados e á protección do home.*

#### Artigo 3º

- Ningún animal será sometido a malos tratos nin a actos crueis.*
- Se é necesaria a morte dun animal, esta debe ser instantánea, indolora e non xeradora de angustia.*

#### Artigo 6º

- Todo aquel animal que o home escolleu como compañeiro ten dereito a que a*

*duración da súa vida sexa conforme á súa lonxevidade natural.*

- O abandono dun animal é un acto cruel e degradante.*

#### Artigo 10º

- Ningún animal debe ser explotado para diversión do home.*
- As exhibicións de animais e os espectáculos que se sirvan de animais son incompatibles coa dignidade dos mesmos.*

### • Progrape ( canceira de Ourense).

Nesta canceira, a única que hai en toda a provincia de Ourense, viven mil animais entre cans e gatos; ao ano adóptanse uns trescentos cans, quedando o resto ata que morren, xa que non son sacrificados aos quince días como adoitan facer noutros sitios.

Antes abandonaban aos animais en períodos vacacionais, ultimamente fano durante todo o ano, non só cans mestizos senón tamén de raza e con pedigrí. Ás veces rexéitanos tan só por ter enfermidades que cunhas simples vacinas e pomadas poden ser curadas, tal é o caso da sarna. A canceira tamén recolle a aqueles animais cuxos donos foron denunciados por mantelos atados durante todo o día, maltratalos, ...

Para adoptar un animal basta con elixilo e pagar corenta e cinco euros; antes de levalos son vacinados, desparasitados e ademais, se no prazo dun mes teñen algunha enfermidade, son atendidos gratuitamente polo veterinario do centro. Así que non é ningunha escusa pensar que son agresivos ou poden contaxiarnos algo.

### • Maltrato taurino.

Antes de entrar na area, o touro someteuse a un encerro ás escuras para que ao soltalo, a luz e os berros dos espectadores o aterren e trate de fuxir, o que produce a imaxe de que o touro é feroz, pero a condición natural do touro é



fuxir, non atacar. Tamén se lle recortan os cornos. Golpeáno nos testículos e nos riles., tamén lle provocan diarrea ao disolver sulfatos na auga. Todo isto fai que chegue feble ao rodo. Úntaselle graxa nos ollos para dificultar a súa visión e nas patas unha substancia que lle produce ardor e lle impide manterse quedo. Os cabalos dos picadores non teñen valor comercial, porque o animal morre en 3 ou 4 corridas, é habitual que o animal sufra quebraduras múltiples de costelas ou destripamentos.

O maltrato a animais é algo que non podemos permitir na sociedade na que vivimos, dá a impresión de que estamos adiantados nunhas cuestións pero nas máis básicas non; vai en aumento, deixámolo pasar e parece que non nos preocupa. Debemos ter máis conciencia á hora de mercar un animal e tamén denunciar, aínda que sexan persoas coñecidas as que maltratan ás súas mascotas.

*Lorena Pérez Armada  
Estefanía Belmonte Urtiaga*

#### FONTES.

<http://www.angelfire.com/pro/animales/maltratomascotas.html>

<http://groups.msn.com/animalesinhogar/tupginaweb20.msnw>

<http://www.enbuenasmanos.com/articulos/muestra.asp?art=1135>



## Un soño, Toulouse.

### Luns 21:

Sáímos de Ourense ás 21:30, todos emocionados, pois íamos a Toulouse a participar no Rallye Matemático internacional. Non acabábase de crelo, estábamos vivindo un soño. Todos nerviosos, agora tamén os de Vigo, encamiñámonos, coa bandeira galega no autobús, a catorce horas de dor de espalda e mal dormir.

### Martes 22:

A verdade é que esa noite pouco se durmiu... Pasamos a fronteira pola mañá e chegamos a Toulouse ás 11:00. Nunca vira saír á xente tan rápido dun autobús.

Máis tarde fomos visitar Toulouse, pasamos todo o día perdidos pola cidade. Se me preguntádes algo a resaltar da cidade, diríavos que as cores dos edificios, que estaban feitos todos de tixolo, pois por iso é coñecida Toulouse. Cousas que ver: a basílica, a catedral, a praza do Capitolio....

### Mércoles 23:

O segundo día en Francia. Puxemos dirección a Carcassonne. Penso que en xeral, foi o que máis nos gustou. Quizais pola fortificación, polo castelo, pola catedral... Alí había de todo, dende un museo da inquisición, ata unha casa encantada. Tamén onde comprar todo tipo de recordos, desde a típica postal ata a capa de Harry Potter.

Despois de xantar, fomos visitar Albi. Moito que ver aínda que vimos pouco. Alí foi onde nos demos conta de que os Franceses comparados con nós deben ter pouca vida social, pois as tendas, bares... pechan ás 18:30 (en Ourense a esta hora rematamos de durmir a sesta).

Xa non era un soño todo polo que loitamos, facíase realidade! Nesta foto atopámonos en Albi.



Os de arriba, de esquerda a dereita: Lucía, Patricia, Laura, Noe, Antía R., Paula M., M<sup>a</sup> Victoria e Nuria.

Os do medio: Noelia, Paula P., Angie, Pablo, Antía G., Sara e Elena.

Os de abaixo: Miriam e Álvaro



Fernando (o xefe de estudos) e Conchita (galego) en Albi.

### Xoves 24:

Foi o día de máis calor. Á mañá estivemos na Cidade do Espazo - pensar que, comparados co espazo, somos tan minúsculos! -



Á tarde fomos ver o Airbus, onde nos confiscaron cámaras, móbiles, todo co que puideramos capturar imaxes. Debían de pensar que lle íamos a roubar a idea!



#### Sábado 26:

E despois de chapurrear moi mal francés, voltamos para a nosa terra, que xa tiñamos morriña!

Despois de todas as cidades e vilas, os amigos, a xente, a comida....etc, o que máis vou botar en falta van ser os cantos cos que Fernando (o xefe) nos deleitaba.

Por certo, recordades o que sempre din as nosas avoas, que os galegos ata no inferno? Pois teñen razón, en Albi había un de Santiago de Compostela!

*Grazas a todos por esta fantástica viaxe e agardo que esta historia non remate nun só capítulo...*

#### Venres 25:

Último día en Toulouse. Ese día só se respiraban nervios, aínda que esa mañá pasámola tirados na herba do campus da cidade. Nervios de verdade respiráronse cando acabamos de xantar e xa nos tivemos que preparar para a proba. Que ía pasar? Non o podíamos saber. E aínda que no fondo imaxinabámolo, perder sempre doe. Pero aquel día fixemos o que viñéramos facer a Francia, aparte de campar ás nosas anchas por alí adiante!!! E estabamos orgullosos.

*Antía González Rodríguez*



## INTERCAMBIO 2007



### OS FRANCESES EN ESPAÑA.

O día 4 de febreiro unha pequena parte do alumnado de primeiro de bacharelato

estabamos a agardar con nerviosismo polos que serían os nosos compañeiros durante toda aquela semana. Estudantes que ocuparían un lugar na nosa casa, estudantes que á súa vez nos acollerían nas súas casas un par de meses despois e cos que posiblemente compartiríamos moitas experiencias inolvidables.

O primeiro momento foi sen dúbida o máis duro. O medo que existía á posibilidade de non levarse ben co francés ou francesa correspondente era algo que nos preocupaba a todos. Por outro lado, o medo a que non se sentisen a gusto con nós e coas nosas familias. A idea de ter que convivir con alguén que practicamente non coñeces, resulta difícil ao principio. Pero tamén é certo que un dos mellores momentos de todo o intercambio, polo menos na miña opinión, foi aquel no que chegaron os franceses e todos nos achegamos a recibilos e coñecelos en persoa. A pesar do medo e do nerviosismo, foi un momento emocionante e desde logo, algo para lembrar sempre.

Ó día seguinte, os franceses acompañáronnos ás clases. No centro ofrecéronnos unha comida a tódolos participantes do intercambio, o que resultou ser unha oportunidade excepcional para poder relacionarnos e ir collendo confianza. Pola tarde decidimos xuntarnos para ir dar unha volta por Ourense todos xuntos.

O resto dos días os franceses ían de excursión durante a maior parte do día, mentres nós acudiamos ao instituto de forma normal, evitando así a perda de clases. Visitaron diversos lugares como Allariz, A Coruña, Baiona,

Santa Tegra, Santiago e outros moitos sitios. Tamén adicaron un día a visitar a cidade e ata estiveron disfrutando dun baño na Chavasqueira. Despois desas excursións, ás tardes nós debíamos recollelos no instituto; e algún día, aproveitando que voltaran pronto, íamos a tomar algo todos xuntos.

Ó chegar á casa, case sempre nos agardaba un bo rato de charla; no meu caso, a miña correspondente explicábame o que fixera durante todo o día, ademais de contarme moitas outras cousas e falarme da súa familia, e por suposto, de Francia.

A verdade é que case todos estabamos moi contentos coa súa compañía e pouco a pouco fomos perdendo o medo e superando a timidez.

A semana transcorreu rapidamente. Chegou o venres, día no que os españois organizamos unha cea (con posterior festa) en honor dos nosos novos compañeiros. A pesar de que ao día seguinte debíamos despedirnos deles, todos disfrutamos moito daquela noite, unha ocasión perfecta para disfrutar tanto cos nosos amigos coma cos nosos correspondentes.

Ao día seguinte, ás 10 da noite, os franceses marchaban de novo cara a Francia; a despedida foi un momento duro e, sobre todo, triste. Moitos de nós collerámoslle xa un cariño especial a aqueles estranxeiros que sete días antes chegaran para iniciar un intercambio con nós; aqueles que, sendo uns completos descoñecidos, se converteran nun máis da familia ó longo daquela intensa semana. Sorprendente, pero certo.

Dende logo, considero que o intercambio foi unha experiencia moi especial, non só polo feito de coñecer máis a lingua e costumes da persoa que vén, senón tamén pola experiencia que vives con esa persoa, coa que podes chegar a compartir moi bos e bonitos momentos. Sen dúbida, eu considero que esta experiencia é algo que queda gravado no recordo toda a vida.

*Nerea Obregón Rodríguez*



## OS GALEGOS EN FRANCIA

Corría o mes de outubro cando a nosa profesora de francés nos informou da posibilidade de disfrutar dun intercambio cunha pequena vila de Francia. Intercambio? Francia? A verdade é que non soaba nada mal e maila non coñecer aínda aos meus compañeiros de viaxe, non dubidei en apuntarme. Informáronnos de que eles virían a Ourense a principios de febreiro e nós marcharíamos a terras francesas a finais de marzo. Uf! Marzo! Púxenme a contar e...seis meses! Aínda quedaban seis meses! Si, parecía moito tempo; pero os días, as semanas, os meses fóronse sucedendo e cando me decatei, os franceses xa nos visitaran e eu estaba en plenos exames da segunda avaliación.

Era quince de marzo. Eu tiña o meu último exame pero aínda non era consciente de que ao día seguinte comezaría unha das mellores experiencias da miña vida. Toda a tarde preparando a maleta: xerseys, chaquetas, paraugas, botas, diccionario de francés-castelán...Mmmm si! Estaba todo preparado!

Ó día seguinte, espertei cunha enerxía estraña. Revisei toda a equipaxe, comín e xa chegara a hora de marchar ó instituto para coller o autobús.

Eran as cinco menos cinco da tarde. Un sol radiante na nosa cidade e vinte e oito mozos cheos de incertidumes desexando marchar. Chegou a hora de partir, centos de "cóidate", "disfruta" e "bon voyage!" decoraron a nosa despedida.

O autobús estaba completo. Vinte e cinco eternas horas que se fixeron incrivelmente agradábeis, coñecendo a persoas doutras clases ou da túa mesma nas que xamais repararas e coas que a viaxe resultou ser deliciosa.

Cruzamos a fronteira de madrugada. Un anaco máis de traxecto e parada para almorzar

nunha área de servizo. Sen nada interesante que ver por alí, pero como xa era francesa, para nós xa era especial. Continuamos a viaxe e fixemos a seguinte parada en Rennes. Alí comemos todos xuntos, acompañados dun simpático home que, coa súa guitarra, non dubidou en cantarnos en castelán. Naquela vila moitos de nós probamos a nosa primeira "crêpe". O último traxecto comprendía a ruta Rennes - Morlaix. Moitos abatidos polo cansazo durmímon unha pequena sesta (a tradición do noso país non se podía perder), pero todos espertaron cando por fin enxergamos na estrada o cartel que nos indicaba o desvío para entrar a Morlaix.

Blanca e M<sup>a</sup> Xosé, a través do micrófono, informáronnos de que xa chegamos ao noso destino, e de que todas esas persoas que se agolpaban na parada do autobús, eran os nosos "correspondants" coas súas familias. Baixamos do autobús sendo incertidume e nervios, pero ó fondo puíden ver a cara da miña "correspondante" e da súa familia, que cun "Bienvenue Alba!" calmaron toda a miña revolución interna. A benvida foi moi especial, con cea entre franceses e galegos incluída, e malia que todos estábamos moi cansos, soportamos a noite grazas á ilusión.

A adaptación ós horarios e ó modo de vida de alí foi sinxelo grazas á axuda das familias. Cada día había moitísimas cousas novas por aprender e admirar. Os días pasaban a unha velocidade maior cá da luz.

Visitamos acantilados, "enclos paroissiaux", le Mont Saint-Michel, Sain Malo, Dinan, Quimper, Concarneau, la côte de granite rose...pero iso si, sempre acompañados pola chuvia, o vento e o frío, e ata as veces a neve! Si, estábamos en Francia, pero xa só o clima nos lembraba á nosa Galiza.

Chegou o venres, día de partir a París. Marchabamos a unha das cidades máis fermosas, pero non vos podeades imaxinar o que me custou dar ese bico de despedida. Si,



fixeramos a promesa de volver vernos, pero eu non quería marchar. Subimos ó autobús e as vinte e oito despedidas foron acompañados de apertas, bágoas e toneladas de lembranzas do sucedido aquí e acolá.

Durante a viaxe a París rimos e contamos anécdotas pero cando nos quixemos dar conta, aquela estrutura que se albiscaba entre a mesta néboa era a torre Eiffel! Si! Estabamos en París! Coas meniñas dos ollos escintilantes visitamos os Invalides e despois un mollado paseíño ata a torre Eiffel. Todo o mundo con cámara en man, todo o mundo inmortalizando unha das máis típicas estampas parisiñas coa torre como fondo de escenario. Mentres esperabamos para subir ao ascensor, creo que ninguén era consciente de onde estaba exactamente. Chegamos ó terceiro andar. París era noso! Cos dedos tremendo do frío, cada un de nós deixou alí o seu nome, constatando o noso paso por un dos lugares máis emblemáticos da cidade.

Ó día seguinte, día intenso na cidade da luz, visitamos o QuartierLatin, Nôtre-Dame, La Conciergie, Le Marais, les Champs Elysées e Montmartre. A este último chegamos despois dunha viaxe en autobús admirando a luminosa nocturnidade parisiña.

Domingo 25 de marzo, xa domingo???? Si, a nosa aventura estaba chegando á súa fin pero parecía non importarnos, aínda estabamos alí e tiñamos que disfrutalo. Mañá no museo do Louvre, con longos corredores decorados de emblemáticos cadros e tamén con encontros con grupos de galegos! Tarde de paseo por París. Como estrelas de cine fomos de compras á Place Vendôme e visitamos a Opera Garnier e a Madeleine. Fotografamos os monumentos e edificios máis importantes dende o bateau-mouche que navegaba o Sena e por último, despedida de París na marabillosa Place de la Concorde.

Rematou a nosa estancia en París. Quedaba o broche final co día en Disneyland. Disfrutando das atraccións e volvendo á nosa infancia ao ver

a todos os nosos heroes das películas. Un día de conto. E á noite...voltamos a Ourense. O cansazo venceu á maioría do autobús e todos durmimos placidamente.

Chegamos ó instituto contra ás seis da tarde do día 27. Viñamos cansos e con ganas de durmir e durmir, pero na nosa maleta de viaxeiro había deliciosas amizades construídas nesta viaxe, cariño, aprendizaxe e moitísimas lembranzas inesquecíveis.

Dende este pequeno recuncho que me ofrece a revista, quería recomendarvos a todos que aproveitades a oportunidade que vos brinda o instituto e que coñezades o que é un intercambio no voso propio corpo. Tamén quería darlles as grazas a Blanca, M<sup>a</sup> Xosé e Susana, malia esta última non nos poder acompañar, sabe que durante a viaxe sempre estivo alí, connosco, apoiándonos. E como non, agradecerlle a Alberto, Mikel, Natalia, María Carril, Bea Cuadros, Nuria, Cristina, Silvia Gómez, Iago, Miriam, Nerea, Miguel, Alba Rodríguez, Óscar, Laura, Carmen, Ariadna, Ismael, Manuel, María Vázquez, Alba Souto, Antía, Silvia, Noelia, Esther, Álex e Laura que me acompañaran nesta increíble viaxe e que me axudaran a decorar o álbum de recordos da miña vida.

*Alba Gallego*





## BRUXELAS 2007: VIAXE Ó CORAZÓN DE EUROPA

O día 19 de marzo, apenas uns minutos despois das catro e media da madrugada, os alumnos de 1º de bacharelato partiamos cara a Bruxelas, a capital europea, para vivir cinco días máxicos, cinco días de diversión, convivencia, aventura... Os nervios das semanas, dos días, das horas anteriores deixaban paso á ilusión do momento, ás ansias de comezar unha viaxe que todos e cada un de nós sabiamos que sería inolvidábel.

Din que todo o que ben comeza ben remata, e logo da comfortable viaxe en avión, as nosas primeiras horas en terras belgas non puideron ser máis entrañables, coa neve adornando a nosa parada no Centro Galego (onde fomos tratados como verdadeiros reis) para xantar, dando lugar a unha estampa realmente fermosa. Era un indicador da climatoloxía que nos agardaba durante toda a semana, pero posiblemente tamén o fose da maxia que contiña a nosa aventura. As visitas culturais (Instituto Cervantes, Parlamento Europeo, Atomium, visita guiada por Bruxelas, Gante, Amberes e Bruxas...) alternaron coas actividades de maior divertimento (parque acuático, visita ó museo do chocolate, ratos libres nas cidades visitadas...) e, nunha perfecta conxugación, deron como resultado unha magnífica oportunidade de coñecer algúns dos máis fermosos recunchos europeos, como Bruxas, a Venecia do Norte, ou algunhas das máis emblemáticas obras de arte, como os cadros de Rubens expostos na catedral de Amberes.

Todas estas actividades víronse completadas pola convivencia que durante eses días tivemos que levar a cabo, en moitos casos con xente coa que nunca antes faláramos ou tiveramos contacto. O enorme enriquecemento persoal que supuxo a viaxe constitúe un dos pilares fundamentais da mesma, pois durante apenas cinco días fomos capaces de establecer

relacións persoais que abriron as portas a novas amizades. O carácter cultural e didáctico da actividade reflectiuse non só no coñecemento do funcionamento das institucións europeas ou da historia de Flandes, senón que foi moito máis alá, amosándonos unha cultura diferente pese ás enormes semellanzas entre dous países europeos e desenrolados como son España e Bélxica, comezando pola propia gastronomía, feito que puidemos comprobar de primeira man en canto puxemos os pés no restaurante do hotel no que nos hospedamos. O carácter plural e global de Europa en xeral e Bélxica en particular supuxo un desafío á hora de establecer calquera tipo de comunicación, mostra incontestable da importancia do coñecemento de linguas estranxeiras. Non é preciso que ningún guía realice esta afirmación, abonda con vivir apenas uns minutos o ambiente dunha capital desenrolada, aberta ó mundo e pluricultural como é Bruxelas para darse conta desta situación.

As expectativas depositadas na viaxe quedaron enormemente cumpridas, esa é a impresión xeral da maioría dos participantes e a miña en particular, pois toda a ilusión depositada nunha viaxe irrepitible como esta foi devolta en forma de recordos realmente inesquecibles que nos acompañarán sempre, desde as nosas fotos co mítico Manneken Pis ou no interior do Parlamento ata as noites en vela nas habitacións falando de todo canto se nos ocorría naqueles intres de amizade desbordada e alegría común.

Trátase dun enorme éxito do instituto ó potenciar a saída ó estranxeiro dos alumnos e permitir que tódalas vantaxes e vivencias das que xa falamos cheguen ás nosas vidas como complemento de formación non só didáctica senón tamén persoal. Mención destacada merecen Paco, Belén e Julia, as tres persoas que durante cinco días coidaron de nós e viviron esta experiencia compartida, deixando incluso anécdotas do máis variado para o recordo. Sen a súa presenza, é obvio que a viaxe non se tería realizado. É por iso que desexo que as vindeiras xeracións poidan disfrutar desta experiencia,



cun comportamento cívico como o que demostramos, para poder vivir momentos de verdadeira emoción ó sentirse, por un intre, no centro de Europa, no corazón mesmo da Unión, disfrutando das mesmas sensacións e emocións que nós vivimos durante cinco días máxicos.



Alejandro Carrera López

## Xosé Luis Baltar

Co gallo da inauguración do *Paraninfo* trala súa restauración, e posto que estivo vencellado á provincia de Ourense como centro cultural e dependendo a súa administración da Deputación, ata que esta o cedeu nos setenta, pensamos que sería apropiado entrevistar ao seu presidente, Xosé Luis Baltar. E velaquí a enquisa!



A enquisa enfocámola cara a dúas bandas; a primeira de carácter persoal e a segunda sobre o acto de presentación do *Paraninfo*, que tivo lugar no noso instituto o 11 de febreiro.

**-Sabemos que vostede antes era profesor, como decidiu entrar no ámbito da política?**

Si, efectivamente, eu son profesor de E.X.B, aínda que me gusta máis a nomenclatura de mestre, dende 1961. Eu daba clases en Nogueira de Ramuín, e a situación do pobo na época era case precaria, así que estaba sempre protestando e protestando para intentar conseguir melloras, ata que un día o alcalde e o concelleiro decidiron que posto que protestaba tanto e tiña tanto interese, sería mellor que fose político.

**-Nun principio compaxinaba a política e o ensino?, como se lle daba?**

Si, eu compaxinei política e ensino ata 1990 porque só era alcalde e deputado provincial, pero cando fun escollido Presidente da Deputación, tiven que deixalo. Non o compaxinaba moi ben porque cada vez tiña menos tempo para adicarme á miña profesión de mestre.

**-Ecolleu ser mestre por vocación?**

Si, de feito a min gustábame moito a miña profesión e disfrutaba ensinando e dándolles clases aos cativos.



**-Por que se decantou pola política?**

Por necesidade, porque non había os suficientes medios e facía falta alguén que solucionase os problemas da xente.

**-Gustaríalle volver a dar clases?**

Si, por que non? Encantaríame volver a dar clases, de feito, eu nunca pensei en ser político. Fun o único de meu pobo que estudou e como fixen bacharelato, chamábanme "o bachiller". Gustábame a miña profesión e o da política xurdiu nun determinado momento, e despois prolongouse.

**-Comparado coas súas épocas de profesor, como lle parece que está agora o ensino?**

Pois vexo que hai unha clara diferenza, posto que antes había un forte respecto cara aos mestres, e dito respecto, hoxe, xa non se mantén.

**-Que resaltaría da súa carreira política?**

O apoio dos militantes do partido e da xente, xa dende os meus inicios na política no ano 1968, e este apoio foi, para min, fundamental.

**-Que consello lle daría vostede aos mozos que se queiran adicar á política?**

Pois que primeiro de participar no mundo da política que busquen outra cousa, outra profesión, algo que lles facilite unha saída por se as cousas non saen de todo ben.

**-Cando vostede era cativo, que pensaba ser de maior?, imaxinaba que chegaría ao seu actual posto?**

Pois eu de cativo, aínda que as miñas cualidades físicas non son axeitadas para esta profesión, quería ser militar. E a verdade nunca pensara en ser político nin en facer nada diso, porque eu coma xa dixemos antes, era mestre.

**-Respecto ao acto do luns no I.E.S. Otero Pedraio, gustoulle como quedou o Paraninfo trala restauración?**

Si, quedou moi ben e penso que deberíamos felicitar tanto á dirección coma ao claustro e á Concellería por todo o traballo levado a cabo e polo ben que quedou.

**-O Paraninfo pertenceu á deputación, como decidiu doalo?**

Ben, o edificio enteiro foi creado pola deputación, pero desde sempre tivo como uso o ensino. Sempre foi un instituto e durante moito tempo o único de Ourense, así que pensamos que debiamos doalo e que este era un requisito necesario para que levara a cabo a fin que sempre tivo; a de ser instituto de ensinanza.

**-Posto que o Paraninfo é un ben cultural a nivel galego, que foi núcleo vivo e verdadeiro de moitos ilustres galegos, pois aquí deixaron as súas pegadas os homes do Grupo Nós, e tamén foi berce de moitos alumnos que chegaron a ser incluso, máis ilustres ca os seus propios mestres coma Carlos Casares, Alfredo Conde, Xosé Ánxel Valente ou a actual Elena Espinosa; ten a deputación pensado seguir colaborando co seu desenvolvemento e proxección?**

Por suposto e sen dúbida, o Paraninfo sempre vai poder contar co apoio da Deputación.

**Por último, quere vostede engadir algo para a entrevista?**

Non, non é necesario, pareceume unha entrevista moi completa.

**-Moitas grazas señor Baltar pola súa amabilidade e por concedernos este anaco do seu tempo.**

*Antía González, Antía Rodríguez, Victoria Álvarez*



ENTREVISTA A FRANCISCO RODRÍGUEZ



(Alcalde de Ourense)

*Martes, 19 de febreiro de 2008. Son as nove e vinte da mañá e Francisco Rodríguez (Palmés, Ourense 1953) recíbenos no seu despacho do Concello de Ourense, amplo, luminoso, presidido por un gran cadro do Rei, que loce, alomenos, trinta anos máis novo. As bandeiras española, galega e ourensá son testemuñas da cordial entrevista. Francisco Rodríguez, con traxe escuro de pana, convicción nas súas respostas e un ton que invita a escoitar, responde ás cuestión plantexadas. Chegou á alcaldía no mes de xuño e, oito meses despois, sométese ó xuízo da revista 'Rañolas'.*

**— *Despois de doce anos de maioría absoluta da dereita en Ourense, encarnada na figura de Manuel Cabezas, o día 27 de maio [nas eleccións municipais] produciuse un cambio político e acadaron vostedes unha maioría de esquerdas. ¿Cal cre que foi o motor do cambio? ¿Por que os cidadáns pensaron que era preciso un cambio?***

— Eu empezaría referíndome a algo que é a esencia da democracia: a alternancia nos gobernos. O importante é que nun país como o noso se poidan producir este tipo de alternancias sen ningún tipo de dificultade, porque eso indica unha gran madurez democrática. Entrando nas razóns que motivaron de xeito máis concreto un cambio da maioría absoluta conservadora por unha maioría de progreso, eu creo que é consecuencia de que os cidadáns de Ourense detectaron que ó

Goberno do Partido Popular chegáralle a fin dunha etapa que, especialmente nos últimos catro anos, se caracterizou por unha xestión anómala e desmotivada onde os grandes problemas dos cidadáns de Ourense, dos cidadáns que viven nos barrios, dos servizos públicos... quedaron desatendidos e percibíase un evidente deterioro e por iso os cidadáns apostaron por un cambio.

**— *¿Cantos alcaldes ten Ourense?***

— *(Risas)* Vamos a ver... falabamos ó principio dos pactos. Eu creo que estamos vivindo unha nova cultura dende o punto de vista do Goberno municipal, da Xunta e do Estado onde teñen que convivir e facer gobernos distintas opcións políticas, e iso non sempre é sinxelo. Eu teño que facer unha afirmación: non son nacionalista, e polo tanto hai unhas certas diferenzas de concepto entre o PSOE e o BNG pero si hai unha gran coincidencia entre ambos, como partidos progresistas, en abordar os grandes problemas de Ourense. De feito, acabamos de aprobar uns ornamentos que reflecten unha aporta polos problemas da cidade: os barrios, a vivenda pública, os servizos de transporte... e aí maniféstanse estes criterios comúns. Dito isto, e respostando á pregunta: alcalde non hai máis que un, porque só pode haber un.

**— *Entrando a concretar algo máis nalgún tema, falemos dos mozos. Hai uns meses viaxou vostede a Santiago e reuniuse cos alcaldes das grandes cidades galegas para falar do botellón e acadar algún tipo de solución ó respecto. ¿Como se vai abordar dende o Concello de Ourense este tema? ¿Como se pretende atallar este consumo abusivo de alcohol por parte dos mozos?***

— Bueno, creo que temos que partir de que as rúas e as prazas pública son de todos e todos temos dereito a estar nelas. Pero temos tamén a obriga de ser respectuosos cos demais. Non se critica que un grupo de mozos poidan estar de madrugada tomando unha copa, sempre e cando eso non moleste ás persoas que viven no



entorno. Eu sei que a maioría dos mozos que fan botellón fano porque é un fenómeno actual, unha reunión social, e ademais fano con total naturalidade e tranquilidade, pero tamén coñezo a existencia doutras persoas que poden xerar mal ambiente ou aproveitar para romper contenedores e material urbano. O que hai que facer é buscar ese punto de entendemento que nos permita desfrutar intentando ser respectuosos, porque eu non son partidario de prohibicións.

— *¿E non cre que dende a Concellaría de Cultura se podería orientar e canalizar este consumo de alcol a través dalgún tipo de actividade que incentive a convivencia e o civismo?*

— Eu creo que calquera tipo de actividade disuasoria ou alternativa, aínda que poidan ter máis ou menos éxito, sempre se debe de poñer en marcha. Pero a educación é a base, a clave. Á xente hai que convencela dende as explicacións e as motivacións máis que dende a prohibición. É algo tan sinxelo como amosarlle á xente que hai moitas maneiras de divertirse, porque a min o que me preocupa como alcalde son eses actos vandálicos innecesarios.

— *Continuando co tema dos mozos... O outro día aparecía un destes sondeos preelectorais que estes días se están publicando e había un dato curioso: o grupo máis abstencionista, con máis tendencia a quedarse na casa, era o dos mozos de entre 18 e 24 anos. A política parece observarse ás veces como algo lonxano e alleo. ¿Non cre que tal vez teñan que facer vostedes algo ó respecto, dar un paso...?*

— Algo falla, algo falla. Cando eu tiña 18 anos non se podía votar, non tiñamos ese dereito, e parece que nos esquecemos demasiado cedo do que había antes. Pero estamos falando dun pasado recente, trinta anos non son nada. E algo debe fallar porque para quen de verdade debería ter interese a política é para os mozos, que teñen toda a vida por diante, que se

beneficiarán das medidas dos Gobernos, como poden ser as becas, a creación de postos de traballo... Non obstante, pola razón que sexa, a xente xoven ve a política como algo complexo, abstracto e lonxano. Perdéronse as ansias que viviu a miña xeración para acadar a liberdade e, repito, non é un pasado tan lonxano. Agora percíbese un maior pasotismo...

— *Semella coma se, unha vez acadada a liberdade, xa nada nos puidera mover de aí e hai un certo conformismo, ¿non?*

— Si, si. O que ocorre é que non somos conscientes de que para acadar esta liberdade, houbo outros que tiveron que dar a súa vida. Nadie nola regalou, houbo que loitar por ela. Pero, pensando en clave de futuro, é a xente xoven a que ten que dar ese paso, á que lle corresponde tomar o relevo dos políticos de hoxe e tentar buscar o mellor para os nosos intereses colectivos.

— *Noutra orde de cousas: ¿podo continuar bebendo a auga da billa, como levo facendo toda a miña vida?*

— *(Risas)* Si, si, con total garantía. Vamos a ver, aquí produciuse algo que ademais a min me preocupou moito e bueno, eu teño que confiar nas explicacións que se me deron, porque eu non son químico. A auga que chega ás nosas casas procede do embalse de Cachamuiña e do río Miño, seguindo sempre as limitacións que nos marca a lei para sacar auga dos dous sitios. Obviamente, nun ano tan seco coma este, de Cachamuiña non estabamos sacando nada ata as últimas choivas, que fixeron que se acumulase auga no embalse. A partir dese momento, sacamos auga mezclada, procedente dos dous sitios. ¿Que pasou? A auga extraída do embalse arrastrou a materia orgánica que se acumulara durante a sequía e, en contacto coas substancias potabilizadoras, provocou o mal olor e o mal sabor da auga que cegaba ás nosas casas. Pero dende o punto de vista da potabilidade hai total garantía.



— *Quedo máis tranquilo... O outro día cambiose o nome á rúa Capitán Eloy, comezou ese proceso de cambios nos nomes das rúas. ¿Realmente ese nome creaba tensión e crispación entre os cidadáns? ¿Era unha prioridade levar a cabo con tanta rapidez esa actuación?*

— Non, pero o que si hai que dicir é que todos estes cambios, que supoñen a eliminación de referencias a persoas vencelladas a outros tempos, é consecuencia da Lei da Memoria Histórica que aprobou o Parlamento español. Obviamente eu non percibía que xerase enfrontamento algún na cidadanía pero nós temos que cumprir a lei.

— *¿Poderei viaxar algún día a Madrid no AVE?*

— *(Risas)* Eu espero que si...

— *¿Cando?*

— Eu non son nadie para dicir cando, pero si teño a confianza de que se cumpra a afirmación pública que fixeron o Presidente da Xunta e o Presidente do Goberno de que o AVE chegará a Ourense no 2012. A min non me importaría un pequeno retraso, porque do que xa estou satisfeito é de que se producira un cambio na afectación urbana do trazado do AVE á súa chegada a Ourense, porque eu creo que as expectativas de futuro da cidade pasan por unha mellora das infraestruturas e o AVE aí xoga un papel determinante. Pero antes de que chegue, temos a obriga de traballar cos medios de que dispomos para que este sexa un lugar para visitar, para quedarse a vivir e para que os mozos non teñan que ir buscar traballo fóra.

— *¿Que tolera mellor Francisco Rodríguez: as broncas nos plenos ou os alumnos rebeldes?*

— *(Risas)* Son dúas cousas moi distintas. Os alumnos rebeldes a min, salvo excepcións, non me molestaban, porque a rebeldía é algo inherente á xuventude. Eu en máis de vinte anos

nunca tiveron ningún problema con ningún alumno e a min encántame a docencia, porque o feito de convivir con xente nova dáche vitalidade. ¿As broncas nos plenos? Eu creo que as diferenzas políticas teñen que manifestarse nos plenos, que son o órgano de representación dos cidadáns, e ademais aquí os plenos son bastante tranquilos, as diferenzas políticas non trascenden ó plano persoal.

— *¿Voltará entón vostede ás aulas cando remate a súa etapa política?*

— Si, si, esa é a miña ilusión. Ademais eu teño praza no IES Chamoso Lamas do Carballiño e eu creo que a política é algo temporal, non son partidario de estar demasiado tempo.

— *¿Haberá, polo tanto, autolimitación do mandato?*

— Si. Eu non me plantexo estar máis de dúas lexislaturas. A política esixe sacrificios persoais e familiares e non entendo como hai políticos que se aferran ó poder anos e anos... A política obriga a renunciar a moitas cousas e ademais, con tempo os vicios acumúlanse e medran e o que se precisa é ilusión e frescura, renovación cada certo tempo.

— *Francisco Rodríguez, alcalde de Ourense. Moitas grazas polo seu tempo e a súa amabilidade.*

— Encantado de colaborar con vós e recibirvos no Concello, que é a casa de tódolos ourensáns.

"O botellón é un fenómeno social que se pode levar a cabo con civismo, froito dunha educación adecuada"

"Confío no compromiso do Presidente do Goberno de que o AVE chegará a Ourense no 2012"

"Voltarei con ilusión ás aulas despois desta etapa, que non durará máis de oito anos"

*Alejandro Carrera López*



## MITOLOXÍA GREGA, ROMANA E EXIPCIA

É un mundo fabuloso e misterioso, habitado por seres fantásticos que encarnaban os medos e as esperanzas dos homes. Poderíase definir como a unión da relixión co folclore de moitas culturas do mundo antigo. As principais, e máis coñecidas, culturas antigas son: a grega ; que deu paso á romana; e a exipcia.

As variedades de mitoloxía están condicionadas polas crenzas dos pobos e a súa forma de querer expresar e coñecer os acontecementos naturais do seu redor. De seguido imos ver os principais deuses destas culturas que, pese a non coincidiren no tempo ,presentan enormes paralelismos mesmos cos doutras culturas máis afastadas aínda.

### Mitoloxía grega:

Esta mitoloxía intenta explicar os cambios da natureza; dando paso despois á filosofía do mundo antigo.

**Zeus:** Deus do raio. Deidade suprema e o máis poderoso dos doce deuses que vivían no Olimpo. Coñecido como *Odín* na mitoloxía nórdica, *Xúpiter*, na romana, e *Amón-Ra* na exipcia.

**Hera:** Esposa de Zeus, menospreciada polo feito de ser muller polo que nunca foi chamada "Raiña dos ceos" coma o seu marido. Coñecida como *Xuno*, esposa de Xúpiter na mitoloxía romana; e como *Frigga*, esposa de Odín, na nórdica.

**Atenea:** Deusa da sabedoría, patroa da vida e das artes cidadás, árbitro da victoria. Coñecida coma *Minerva* na mitoloxía romana.

**Afroditá:** Deusa da beleza e do amor; nai de Eros (Cupido romano). Coñecida como *Venus* na mitoloxía romana.

**Démeter:** Deusa da agricultura e da fertilidade, alcumada "A Gran Nai". Coñecida como *Ceres* na mitoloxía romana e *Ishtar* na babilónica.

**Poseidón:** Señor do mar, deus dos cabalos e dos terremotos.


Coñecido como *Neptuno* na mitoloxía romana e *Loki* na nórdica.



**Apolo:** Deus-Sol; deidade da luz, a profecía, a música, a medicina, a arte do arco e as actividades manuais. Coñecido como *Apolo* na mitoloxía romana, *Mitra* na persa e *Balder* na nórdica.

**Ares:** Deus da guerra, odiado por todos os demais deuses.

Coñecido como *Marte* na mitoloxía romana.



**Hefestos:** Deus do lume e da fragua. Forxou os raios de Zeus. Esposo de Afrodita.

Coñecido como *Vulcano* na mitoloxía romana, *Ptah* na exípcia, e *Zwerge* na nórdica.

**Hermes:** Mensaxeiro dos deuses. Patrón dos mercaderes , señor do comercio en xeral, dos camiños, os deportes e a boa sorte.

Coñecido como *Mercurio* na mitoloxía romana e *Tot* na exípcia.

**Artemisa:** A "virxe cazadora"; símbolo da pureza inalcanzable. Deusa da caza e dos bosques.

Coñecida como *Diana* na mitoloxía romana.

**Hestia:** Deusa do fogar e do lume que o alimenta; patroa das familias.

Coñecida como *Vesta* na mitoloxía romana.

**Hades:** Deus do inframundo e a escuridade que o envolve.



Coñecido como *Plutón* na mitoloxía romana; *Osiris* e *Anúbis* na exípcia, *Nergal* na babilónica e *Yama* na hindú.

**Perséfone:** Esposa de Hades e señora das rexións infernais.

Coñecida como *Proserpina* na mitoloxía romana; *Laz* na babilónica e, en parte, *Neftis* na exípcia.

**Cronos:** Deus do tempo; pai de Hestia, Hera, Démeter, Hades, Poseidón e Zeus.

Coñecido como *Saturno* na mitoloxía romana; *Khonsu* na exípcia e *Ymir* na nórdica.

**Helios:** Deus do Sol que todo o ve e todo o oe. Coñecido como *Sol* na mitoloxía romana e *Ra* na exípcia.

### **Mitoloxía exípcia:**

Esta mitoloxía está impregnada de política porque os faraóns eran os que proclamaban os deuses soberanos e os deuses menores. Isto pasa dependendo dos clans e das familias soberanas en cada unha das antigas dinastías. Os deuses soberanos máis representativos son: Ra, Osiris, Horus e Ammón-Ra.

**Ra:** Gran deus do Sol. Señor primeiro de tódolos deuses exípcios.

**Neftis:** Deusa nai coma súa irmá Isis; protectora dos mortos.

**Ammón-Ra:** Divindade suprema, creadora do Universo e da vida. Estaba casado con Mut, a deusa madre dos deuses e dos deuses e do mundo.



**Horus:** Deus da vida, da vontade, do día. Os seus ollos son o Sol e a Lúa. O deus da noite, Set, roboulle a Lúa e el vingouse. Logo entrevistou Tot, o deus da paz, e deulle o Sol a Horus e a Lúa a Set. É o fillo vingativo de Osiris.

Non ten correspondencia noutras mitoloxías.

### **Osiris e Isis:**

Deus dos mortos; é a figura principal da mitoloxía exípcia. Fillo de Ra e esposo de Isis. Ensinoulles ós exípcios as artes da



agricultura; a elaboración de pan, viño e cervexa; e tódalas artes e oficios. Inventou a escritura e, axudado por Isis, redactou as leis de Exipto.

Coñecido como *Hades* na mitoloxía grega; Isis ten semellanzas coa deusa Ishtar da mitoloxía mesopotámica.

**Tot:** Deus lunar; escriba de Osiris; inventor dos números, a xeometría, a aritmética e a astronomía.

Coñecido como *Hermes* na mitoloxía grega e *Mimir* na nórdica.

**Anubis:** Deus do embalsamamento, vasalo de Isis.



**Hátor y Sekhmet:** Ra ordenoulle a Hátor, a súa filla, a destrución da Humanidade. Era venerada como a deusa do amor e da beleza polos pobos exípcios. Na tarefa de destruír á Humanidade conta coa axuda da deusa Sekhmet, deusa do lume. Logo de descubrir a matanza, Ra deilles a orde de parar.

Hátor é coñecida como *Afrodita* na mitoloxía grega e como *Venus* na romana.

Antonio Moreda Moreda  
Lidia Nogueiras Miranda  
Judith Daniela Jácome Galván





**Título: "Unha Verdade Incómoda"**

**Dirección: Davis Guggenheim**

**Protagonista: Al Gore.**

**Duración: 1h 40 minutos.**

A película dirixida polo realizador Davis Guggenheim conta a historia da apaixonada entrega dun home decidido a dar a coñecer os mitos e ideas equivocadas acerca do quentamento global e os medios para a súa prevención. Este home é Al Gore, exvicepresidente dos Estados Unidos, que despois de perder as eleccións do 2000, decidiu cambiar de rumbo e adicarse a salvar o planeta.

Este conmovedor retrato de Al Gore e do seu "espectáculo itinerante de quentamento global", mostra a un home divertido, aberto e disposto a todo para facer chegar á maior cantidade de xente posible a sorprendente verdade acerca do que el chama "a emerxencia planetaria", antes de que sexa demasiado tarde.

O documental, ademais de expor claramente os feitos e de facer algunhas predicións, conta a historia persoal de Al Gore, dende o universitario idealista que comezou preocupándose da crise medioambiental a nivel mundial, pasando polo xoven senador que debeu enfrentarse a unha terrible traxedia familiar, ata o home que case chega a presidente pero que acaba regresando á súa primeira paixón, o medioambiente, convencido de que aínda podemos facer algo.

Algunhas das ideas expostas e que invitan á reflexión son as seguintes:

- 1.- A atmosfera: é tan delgada que ata podemos chegar a cambiar a súa composición.
- 2.- O clima: resultan evidentes todos os cambios sufridos no noso clima nos últimos tempos; cambios nas precipitacións, nas temperaturas mundiais, desaparición dos

glaciais, desconxelación dos polos ou multiplicación dos ciclóns.

3.- O nivel do mar: debido a todos os cambios sufridos nos últimos anos, habería que redebuxar os mapas do mundo xa que teñen moi pouco que ver cos do comezo.

4.- A deforestación: causada pola sobreexplotación que viven os bosques e montes do noso planeta e polo brutal consumo de papel, madeira, etc.

5.- Contaminación: a polución constante, a vasura estrada nas rúas, nos montes... existe unha degradación constante do medio no que vivimos.

6.- Accións tecnolóxicas sobre o planeta: referímonos a todas esas construcións innecesarias realizadas nos últimos tempos e á sobreexplotación dos terreos.

A proxección deste documental amosa a urxente necesidade de emprender un cambio real e dun compromiso co planeta no que vivimos. Se de verdade queremos que os nosos fillos reciban o legado que nos foi dado polos nosos antepasados, temos a obriga moral de facelo. Salvar o noso planeta é salvar o que nos fai ser homes e non bestas.

Al Gore recibiu o Premio Nóbel da Paz do 2007 en recoñecemento ao seu labor de concienciación da problemática medioambiental.

Lorena Fernández Gil  
Alexandra Rodríguez Riveiro





### Escurecemento global

O escurecemento global describe a redución gradual da cantidade de luz solar que alcanza a superficie terrestre dende os anos 50. A súa

orixe parece estar na actividade industrial, na combustión dos motores ou no uso de aerosoles, mesmo algúns científicos apuntan ás estelas de fume dos avións ademais doutros axentes naturais como son as cinzas dos incendios.

O proceso sería máis ou menos o seguinte: as nubes interceptan tanto a calor do sol coma a calor reflectada pola terra, sendo os seus efectos bastante complexos. Normalmente durante o día predomina a intercepción da luz solar, que produce un efecto de enfriamento, sen embargo, pola noite, a remisión da calor radiada polo planeta ralentiza a perda da calor retendo unha boa parte desta na baixa troposfera.

Así pois, ao diminuír a cantidade de luz, procesos naturais como a fotosíntese vense afectados, a chuvia redúcese e as reservas de auga doce corren un serio perigo.

Pero, ¿cando e como se descubriu este fenómeno aínda descoñecido para moitos de nós?

Foi descuberto dun xeito bastante casual en Israel por Gerald Stanhill ao que lle encomendaron medir a intensidade coa que incidían os raios do sol nese país co obxectivo de deseñar novos sistemas de regadío. Medir a radiación solar era fundamental para poder coñecer a cantidade de auga necesaria para as colleitas. Logo dun ano de estudos, deseñouse o novo sistema de regadío e púxose en práctica. Pasados 20 anos, o biólogo decidiu certificar a validez daqueles datos. Gerald sorprendeuse cos novos datos obtidos: a cantidade de luz solar era moi inferior á do pasado, ata un 22% menos de enerxía solar recibida, iso diminuíría a temperatura do país. Quedou abraiado.

Sen embargo, este descubrimento foi considerado froito dun erro e os científicos daquel entón ignoraron os datos facilitados polo biólogo. Mais tamén outros científicos descubriron o mesmo que Gerald noutros países.

Segundo informes meteorolóxicos, dende a década dos 50 á década dos 90, o nivel de enerxía solar que recibíamos descendeu un 9% na Antártica, un 10% en EE.UU, un 30% en Rusia... Era o escurecemento global.

Cos atentados do 11-S o espazo aéreo quedou pechado. Esta situación durou 3 días durante os cales a temperatura global baixou 1º C., un cambio climático radical.

Mais a pesar das supostas reducións de enerxía solar, a calor aumentaba, polo que parecíamos estar ante unha enorme contradición. Investigacións posteriores amosaron que non o era e que ambos fenómenos, quentamento global e escurecemento global, están moi relacionados. Chegados a este punto, un dos grandes obstáculos para pór en marcha solucións foi que había beneficios económicos na súa contra.

Algúns científicos cren que este fenómeno pode ser o causante dos cambios nos patróns climáticos e da falta de monzóns na África subsahariana durante as décadas dos 70 e 80. Outros consideran agora que os efectos do escurecemento global enmascararon os efectos do quentamento global, e que solucionar o escurecemento podería, polo mesmo, ter un impacto significativo e imprevisible nas temperaturas do nivel do mar.

O debate segue máis aberto ca nunca.

Marta García Fernández  
Nerea Figueiras Borrajo



## 4ª Semana da "Ciencia para todos"

(do 23 ao 27 de abril)

### Commemoración do tricentenario do nacemento de Leonhard Euler

*Breve escolma da vida e obra do xenial científico.*

#### Demostracións experimentais

A xogar coa presión  
As uvas pasas bailan na gasosa  
Contra o Alzheimer  
¿Maxia? ... Non, ciencia  
O trasno de Descartes

#### O ollo matemático

Exposición de fotografía matemática  
Realizada por alumnos do 1º ciclo de ESO  
Coordenados por Antonia Caneiro, Conchita González e Trinidad Pérez

#### Proxección de documentais científicos

"As cores do mar de Galicia" Dirección: Manuel Uhía (2006)

"Unha verdade incómoda" Baseada principalmente nunha exposición multimedia que Al Gore - ex vicepresidente de EE.UU., desenvolveu como parte dunha campaña de educación sobre o queentamento global.



#### Taller do Cubo de Rubik

non de 15°C. O problema non é, pois, a aparición dun novo efecto senón un **incremento** do xa existente.

#### COMO SE PRODUCE?

A actividade humana ten moito que ver neste cambio, xa que o queentamento da superficie terrestre parece deberse, principalmente, ó aumento da concentración de **gases** na atmosfera que **reteñen raios infravermellos** e que se **acumulan** debido á **actividade** do ser humano.

O **principal** responsable do efecto invernadoiro é o **vapor de auga**, que **absorbe** unha cantidade importante da **radiación infravermella** que é devolta ó espazo. Sen embargo, hai unha parte da radiación que se chama "**ventá atmosférica**", que é **devolta** ó **espazo** sen apenas **interferencias** e grazas á cal se eviita o excesivo queentamento da atmosfera.

Nos últimos anos fóronse acumulando unha serie de gases en pequenas concentracións que absorben intensamente o infravermello e tamén as ondas da "ventá atmosférica".

Pola súa cantidade, o gas máis importante é o **dióxido de carbono** que incrementou a súa presenza nun un 30% dende o ano 1750. O segundo gas en importancia é o **metano**, que ten unha concentración duascenas veces menor que o dióxido de carbono, pero que crece a unha taxa anual do 1%.

#### QUE EFECTOS PODE TER?

Especulouse moito sobre o efecto que tería un queentamento atmosférico. A maioría das previsións fanse con modelos nos que a cantidade de dióxido de carbono duplica á actual. Nesa situación todo apunta a un **incremento da temperatura media** e a un **cambio nas precipitacións**. As prediccións sobre as precipitacións son moi inseguras, pero todas coinciden en que diminuirán as precipitacións de pouca intensidade e aumentarán as máis intensas. Estas variacións

## O cambio climático

### QUE É?

Na actualidade, a superficie do planeta está nunha fase de **queentamento** que pode **modificar** o **clima** dunha forma importante. Isto, débese ó **aumento** do **efecto invernadoiro**, é dicir, á retención de raios que a Terra devolve ó espazo. Este efecto ten moita **relevancia** no desenvolvemento da vida, pois sen el, a temperatura media da Terra sería de -17°C e



poden afectar á **retención de auga** polo solo e á acentuación das **sequías**.

A **fusión dos xeos polares** e o respectivo **aumento do nivel do mar** é outro dos efectos do cambio climático que máis preocupa, xa que afectaría ás zonas costeiras, que é onde habitan dous quintos da poboación mundial.

As repercusións deste fenómeno acentuaranse no futuro, xa que aínda que o cambio climático é algo natural da Terra, antes os seus efectos podían asimilarse porque os ecosistemas emigraban; sen embargo, agora, o ser humano apropiouse de gran parte do solo, polo que os ecosistemas non teñen ningún lugar ó que emigrar.

### COMO SE PODE EVITAR?

Os esforzos para evitar a amplificación do efecto invernadoiro e o conseqüente cambio climático deben concentrarse na **redución das emisións dos gases** que o orixinan. Disto ocúpense organizacións como a **Comisión Intergubernamental**, un organismo pertencente á Organización das Nacións Unidas que trata de que non aumenten as emisións de gases nocivos e inténtao mediante unha **redución drástica** das mesmas. Esta organización puxo de manifesto que a temperatura media da Terra subirá entre **1.4 e 5.8 °C** ata o 2100. Este aumento provocará:

- **cambios no nivel do mar** (aumentará entre 0.09 e 0.88 m ata o 2100)
- **diminución da cuberta de xeo e neve** (dende 1960 diminuíu un 10%)



Enciclopedia Encarta, Steve Kaufman/Corbis

*Desxeo do Perito Moreno, Arxentina*

- **aumento da temperatura media dos océanos**

Tamén se asinan **protocolos**, como o de **Kyoto** ou o de **Montreal**.

Para o protocolo de **Kyoto** reuníronse representantes dos países que xuntos producían o 55 % das emisións. Nel, estableceuse que estes países deberían **reducir as súas emisións nun 5.2 %** para o 2012 con respecto a 1950. Este protocolo entrou en vigor no ano 2005.

Na década dos setenta, os científicos descubriron unha **pérdida periódica de ozono** nas capas superiores da atmosfera por riba da Antártica. Os estudos mostraron que uns produtos químicos que se usaban como **refrixerantes** e en **aerosoles**, estaban afectando á capa de ozono. Todo isto levou a que en 1987 varios países asinaran o Protocolo de **Montreal** co fin de intentar **reducir as substancias químicas que destrúen o ozono**.

É importante, polo tanto, controlar no posible as emisións de dióxido de carbono e metano, así como intentar deter a **deforestación** das zonas tropicais e levar a cabo **repopoacións** nas zonas tépedas.



Enciclopedia Encarta, Anne LaBastille/Bruce Coleman, Inc.






*Deforestación dun monte australiano para facer unha estrada.*

*Paula de Santos Muñoz*







## Que podo facer para aforrar enerxía?


Hoxe en día estase a falar moito do cambio climático, unha realidade que aínda que algúns queiran negar, xa é un feito. Con este pequeno artigo pretendo darche algúns pequenos consellos que che servirán para aportar o teu pequeno grao de area á conservación do medio ambiente, reducindo o teu consumo tanto de auga como de enerxía.

-  Apaga os aparellos eléctricos cando non os esteas empregando. Para que queres a televisión acendida cando estás chateando na Internet, escoitando o teu MP3 e respondendo ós sms dos teus colegas?
-  Debes desenchufar o cargador do teu móbil cando non o teñas a cargar. Xa sabes, debes cargalo noutro enchufe distinto dese que téis tan escondido debaixo da cama ou detrás da túa mesiña de noite, e ao que é tan difícil chegar.
-  Emprega o microondas, cando sexa posible, en vez do forno; aforrarás ata un 70% de enerxía. ¡Olló!, non empregues ningún deles para secar o gato!
-  Apaga as luces das habitacións nas que non te atopas, ademais a luz focalizada, esa que dan as pequenas lámpadas, aforra enerxía.
-  Lembra que cando te duchas, consumes catro veces menos auga ca cando te bañas. Ademais, podes mercar cabezais de ducha, que aforran a metade de auga. Así que xa sabes, nada de converter a túa bañeira nun "jacuzzi" caseiro.



-  Evita goteos das billas. O goteo dunha billa pode supoñer ata 100 litros de auga ó mes, e fortes dores de cabeza ós teus veciños co seu son, ping....., ping....., ping.....
-  Non é necesario quentar a auga por riba dos 35° C para darse unha ducha quente, ademais, é moi san empregar auga fría durante todo o ano, basta con ver ós nosos amigos os rusos bañándose nos ríos en inverno.
-  Os sistemas de dobre pulsador ou de descarga parcial das cisternas de inodoro aforran unha grande cantidade de auga.



-  Cando acendas a calefacción, ten en conta que a temperatura ideal no



inverno dentro das casas está entre os 19-21° C durante o día, e os 15-17° C durante a noite. Por cada grao de temperatura de máis, o consumo enerxético aumenta un 7%. Así que nada de andar en coiros pola casa no inverno.

♻️ Cando no inverno queiras airear unha habitación, son suficientes 10 minutos: non é necesario máis tempo para renovar o aire da habitación, ademais, as pelusiñas que hai debaixo da cama corren o risco de desaparecer.

♻️ Si queres instalar un equipo de aire acondicionado na túa vivenda, é importante que estea á sombra, xa que de non ser así, aumentará o seu consumo enerxético. Se instalas toldos nas fiestras e galerías, poderás reducir este consumo ata un 30%.

♻️ Pechar as persianas e correr as cortinas son dúas boas maneiras de evitar que a túa casa perda calor durante o inverno ou o gañe durante o verán. Ademais, se es dos que andan lixeiros de roupa, faralles un favor ós teus veciños máis escrupulosos.


♻️ No verán, unha diferenza de temperatura entre o interior dunha vivenda e o exterior por riba dos 12° C non é saudable.

♻️ No verán, ventila a túa casa durante as horas máis frescas, primeiras horas da mañá e durante a noite.

♻️ Non apagues os aparellos eléctricos co mando e os deixes en "standby", estarán consumindo ata un 30% máis.

♻️ A temperatura da neveira debe ser de 6° C e a do conxelador de -18° C, cada grao menos suporá un aumento de consumo dun 5 %.

♻️ Nunca introduzas alimentos quentes directamente no frigorífico, déixaos enfriar fóra.



♻️ Cando queiras desconxelar algo para consumilo ó día seguinte, faino na neveira, terás frío gratuito. Tamén o podes empregar como substituto dos cubiños de xeo cando prepares algunha bebida refrescante no verán, xa sabes, todo é cuestión de gustos, laranxada cun lixeiro toque de pescada conxelada, tinto de verán con aroma de lagostinos ...

♻️ Pinta as paredes de cores claras (as da túa casa), aproveitarás máis a luz natural que entre polas fiestras e portas.

Ben, espero que con estes pequenos consellos poidas converterte nun activista a prol da conservación deste insignificante planeta no que vivimos, e que para ben ou para mal, ten que durarnos polo menos, polo menos... ata.....



Roberto C. González





**Ann Alfaya** é a autora dun dos libros que tivemos que ler para lingua galega *A sombra descalza*. Tivemos a sorte de tela no instituto e agradounos, sobre todo, a súa cercanía e humildade. Así pois, aproveito para facer un resumo do que alí dixó e encher esta páxina coas impresións que ela me causou, que foron moitas .

Ann Alfaya (como é coñecida literariamente) naceu en Vigo, estudou Maxisterio e posteriormente criminoloxía e detective na Complutense de Madrid.

Cultiva distintos xéneros literarios, pero sobre todo gústalle escribir teatro (participa no Arento de Vigo) e narrativa; cabe destacar que neste campo recibiu o Premio Merlín pola súa obra "Sireno, sireno".

Decántase sobre todo pola literatura infantil e xuvenil na que recibiu diversos premios: no 2005 foille otorgado o "Lazarillo de Creación", a nivel estatal; no 2006 o premio "Xosé Neira Vilas", e recentemente, a novela da que veu falar "A sombra descalza" foi seleccionada xunto con outras dúas, para representarnos na Feria do Libro Infantil de Boloña.

É unha persoa que se aficionou dende pequena a escribir; creou numerosos poemas xunto con contos e relatos.

Xa convertida en adulta, nunca se plantexou escribir para conseguir recoñecemento, senón que respondía a unha necesidade persoal, coa que expresaba os seus sentimentos, e coa que se sentía ben, porque para ela era como estar

no "seu propio mundo", illada dos demais. Considérase unha escritora egoísta (do que non se arrepinte) porque afirma, que nunca pensa se a súa historia lle vai gustar ós lectores, ou se vai ter aceptación; só pensa en pasalo ben e en quedar satisfeita co seu traballo.

Admira que a xuventude de hoxe lea un libro ata o final, aínda que non lle guste (porque llo impoñan), porque é facer un esforzo tremendo, pero tampoco está moi preocupada se non temos moito hábito de lectura, e para o que entenderamos púxonos de exemplo a súa filla Tania. Conta que non era unha gran lectora (máis ben mediana), a súa nai sempre lle estaba dicindo que por que non lía este libro ou aqueloutro; ela respondíalle chamándoa pesada e que a deixara en paz. Un bo día, a filla arrimouse a unha estantería onde había libros para adultos e colleu un; a nai pensaba que non lle ía gustar ata que chegou a noite e ó pasar por diante da súa habitación, viuna "devorando" o libro. Gustoulle tanto o autor (Juan José Millás), que leu 7 libros máis que tiñan na casa, provocando con iso unha leticia moi grande na súa nai. Despois de narrar a anécdota pidiunos que levantáramos a man e que nomeásemos o título dun libro que nos gustara; quedou abraida do moito que liamos.

Entrando máis no tema, relatounos o por que da creación da novela "A sombra descalza" e como xurdiu. Ela soía acudir a unhas reunións onde mulleres maiores recordaban a súa xuventude e as súas historias; chamoulle a atención unha que dende pequena sempre observara a unha muller camiñar cos pés descalzos, e cando volvía a casa, despois de preguntarlles ós seus pais e avós sobre o porqué, e despois de recibir evasivas, deixouno pasar e olvidouse do tema, pero aínda seguía interesada en averigualo. Ann, movida pola curiosidade, ó chegar a súa casa, plantexouse que

se seguía investigando, pode que atopase unha resposta que non lle agradara, e que matase a súa curiosidade pero se discurría ela unha, quedaría máis contenta. É así o fixo.

Sempre tivo claro ambientalala no pasado, máis concretamente na posguerra; non podía ser urbana senón rural, e tiña que ser unha historia



pechada, porque todo proviña dun segredo, algo escuro que non se podía saber.

Despois de facernos abundantes aclaracións sobre o libro, concedeunos un tempo para facerlle preguntas. Velaquí algunhas:

P: Con cal personaxe te sentes máis identificada?

R: Con ningún e con todos ó mesmo tempo. Cando escribo, pretendo distanciarme de todos pero involucrarme con cada un deles. Pero eso si, ó que non soporto é a Bieito.

P: Reflexas a túa persoalidade nos personaxes?

R: Intento non involucrarme, de forma inconsciente pode que reflexe os meus defectos e desexos neles, pero se o fago non me dou conta, porque quero que cada personaxe sexa el, auténtico.

P: Canto tempo tardaches en rematar a novela?

R: Moi pouco, a verdade é que quedei abraiada polo pouco tempo que me levou, máis ou menos un mes, e que saibades que non son normalmente tan rápida; o estraño é que dende o principio tiña claro como ía ser o argumento e o desenrolo dos feitos. Normalmente, cando remato a novela léoa para corraxirille os erros, pero a esta non tiven que cambiarlle nada.

P: Que motivos te levaron a escribir sobre a posguerra?

R: Non estaba predeterminado, foi xurdindo pouco a pouco.

P: Os nomes dos personaxes ,como xurdiron?

R: Os nomes veñen a min (di rindo). Son nomes raros, tamén hai que pensar que era na posguerra e non lles vou chamar Jessica, Jennifer... Normalmente cando teño a inspiración dun nome non o cambio, son incapaz, pero unha vez chameille Elisa a un personaxe doutra novela e non me encaixaba; intentaba reempazalo pero non era capaz, ata que un día vendo unha película na miña casa, o actor chamou por unha muller de nome Cora, e fun correndo ó ordenador para cambiálo, e así quedou. E para o nome da muller en torno ao que xira a historia (Sagrario), estaba pensando na sombra e veume de repente.

P: Se estaba tan namorada de Rafael ,por que o matou?

R: Porque eu sonche unha autora "desjraciada"; tiña pensado un final moi forte, algo que a deixase soa, e o que se me ocorreu é que esa muller non tivese ningunha posibilidade de volver a velo, de volver a ser feliz. Gústame o dramatismo, e por iso o matei.

P: Por que matar a Xulián?

R: Amadora sufriu moito na súa vida, quería tanto ó seu home que nunca foi capaz de reprocharlle nada. Cando Xulián estaba moribundo íao facer, pero non puido e díxollo cando estaba morto porque eu necesitaba desafogarme, e pensei que ese era o momento oportuno, total, el xa ía morrer.

P: Por que Sagrario se deixa manipular por Amadora?

R: É unha alma en pena, Sagrario era adolescente, unha rapaza sen moitos ideais, e que se contentaba con nada. Ó pasar moito tempo na casa, seguramente Xulián fíxolle as beiras, e como naquel tempo a figura masculina era tan importante, parecíalle a ela que era cousa boa ser a súa amante, vamos, que era como un honor.

Con esta última pregunta rematou a charla; díxonos que se alguén quería que lle asinara o libro, que pasara por alí, e despediuse cunha frase breve: "Encantada de estar con vós". Dito esto marchamos para as nosas respectivas aulas. E nós volvemos encantados de haber coñecido cara a cara á autora dunha das novelas que máis nos impactou das que levamos lido. Tamén comprobamos dende preto o proceso creativo e como os escritores son xente "normal" que inventa historias que nos diverten e nos axudan a comprender as nosas propias historias.



Cristina García  
Fernández

Fotos  
Ismael Velo





## UN TÊTE À TÊTE CON ALFREDO CONDE


O día 17 de decembro, no salón de actos da Biblioteca Pública de Ourense, tivo lugar un encontro literario con Alfredo Conde (*Allariz, 1945*), autor, entre outras obras, de *Breixo* (Premio da Crítica de narrativa galega), *Xa vai o griffón no vento* (Premio da Crítica de narrativa galega), *Los otros días* (Premio Nadal) ou *Romasanta. Memorias incertas do home lobo* (levada ó cine). Nesta ocasión, o tema central da conferencia era a súa máis recente creación, *María das Batallas*. Tiven a oportunidade de realizar a presentación previa á intervención do autor, achegando ós asistentes as miñas impresións particulares acerca da obra, analizando polo miúdo algúns dos puntos máis chamativos e salientables. Para iso, foi necesaria unha lectura exhaustiva da obra, moito máis elaborada e traballada ca se se tratase dunha novela lida sen máis finalidade que a de coñecer a historia relatada. Esta vez a finalidade era outra: ser capaz de transmitir ós asistentes e ó propio autor unha visión crítica e detallada da obra, desmiuzar o contido da mesma. O que ó principio podía parecer unha tarefa complicada dada a miña inexperiencia ó respecto, rematou sendo unha brillante oportunidade para comprender a lectura doutro xeito, máis alá do divertimento, abrindo a mente, explorando polo miúdo e fuxindo da superficialidade coa que nalgunhas ocasións lemos.

Resultou unha experiencia enriquecedora e entretida. O acto levouse a cabo nun clima agradable, aínda que tal vez se botase en falta a asistencia de máis público, pero como me comentaba o propio Alfredo Conde intres antes de comezar, *"estas cousas aquí non atraen á xente, aínda nos queda moito para chegar ó nivel cultural doutros países"*. Aproveitou incluso para detallar como se levan a cabo este tipo de actos noutros países europeos. No caso de Alemaña, segundo dixo, échense teatros, a xente paga por entrar a ver a un home recitando diferentes capítulos da obra

presentada, aínda que o autor (como a el lle ocorreu nalgunha ocasión) sexa un auténtico descoñecido. Esta conversa previa amosoume a un Alfredo Conde desenfadado e agradable, o cal, en certo modo, contribuíu tamén a aliviar a tensión que podería supoñer o acto.

Ó remate do encontro literario, o autor asinou amablemente exemplares de *María das Batallas*, o que será un bo recordo desta experiencia cultural que me axudou a medrar e a gañar confianza e experiencia á hora de enfrontarme a un público.

Feita esta introdución, vouvos falar desta novela e daqueles aspectos que me pareceron máis interesantes. Espero que disfrutedes deles tanto coma disfrutei eu.



**María das batallas** (Alfredo Conde), ed. Galaxia, 306 páxinas

Trátase dunha novela histórica ambientada no asalto das tropas inglesas comandadas polo pirata Francis Drake á cidade da Coruña, no ano 1589, e relatada desde tres puntos de vista: o



do propio Francis Drake, en boca dun fiel acompañante, o de María Pita, a heroína coruñesa, narrado pola súa filla Francisca, e o da propia batalla librada na cidade da Coruña, na voz dun narrador omnisciente.

Estas tres voces narradoras aportan un gran dinamismo e unha maior credibilidade á historia narrada, ó tempo que serven para amosar interesantes rasgos das personalidades de María Pita e Francis Drake, os dous protagonistas centrais da novela e do propio acontecemento histórico. A terceira perspectiva, a do narrador omnisciente que nos achega á batalla desde o lugar mesmo no que se produce, a cidade da Coruña, axúdanos a facernos unha clara idea de como se desenvolveron os feitos desde a chegada dos ingleses e profunda en cuestións históricas tales como o abandono histórico sufrido por Galicia (reflectedo na imaxe do gobernador da cidade, despreocupado de canto acontece mentres morren centos de coruñeses), o poder exercido pola Igrexa nese momento, con alusións á Inquisición, ó imperialismo dos Austrias criticado pola súa nula preocupación máis alá dos sucesos que acontecesen en Castela, o determinante papel das mulleres, que defenderon a cidade só armadas con pedras e co seu odio, a estratificación social reflectida na distribución xeográfica da Coruña (había unha Cidade Alta e unha Cidade Baixa)...

Trátase pois, dunha novela que, ó tempo que recorda un feito histórico coñecido e case mitificado, achéganos dúas historias persoais entrelazadas que converten a *María das Batallas* en algo máis que unha simple lectura histórica, tal e como o propio autor se encarga de aclarar no prólogo da obra, pese ó laborioso proceso de investigación que pon de manifesto nese mesmo prólogo. Para aqueles ós que a Historia lles resulte pracenteira, seguramente atoparán nesta obra un agradable entretemento e de lectura sinxela.

*Alejandro Carrera López*

## RESEÑA CRÍTICA

Como xa ven sendo habitual, velaquí tes algúns dos libros que máis nos gustaron ao longo deste ano. Lembra que a selección facémola nós, rapaces que coma a ti lles gusta, ademais de moitas outras cousas, ler. Comparte connosco este pracer.

### “O neno do pixama a raias” John Boyne

*O neno do pixama a raias* é unha novela escrita por John Boyne que ocupa o número un nas listas dos libros máis vendidos, por diante de obras de escritores consolidados como Arturo Pérez-Reverte ou Isabel Allende. Un *best seller* mal etiquetado de literatura infantil xa que cautiva a lectores de tódalas idades. O ser un libro sinxelo á par que educativo colocouno coma lectura obrigada en moitos institutos, por exemplo onoso, pero para a maioría deixa de ser lectura obrigada para converterse nun deses libros que non se poden esquecer, coma no meu caso. En resumidas contas, estamos ante un libro que cada día que pasa acadada un éxito maior, o que fai que lanzen sobre el numerosos comentarios, coma a súa posible chegada á gran pantalla. Pero non sería a primeira película que fala do holocausto, hai outras coma *O último tren a Auchviz* ou *A lista de Schindler* que enfocan doutra maneira este tema.

A historia do libro, ambientada nos trágicos anos corenta, dende o infantil e inxenuo punto de vista do neno protagonista, Bruno, narra algunhas das atrocidades cometidas polos nazis nos campos de concentración, concretamente no de Auchviz.

Este libro demostra que a verdadeira amizade está por riba de todo, que entre os amig@s de verdade o único que importa é tentar axurdase mutuamente, cousa que lle sucede a Bruno e a Shmuel. O primeiro, fillo dun comandante alemán, non dubida en botarlle unha man ao segundo, un xudeo capturado polos nazis, cando este o necesita.

Todo comeza coa inesperada mudanza que aparta a Bruno do seu querido Berlín para levalo a Auchviz. Do seu novo fogar, o que máis lle chama a atención é o gran aramado que separa a



súa nova casa daquelas estrañas xentes que visten cun pixama a raias. O seu espírito de explorador e as súas ansias por descubrir a identidade daquelas persoas impúlsano a dar unha volta polos arredores do aramado, onde atopará a Shmuel, o seu novo mellor amigo.

Así, dun encontro casual, nace unha forte amizade. Os dous rapaces encóntranse fóra de lugar e con necesidades moi distintas, situación que os leva a falar das súas cousas. Bruno cóntalle o ben que o pasaba coa súa avoa e o moito que a estraña e Shmuel confésalle que el tamén sente moita morriña cando pensa no seu antigo fogar, nada parecido ao actual. A vida transcorre no campo de concentración ata que unha noticia desencadea o tráxico e inesperado desenlace do libro.

Esta triste, pero emocionante historia, leva consigo unha ensinanza, por mor desta e porque, persoalmente me pareceu impresionantemente entrañable, ánimovos a tod@s a lelo. Se me facedes caso, saberedes do que falo.

*Iria Muñiz Babarro*

## "Yo, Christiane F." Hijos de la droga

Kai Hermann

Esta é a historia dunha rapaza da nosa idade que tivo a mala sorte de nacer no lugar equivocado e coñecer á xente equivocada. Cántanos a traumática experiencia dunha adolescente que con tan só 13 anos comeza coas drogas e acaba entrando nun mundo do que é moi difícil saír. Christiane, a protagonista, chega a facer cousas impensables para unha moza da súa idade co único fin de conseguir cartos para continuar drogándose.

Non podo dicir que sexa un libro precioso, porque, a diferenza doutros, non nos fai rir nin soñar; senón todo o contrario, fainos pór no lugar desta moza e chegar a entendela, sufrir os seus problemas e vivir a súa historia.

*Alba Blanco Cid*

## Los pilares de la tierra (Ken Follett)

*Los pilares de la tierra* é una novela histórica ambientada na Inglaterra do século XII. Nesta obra mestra, as historias independentes dos diferentes personaxes vanse entretecendo, ata formar unha sociedade chea de amores, vinganzas, mortes, inxustizas e paixóns, que deixan a construción da catedral gótica de Kingsbridge (a verdadeira protagonista) nun segundo plano.

Este relato épico e romántico consegue intrigarte e engancharte dende as primeiras páxinas e é, sen dúbida, unha brillante reprodución da época medieval. Non podo deixar de recomendar este magnífico libro que, de seguro, non te deixará indiferente. Pensa que é o segundo libro máis lido despois da Biblia, por algo será.

*Almudena Ferro Calviño*

## Harry Potter e as Reliquias da Morte (Harry Potter and the Deathly Hallows)

A última parte da tan famosa saga de Harry Potter chega ao seu fin, non sen certa polémica provocada fundamentalmente polo final.

Libro no que non falta nin acción nin maxia, cun ritmo moi conseguido e bastante trepidante. É tamén a parte máis escura e na que máis mortes ocorren, tanto ao final coma ao comezo. Non todos son tan malos como parecen, e hai máis dunha sorpresa asegurada. O de "como" remata o libro deixou e deixará a moitos lectores anonadados e desexosos de que saia algún título máis.

Título imprescindible para todo aquel que lera os anteriores. Non ten ningunha perda posto que, a pesar de ser o libro máis agardado do ano para millóns de lectores, non defrauda en absoluto.

Hai pouco chegou ata min un rumor sobre a autora, Joanne Kathleen Rowling. Parece ser que escribirá algunha parte máis sobre Potter, rumor que, de sser certo, alegrará a moitísima xente en todo o mundo.

*Mikel Bermejo Isusi*



# O ollo matemático

Exposición de fotografía matemática 2007

## Círculos

Os sentidos deléitanse na perfección e beleza austera dos círculos




## Rectas



A nosa imaxinación flúe pola infinidade de rectas que nos rodean: secantes, paralelas e rectas que se cruzan, ... adornan o noso espazo infinito.

## Xeometría plana



" Que ninguén que careza de xeometría atravesese as miñas portas ".  
(Letreiro que estaba na entrada da escola de Platón)

## Ángulos



Velaí están os ángulos amosándonos a inclinación das cousas




## Números



Para os matemáticos 2 e 2 seguen sendo 4, a pesar do choriqueo do amateur polo 3 ou o pranto do alumno polo 5.

## Xeometría no espazo



"Deus sempre xeometriza"  
Kepl



Hélices e espirais



"Eadem mutata resurgo".  
(Arquímedes)



Selección dalgunhas das fotografías que formaron parte da "Exposición de fotografía matemática" (4ª Semana da "Ciencia para todos") elaborada por alumnos de 1º ciclo de ESO do curso 2006/2007, coordinados por Antonia Caneiro, Conchita González e Trinidad Pérez.



## CERTAME LITERARIO OTERO PEDRAYO 2007

Un ano máis celebramos o certame literario. A diferenza doutros anos, non se presentaron demasiados traballos e iso púxonos algo tristes. Coidamos que será algo pasaxeiro, unha crise coma tantas outras, un nubeiro que chora con forza pero escampa sen máis. En todo caso nós lemos os traballos coa mesma ilusión, co mesmo entusiasmo con que o facemos sempre. Por iso quero aproveitar estas liñas para agradecerlles aos membros do xurado a súa disponibilidad, o seu tempo, o seu cariño. Sempre que os convido aí están, nunca me din que non, e mira que ás veces están inzados de exames, traballos e outros asuntos! Tan só me piden un chisco de tempo, pero eu ben sei que apartan moitos outros menesteres para ler os vosos traballos e compartir os vosos soños e ilusións vertidos no papel. Eles son desinteresados. Xenerosos. Auténticos. E porque o son, quero que os coñezades para agradecérllelo.

A ti, Delmiro, Belén, Xosé Luís, Conchita (ciencias): Gracias

A vós, participantes: Gracias

Gracias por crer que a literatura é capaz de facernos mellores ao tecer con palabras historias que, como pezas dun quebracabezas, son as únicas que no mapa da vida acaban cobrando sentido.

E a todos aqueles alumnos e alumnas aos que, coma Ismael, obriguei a participar, perdón polo meu "talante autoritario" pero, ás veces, un empurrón é a única maneira de subir a escaleira que, de ser por nós, nunca subiríamos; cando só aquel que arrisca sabe que a vida non é máis ca iso, atreverse a subir escaleiras sen usar o ascensor.

### RELATOS GAÑADORES

Xénero	Nivel	Título	Autor
Relato	I	O sorriso da vida	Alba Álvarez
	III	Tempo de vida	Alejandro Carrera
	III	Sabía que eras ti	Ismael Velo

### O SORRISO DA VIDA

Moitas veces, cando miramos ao noso redor, observamos unha vida moi diferente da que soñamos cada noite ao pechar os ollos.

Cando espertamos polas manás, vemos unha sociedade chea de conflitos e traxedias, xente tan nova e non tan nova que desfai as súas vidas e as dos demais pois coas súas accións as persoas sofren e choran, pero... xamais nos paramos a pensar no que pode estar a pasar polas súas mentes, que lles pode ocorrer para facer o que fan.

Nós pensamos que un sorriso o cambia todo, é dicir; un simple xesto altera as nosas vidas e as fai mellores, pero non é así e diso podemos estar seguros.

Paseamos polas rúas, imos ao cine, ao teatro, ceamos nun restaurante,... e sempre nos atopamos con xente moi pero que moi inmadura, aínda que xa teñan unha certa idade, que pensa que as cousas se cambian cun simple sorriso na cara. Pero... como algo así nos pode pasar pola cabeza? Está claro que a



alegría axuda a facer menos grave un problema, mais non o resolve, Quen non sufriu algunha vez por algo ou por alguén? Quen non chorou? Quen non se sente triste en determinados momentos? Se a túa resposta é que nunca pasaches por estas situacións, deberías estudar o teu caso porque seguramente que o teu non é vida senón unha prisión constante, pechado nunha burbulla que che impide ver o exterior e só che permite escoitar a túa propia respiración.

Dende o punto de vista dunha rapaza de trece anos, simplemente estamos nun mundo cheo de persoas que non saben valorar as cousas, que pasan a vida consumindo en exceso en lugar de só pulsar un botón do mando do televisor para darse conta de que son uns privilexiados, pois moita xente doutros países, non moi afastados, morrerían por un simple anaco de pan, anaco que nós tiramos ao chan porque xa estamos fartos, porque xa comemos demasiado.

Os mozos e mozas coma min cremos que xa a vida nos dá moitas desgrazas e desgustos coma para andar drogándonos e bebendo. Moitos mozos o fan porque son uns inconscientes, incapaces de escoitar, de facer caso dos continuos avisos, estarán xordos?

Posiblemente, cando lean isto ríranse e dirán: "Vaia parvada, eu fago o que me peta, porque eu controlo". Pero...gustaríame que antes de dicir esto, pensasen primeiro no día de mañá. Está claro que non debemos vivir nin no pasado nin no futuro, pero nestes casos paga a pena. Só pido que o imaxinen por un intre, tirados polas rúas, enfermos, sen familia, sen nada... Así que nunca pensedes que un sorriso o cambia todo, porque o que realmente o cambia todo é a fermosa vida que temos.

NON A CAMBIES POLA DE NINGUÉN



Alba Álvarez

### Entrevista á autora:

O ano pasado a miña mellor amiga gañou o concurso literario que se celebra anualmente no instituto co texto anterior, e pareceume moi boa idea facerlle unha entrevista. Desta forma poderedes saber máis sobre as súas ideas e as súas opinións. Trata dun tema moi actual e persoalmente penso que a forma na que ela o expresou foi moi acertada. Por iso, ocorréuseme formularlle as seguintes preguntas:

#### 1 - ¿Como te decidiches a participar no concurso?

Foi unha decisión rápida e nese intre nin sequera pensara o que realmente ía facer, pero de todos modos estaba moi ilusionada co que decidira e por suposto, non me arrepentín de contestar cun "si" a aquela proposición.

#### 2 - ¿Por que se che ocorreu falar deste tema tan atípico?

Penso que é unha realidade da vida e o que eu quería, ou mellor dito, o que intentaba transmitir, eran os meus pensamentos que, a pesar da miña idade, eran maduros e realistas.



**3 - ¿A que te refires con que hai xente que quere cambiar todo cun sorriso?**

Refírome a que existen persoas que son moi inconscientes co que ocorre ao seu redor, é dicir, aínda que eu creo que un sorriso axuda moito, ás veces fai falla algo de madurez, ou o que eu chamo realismo.

**4 - ¿Coñeces algún caso en particular no que se reflexe todo o que abordas no texto?**

Si, e esas persoas foron a fonte da miña inspiración, aínda que o que desexaba non era facer unha crítica senón que cando o leran se sentisen identificados e así poder axudarlles.

**5 - Segundo a túa forma de pensar, a vida tráenos moitas desgrazas pero hai moita xente que non o cre, ¿que cres que se debería facer para cambiar a súa forma de pensar?**

Penso que non se pode facer nada, só precisan mirar ó seu redor.

**6 - ¿Cando comezaches a sentir o prazer de escribir?**

É algo que se vai descubrindo co paso dos anos. A verdade é que non podería marcar unha data, pero si sería quen de dicir que cada día sinto máis ganas de escribir porque nas letras, nas palabras, atopo o lugar da reflexión e dos pensamentos.

**7 - ¿Gustaríache adicarte profesionalmente a escribir?**

Non descarto esa posibilidade, aínda que hoxe a considero como unha actividade de tempo libre.

**8 - ¿Que pensas que é o máis importante que pretende un escritor?**

Ante todo motivar ao lector e divertirlo coas palabras.

**9 - ¿Por que elixiches o nome de Burbulla?**

Déronme varias ideas e elixín ese porque se trata dun nome orixinal e divertido.

**10 - ¿Volverás participar este ano no concurso? ¿Xa tes pensado o tema?**

Por suposto que volverei participar e penso facelo durante os anos que estea no instituto. Bueno, o tema aínda non o teño pensado, pero seguro que será algo que aparecerá calquera día de maneira espontánea.

*Paula de Santos Muñoz*





## TEMPO DE VIDA

Acendín un pito mentres agardaba pola copa que pedira. O barman era un rapaz novo, con pinta de universitario, que gañaba uns cartiños poñendo copas torpemente pola noite. Agardei un bo anaco ata que me serviu. O whisky mostrábase no vaso coma un inimigo feroz presto a lanzarse ó ataque en calquera intre. O médico díxerame que non bebese, que o fígado se ía resentir cedo se seguía con aquel ritmo. Por iso, cada copa que tomaba parecíame un pequeno acto de suicidio a longo prazo, sen dor, pero con moita carga de conciencia verténdose enriba miña cando recuperaba a sobriedade. Aquela noite non había demasiado ambiente naquel tugurio nos arrabaldes de Santiago. Descubrírao casualmente anos atrás, á volta dunha viaxe a Madrid. Unha tremenda treboada collérame xa na entrada da cidade, pero era tanta a forza con que chovía, que decidira parar no primeiro lugar que topase aberto. E resultou ser aquel antro con cheiro a vómito, as paredes empapeladas con fotos de tipas espidas e catro mesas mal postas, cun par de borrachos rifando en cada unha delas. Pedín unha copa, non recordo ben de que, e agardei a que amainara. Ó saír, comezou a gustarme o sitio, sentín que de novo o mundo me acollía, coma se estivera parado mentres eu agardaba alí metido a que deixase de chover. Tiven a sensación de que naquel local inmundo onde ninguén me coñecía pasara o rato máis agradable en moito tempo.

Pero aquela noite era distinta. Era xa un cliente vip deses no 'Estrela da Noite', que era como se chamaba o sitio, e cada vez que o pisaba non era para resgardarme da choiva senón para pillar unha boa cogorza e pasar a noite durmindo no coche. E aquela noite non ía ser diferente. Ía xa pola cuarta copa cando unha rapaza se achegou a min. Sentou a carón miña, nun dos taburetes que tiñan diante da barra, e logo de escrutar-me coa mirada durante un bo anaco, comezou a falar:

-Non deberías beber tanto, din que non é bo.

Agardei un intre antes de espetarlle unha mala contestación, pero temperei e botei un trago de whisky. Fixen coma se non escoitase nada, pero ela ben sabía que a oíra perfectamente e insistía no seu afán de entablar conversa comigo:

-Desculpa que sexa pesada, pero levo varios días véntote por aquí a estas horas e hoxe sentín curiosidade por coñecer ó meu cliente máis fiel, polo que vexo.

Supuxen que sería a dona do local, aínda que me sorprendía pola súa aparente xuventude. Era unha rapaza loura, co cabelo longo e algo rizado, non moi alta pero bastante fermosa e cunha voz doce que incluso naquel intre no que non desexaba máis que a compañía da miña habitual soidade, resultábame agradable e convidábame a deixar a copa na barra e virarme cara a ela. Agardei uns intres e logo do último grolo, púxenme en pé e díxenlle:

-¿Esto é teu?

-De meus pais, pero eu fágome cargo desde hai un certo tempo, e polo que vexo ti parecees querer axudarme a manter o negocio- sorriu cunha facilidade engaiolante.- Levo varios días véndote por aquí a estas horas. Pensei que quizais che gustaría falar con alguén.

-¿Cres que veño aquí en busca de conversa?- A miña resposta foi brusca. Permanecín en silencio uns segundos, e cando fun consciente de que metera a zoca ata o fondo, díxenlle:



-Pero falar cunha moza fermosa e simpática nunca está de máis...- Polo sorriso que se lle debuxou no rostro, souben que compensara a metedura de pata e, tras pousar a copa na barra, mirei o reloxo e díxenlle:

-Fáiseme algo tarde. Teño que ir marchando.- Eran as dúas e media. Aquel antro estaba naquel momento no punto de máxima efervescencia da noite, pero ó día seguinte agardámame unha dura xornada de traballo.

-Espero que mañá volvas por aquí, quen sabe se nos facemos amigos e todo.- Despediume cun sorriso, sentada no taburete e seguíndome coa mirada, seguramente esquivando o fume que envolvía o local para poder verme saír pola porta.

Saín decidido a meterme no coche, arrincar cara a miña casa e durmir unhas cantas horas antes de entrar na fábrica na que traballaba como garda de seguridade desde que meu irmán me metera alí logo da miña expulsión da Policía Nacional, dous anos atrás. Atopei sitio onde aparcar xusto diante do meu apartamento de solteiro, un pequeno pero acolledor piso no que vivía desde que Sara collera o andante e me deixara. Boteime por riba da cama sen mudar de roupa e quedei durmido no que se tarda en pechar os ollos. Espertei pola mañá co espertador recordándome que tiña que cumprir coas miñas obrigas un día máis e avisándome de que o alcohol que puidese quedar no meu sangue tiña que desaparecer. Comezaba un día novo pero igual ó anterior. A monotonía diaria botábase de novo enriba miña lembrándome as miñas penas e desgrazas. Pasei a mañá paseando pola explanada na que os xefazos deixaban os coches, botando unha ollada para que non llos roubasen e fumando un pito de cando en vez para compensar o aburrimiento que me producía aquela tarefa. Non recordo as veces que me caguei no meu irmán por meterme naquel choio que detestaba, pero as cousas cambiaran tanto nos últimos tempos que inda lle tiña que estar agradecido despois de todo o que acontecera. Como consecuencia dunha serie de circunstancias, chegara á conclusión de que a miña vida non merecía demasiado a pena e, pouco a pouco, estaba afundíndome nunha especie de pozo sen fondo do que era consciente que non sairía polo meu propio pé. Chegou a noitiña e, como cada día, sentín a necesidade de sentarme diante da barra dun bar para matar as horas e, de paso, matarme eu. Cando cheguei á 'Estrela da noite', a rapaza da noite anterior agardaba xa detrás da barra, coa mirada centrada na porta. Decateime de que estaba agardando por min. En canto entrei pola porta, saíu da barra e achegouse a min coma se me coñecese de toda a vida. Sorprendinme da súa fermosura e deime conta de que probablemente o meu estado a noite anterior me impedira ver como era ela realmente. De estatura media, loura, con pouco máis de trinta anos, destacaba con luz propia dentro daquel escuro antro.

-Boas noites- saudoume- sabía que virías.

-Eu nunca falto a unha cita- respondinlle mentres camiñaba cara á barra.

-Non recordo que tiveramos unha cita formal- dixo sorrindo, ó tempo que camiñaba a carón miña.

-E non tiñamos. En realidade só a teño eu, con esa copa que este mozo me vai poñer.- O mozo ó que me refería era o presunto universitario que me atendía noite tras noite e que sabía de sobra o que me tiña que botar no vaso. Supoño que a ela non lle gustou moito a contestación, pois miroume primeiro con sorpresa e logo con desdén antes de marchar cara ao almacén, tras dunha porta ó lado dos servizos. Non tiña ganas ningunhas de facerme amigo de ninguén, e menos dunha moza á que coñecera nun tugurio como aquel, pero por outra parte sentíame culpable por como a trataba. Non sabía nada dela, pero o



feito de que se preocupase por min xa resultaba o suficientemente convincente para darlle unha oportunidade de falar-me, de dar-me conversa naquelas longas e escuras noites de soidade. Botei un trago e dirixin-me cara á porta pola que marchara. Abrín con sixilo e descubrina remexendo nunhas caixas de bebidas. Era, efectivamente, o almacén, e supuxen que estaría ordenando os últimos pedidos que recibira. Achegueime a ela e díxenlle nun ton moito máis conciliador que o duns minutos antes:

-¿Bótoche unha man? Parece que pesan...

Virou a cabeza e pousou a caixa que tiña nas mans. Continuou movendo cousas e, con indiferenza, respondeume:

-Seica a cita coa copa foi curta.

-Deixeina por ti, prefiro a túa compañía.

Achegouse a min e convidou-me a sentar nunha cadeira que tiña apoiada contra unha parede, preto dun escritorio no que seguramente levaba a contabilidade do negocio, a xulgar polas calculadoras e follas con operacións e facturas que descansaban sobre el. Aceptei gustoso. Sentín-me a gusto naquel cuarto sen ventilación, con pouca iluminación pero impregnado dun cheiro a perfume caro bastante agradable. Agardei a que ela comezara a falar, e logo duns momentos dubitativos, decidiu tomar a iniciativa daquela conversa. Pregunto-me como me chamaba, onde vivía, a idade... cousas típicas sen moito contido. Comezaba a sentir mono de alcohol cando, para sorpresa miña, abriu un dos caixóns do escritorio e sacou unha botella de ron con dous vasos. Servíume unha boa copa.

-Supoño que terás sede, polo que vexo cada noite.

-Supós ben. ¿Ti non bebes?

Moviu a cabeza en sinal de negación. Logo explicou-me que o deixara cando as borracheiras eran case diarias, vendo que ía por mal camiño. Ó parecer, seu pai enfermara tempo atrás e ela tivérase que facer cargo do negocio. Polo día traballaba nunha compañía de seguros como secretaria, e de noite miraba que aquel antro funcionara debidamente. Estaba xa farta de aturar, noite tras noite, as groserías dos catro borrachuzos de turno, e por eso se fixara en min, porque eu lle resultaba diferente, un tipo calado, tranquilo, triste, que bebía pero non se metía con ninguén. En poucas palabras, sentía compaixón de min. Tocábame a min comezar coa miña vida, coas miñas penas, coas miñas razóns para buscar acubillo naquel burato cada noite. Ía xa pola cuarta copa e sentín que a miña capacidade para falar aumentaba considerablemente como consecuencia do alcohol que inxerira.

-Este sitio é o único lugar do mundo onde me atopo a gusto. Veño cada noite, séntome sempre no mesmo sitio e bebo sempre o mesmo. É a miña maneira de continuar coa monotonía da miña vida sen que esta me leve por diante. Desde que a miña moza me deixou, hai algo máis de dous anos, nada é igual. Volveuse todo unha merda. Levántome cada mañá preguntándome quen carallo se preocuparía por min se non espertase. Levabamos xuntos catro anos, os catro anos máis felices da miña vida. Coñecina nunha festa, por mediación dun compañeiro da Policía Nacional, e pronto conxeniamos. Ela era preciosa, para min a muller perfecta e ela tamén debeu pensar o mesmo de min porque en dous meses fomos vivir xuntos. Eramos novos e parece unha tolería, pero, en contra do que nalgún momento eu cheguei a pensar, non saíu tan mal. Rematou porque tiña que rematar, sen máis. Durante eses anos eu deixei-no todo inconscientemente, todo aquilo que me gustaba, que me facía feliz, todo eso compensábo a súa



presenza, só tiña ollos e tempo para ela. As viaxes, as festas, as escapadas ó campo... era todo perfecto. Pero un día, sen previo aviso, dixo que marchaba, que necesitaba un respiro na súa vida. Estabamos ben, ela traballaba nunha perruquería, eu acomodado na Policía... Dixo que eu era un tipo imposible, que non podía deixar de escalar na súa vida con trinta anos... E marchou. Imaxínate como quedei eu. Paseino fatal os primeiros días, estiven a piques de pegarme un tiro do mal que me puxen, pero saín daquel estado depresivo e, cando estaba volvendo á miña vida anterior, cos amigos, coas diversións esquecidas, toda a tensión acumulada fóiseme nun tiro que lle metín a un rapaz que estaba roubando un paquete de pipas nun chiringo diante do campo de fútbol de San Lázaro. Algúns compañeiros intentaron encubrirme, pero a investigación determinou que non tiña motivos para disparar e que o meu estado mental non me permitía manexar armas. Expulsáronme do corpo e caín aínda máis abaixo, afundínme un pouco máis. Comecei a pensar de novo que nada desto merecía a pena e, un día, de volta dunhas xornadas sobre automóviles en Madrid, descubrí este lugar. Desde aquel día veño cada noite desafogar todo o que podo na barra, observando, en cada copa que bebo, no fondo de cada unha delas, a faciana de Sara, anoxada, despedíndose de min... E hoxe estou neste cuarto, contándolle as miñas desgrazas a unha auténtica descoñecida pero sentíndome ben, feliz de que alguén me escoite.- Rematara un soliloquio que seguramente deixara bastante claro a Sofía, que así se chamaba, a miña situación. Durante uns segundos que se fixeron eternos, os dous gardamos un ruidoso silencio que penetraba nos meus oídos e me asustaba, pensando que quizais ela collera medo, se asustara de estar escoitando a un maníaco depresivo ou algo así. Logo deses interminables segundos, púxose en pé, achegouse a min, colleume da man e cunha voz doce, falou ó meu oído:

-Déixame que te axude.

Aquelas palabras soaron a gloria. Erguinme sen saber moi ben que facer pero sabendo perfectamente o que quería facer: darlle un bico a esa muller que se cruzara no meu camiño e me abría as portas de novo, cando parecía que estaba condenado a vivir eternamente na escuridade. Agradecinlle a Deus que me puxera aquela xoia no camiño e, convencido de que era o comezo dun tempo novo, biqueina, agardando non ser correspondido cunha labazada. E, de feito, non a recibín. Pasei a ser cliente vip do 'Estrela da Noite', pero cambiei as copas polas horas de compañía de Sofía. Apreciei a grandiosidade da vida ó decatarme do pouco que nos fai falta para ser felices pero o moito que nos custa velo, mais tiveren sorte de decatarme antes de que fose demasiado tarde. E así, desterrando calquera vestixio dun pasado amargo, cunhas novas ilusións, comecei un camiño longo e fermoso que se abría ante min no momento en que fora capaz de expulsar aquilo que me facía prisioneiro do tempo.



*Alejandro Carrera López*

A continuación temos unha entrevista realizada a Alejandro Carrera, o autor deste relato, no que vemos como o protagonista, un home decepcionado da vida, sen ánimo de loita, triste e nostáxico do pasado, descobre a man da felicidade no lugar que menos esperaba comezando a soñar cun futuro feliz e a vivir o presente con paixón, esquecendo o amargo pasado porque un camiño novo se abre, un camiño chamado **Tempo de vida.**



### Entrevista ao autor

**-Preséntate.**

Bueno, falar dun en primeira persoa sempre é difícil e soe ocorrer, como agora, que non se sabe moi ben que dicir. Estudo segundo de bacharelato no IES Otero Pedraio, ó que cheguei o ano pasado despois de moitos anos noutro centro. Tiven a sorte de gañar o certame literario anual co relato 'Tempo de Vida' e, ademais, son colaborador da revista 'Rañolas'.

**-¿Por que decidiches participar no concurso?**

Eu participara xa en numerosos certames deste tipo, tanto a nivel de centro como fóra deles, porque me gusta escribir, especialmente a través da narrativa. Ó ver a oportunidade que presentaba este certame para dar a coñecer unha historia que, nun determinado momento, eu decidira escribir, non o dubidei e presentei este relato. Creo que sempre que un ten ante si este tipo de oportunidades, debe aproveitalas, non tomándose o concurso simplemente como unha competición senón como un medio para chegar ós lectores.

**-¿En que te inspiraches para escribir o relato?**

Á hora de escribir, eu non fago máis que plaxiar a vida das persoas, de tal xeito que tódalas miñas creacións van na dirección de novelar realidades cotiás que afectan á xente. Ademais, a maioría destas historias nacen neses días malos que un ten e que no meu caso permítenme fixarme moito máis polo miúdo en todo canto me rodea.

**-¿Que intentas transmitir con el?**

A vida non é doada e hai que loitar día a día, especialmente cando as circunstancias son máis adversas. Isto é precisamente o que non facía o protagonista, que tras perder todo canto tiña na súa vida (o seu traballo, a persoa á que quería...) optou por un camiño sinxelo, o de refuxiarse no alcolismo e pecharse a calquera saída, e o único que logrou foi engadir un novo problema ó que xa tiña. Hai que pensar que na vida, aínda cando peor esteamos, sempre hai alguén peor ca nós, e o espírito de loita é o que nos fai vivir.

**-¿Que pensas acerca do protagonista do teu relato?**

Penso que tivo sorte, máis que nada porque eu quixen que tivese sorte. Pero a verdade é que estaba totalmente abocado á perdición logo de tomar o camiño errado. Pero tivo a posibilidade de atopar no camiño unha luz, en forma de muller, que o salvou dese fin previsible e funesto que seguramente lle agardaba. A verdade é que non adoito poñer finais felices ás miñas historias, máis que nada porque na vida non sempre se remata de maneira feliz e moitas veces toca sufrir e as cousas saen verdadeiramente mal, pero a este concedílle unha gracia especial.

**-¿Por que elixiches un narrador autobiográfico ou en primeira persoa?**

Bueno, eu non falaría de narrador autobiográfico porque non se trata dunha historia miña, propia, reflectida aquí, senón, como dixen antes, dunha reflexión máis xeral acerca da actitude ante a vida.



Pero o que si empreguei foi a primeira persoa para darlle máis forza (ou alomenos para intentalo) a este especie de testemuño, esta especie de recomendación de como actuar e como non facelo. Contado polo propio protagonista, creo que gaña a parte dramática.

**-¿Canto tempo che levou escribir o relato?**

Escribir lévame pouco tempo, o que realmente me leva máis tempo é construír a historia na cabeza, pouco a pouco, dándolle forma e mellorándoa con novas aportacións. Sen ningunha présa, porque canto máis elaborada estea, máis gañará para o lector.

**-¿Gústache escribir?¿Escribes con frecuencia?¿Dende cando escribes?**

Encántame escribir, efectivamente. Non só, como neste caso, historias, senón tamén outro tipo de escritos máis críticos, como poden ser redaccións para as clases, colaboracións para a revista, etc. Comecei de moi novo a ler moito e a raíz de traballos para a clase e demais, fun collendo cada vez máis gusto. Ler é fundamental para poder escribir, para enriquecer o vocabulario e as expresións, para mellorar o estilo... Sinto non lle adicar todo o tempo que merecería, pero unhas veces a pereza e outras o cansanzo impídenme escribir máis.

**-¿Por qué escolliches a narración para presentarte ó concurso e non a poesía ou o teatro?**

É o único xénero no que escribo, por costume e porque creo que non teño (ou polo menos non as descubrín) cualidades para escribir poesía. É un xénero que incluso me resulta difícil de interpretar á hora de lelo. E o teatro pois nin sequera o plantexei a verdade, non se me ocorreu probar nunca.

**-¿Sorprendeche gañar o premio ou esperábalo?¿Que sentiches ó coñecer a noticia?¿En que consistiu o premio?**

Nin me sorprende nin mo esperaba, ningunha das dúas cousas. Eu tiña experiencia de participación en moitos certames, e tiña experiencia de gañar algún. Cando un participa nun destes concursos, ten que pensar que enfrente hai máis persoas, máis participantes que seguramente terán un moi bo nivel e nunca se pode participar pensando que se vai gañar, eso sería un erro. Tiven a sorte de gañar, efectivamente, e alegreime moito porque cando un xurado recoñece o traballo dun, sempre é gratificante. En canto ó premio, consistiu nun lote de libro en galego, do cal aínda teño pendente de lectura algo máis da metade, pero pouco a pouco vou dando conta deles.

**-¿Animarías ós demais compañeiros a participar no concurso?**

Por suposto. Penso que todos aqueles ós que lles guste escribir deberían participar, teñen aquí unha oportunidade de ouro para contar unha historia, para expresarse con total liberdade e imaxinación.

**¿O feito de escribir está relacionado cos teus proxectos de futuro?¿Gustaríache ser escritor ou adicarte a algo relacionado coa escritura?**

A ilusión que eu teño na miña vida é dedicarme ó xornalismo, e é indubidable que para traballar como profesional da comunicación, transmitir e comunicar, ben sexa a través da palabra ou ben a través da escrita no caso dos xornais, é necesario un dominio e unha preocupación polo cultivo da lingua e das letras. Nese sentido, si poderíamos dicir que o meu futuro podería estar ligado a este ámbito. En canto



ó paso de ser un escritor afeccionado a ser un escritor recoñecido, capaz de chegar a moitísima xente coas súas historias, é ilusionante pero tamén moi complicado e sacrificado. Nunca se pode dicir no que un rematará por facer na vida.

**-Por último, ¿queres engadir algo?**

Bueno, simplemente quería aproveitar para destacar o traballo de tódolos colaboradores desta revista, así como da súa promotora, Conchita, porque a verdade é que cando cheguei o curso pasado a este centro e descubrín o tremendo traballo que hai detrás desta publicación, encheume de orgullo colaborar nela. Por eso animo a todo aquel ó que lle guste escribir ou simplemente desexe expoñer algún tema que pense que pode resultar interesante, que o faga e aproveite esta oportunidade.

**- Moitas gracias pola túa amabilidade e colaboración, noraboa polo premio, e sobre todo, gracias por deleitarnos co teu relato.**

Aínda que coñezo a Alejandro dende hai pouco tempo, teño que destacar del que, ademais dun excelente compañeiro, ten, como todos podedes ver, un grande talento, a arte de escribir percórrelle as veas. Pronto rematará os seus estudos no instituto e pasará á universidade para facer o que máis lle gusta, o que lle abrirá as portas dos seus soños e do seu futuro, pois como xa vos contou, quere ser xornalista. Eu estou segura de que ha chegar moi lonxe, por iso non vos asustedes se vos digo que é posible que nos atopemos diante dun xenio sen decatarnos; así que ¡¡¡¡¡¡¡¡¡¡ dentro duns cantos aniños a tódolos nomes dos xornalistas famosos, porque así, se se dá o caso de que eu teña razón (que é o máis seguro), poderedes gabarvos de ter estudado con el e no seu mesmo instituto.

Moita sorte!, Alejandro

*Victoria Álvarez Buján.*

### Sabía que eras ti

I)

«Mentres amencía sobre a liña do horizonte...ela soñou outra vez os tellados de París». Sempre agardara por ese momento, e alí estaba, de pé, observando unha estampa que calquera persoa cun mínimo de sentimentos e minimamente soñadora desexaría vivir alomenos unha vez no que dura a súa curta existencia. Un momento que, a diferenza doutros que agardas con impaciencia e que cando por fin chegan deixan en ti un "insípido":...e agora que...Este non era un deses momentos. Este era máxico, especial, bohemio...e se cadra, irrepitible. Ela sabía...

II)

Chovía polas rúas de Ourense. Eu saía de miña clase semanal e camiñaba cara a casa, na outra punta da cidade. Facíao baixo os soportais, ou baixo o que podía para acollerme da choiva. Dende logo non baixo un paraugas. Non o levaba, nunca o levaba. Atopeime cunhas amigas que esperaban na outra beirarrúa, non me viron, e tampouco as saudei. Polo meu traballo, coñecía demasiada xente como para andar saudando a todo o mundo. E máis se para que me visen tiña que andar a facer aspaventos dende o outro lado. Non estaba disposto. Pasei de longo e agradecín non atopar a ningún máis. Xa ían para as doce da noite, e aínda que estaba desexando chegar, non tiña moi claro o que ía facer. Deixaba que o rumbo da noite me levase, sen ofrecer resistencia...



Cheguei, acendín o ordenador, como de costume. Esta vez tardou un pouco máis, quizais esperando a que me acomodase sabendo o que me agardaba. Fíxeno, acomodeime, e cheguei a sentirme importante na miña butaca con rodas, que ben podía estar nun gran despacho de moitos metros cadrados, cunha grande cristaleira dende a que se vía toda a cidade; pero estaba no cuarto de meu pequeno piso, sen nen sequera fiestras, e sen butaca, pois era unha simple silla de escritorio. Eu sentíame importante igual.

Había 109 correos na "bandexa de entrada". Levaba dúas semanas co ordenador a arranxar e non puidera ler o correo en todo este tempo. Case todo era publicidade, avisos e cartas duns amigos que se decidiran a deixalo todo e dar unha volta arredor do mundo, un mundo que latexaba agonizante. Pronto tería que facer eu iso, pero sentín que quizais era moi novo. Aparquei a idea, ou mellor dito, deixei en dobre fila disposto a sacala do seu letargo nalgún momento. Non sabía cando, nin como; pero saíría. Pero un deses correos, recentemente chegado, resultábame estrano. Polo nome en clave pareceume unha rapaza, pero non o tiña claro; de feito non tiña nin idea. O asunto do correo non axudou a aclarar nada: "ti", puña. Decidinme a abrillo. Apareceu unha foto en branco e negro. Un dorso espido cunhas ás debuxadas con trazos infantís. Representaba umha especie de anxo caído ou recién nado con gañas de voar. Quen sabe. Movín a rodiña do rato para arriba e para abaixo ata que reaccionou. Debaixo da foto había texto entrecomiñado. Lino:

*"A túa longa viaxe acaba de comezar...eu esperareite aquí, onde os gatos negros se mesturan coa xente que camiña de noite no barrio dos pintores, onde todo se atopa nunha perfecta liña recta de horizonte, cumios e arcos; onde os amores que non morren matan, e os que matan nunca morren; onde as antenas de telefonía son os monumento máis visitados e onde os soños, se os buscas de verdade, fanse realidade da forma máis imprevisible"*

Agora pensaredes que está máis que claro pero daquela nen sequera se me pasou pola cabeza ese lugar. Daquela pensei que sería un deses correos imaxinativos que a alguén se lle ocorrera nunha noite de verán. Estaba seguro de que se baixaba máis pola páxina atoparía algo como: "envía isto a 15 amigos máis e todo o que soñaches farase..." ou "se non o envías, os teus peores augurios...". Baixei, pero nada diso puña. No seu lugar atopei máis texto:

*"A exposición de fotografía remata mañán. Terás que erguerte cedo e ir se non queres perder o tren"*.

Pensei que tería que ver un tren cunha exposición de fotografía. Non pensei máis. Ó mellor non era un tren tal e como eu o coñecía senón como a metáfora da grande viaxe que me agardaba. Non entendía nada daquilo, ou si. Quizais comezaba a entender algo. O caso é que me gustaba. Ah, olvideime de comentalo. Eu era fotógrafo.

III)

Por suposto, á mañán seguinte erguinme cedo, e por suposto fun a aquela exposición. Non creo que ninguén soportase toda aquela incertidume, e sobre todo non creo que ninguén soportase o remordemento por non ter ido alí, de ter perdido a oportunidade. Polo menos por simple curiosidade, que diso o ser humano sabe moito. Ademais, era unha exposición de fotografía, suponse que debería de gustarme.

Era unha gran sala situada baixo os soportais da Praza Maior, recentemente restaurada e na que se celebraban exposicións de pintura, escultura e por suposto, fotografía. Neste caso tiña por nome "Caras do deserto".

Pensei. Despois preferín non pensar. Entrei.





Farteime de mirar fotos, a verdade é que non eran nada malas. As facianas curtidas polo sol e o frío do deserto soen ser bastante expresivas e do agrado dos fotógrafos. Eu sabía ben. Pero naquel momento non estaba centrado niso. Buscaba algo, sen saber o que, por iso quizais non o atopaba...Ata que cheguei a unha das principais fotos da exposición. Era a foto dun rapaz que non pasaría dos seis anos, cun turbante azul que só deixaba ver un redondeado nariz e uns ollos cor verde marihuana que parecían aínda máis saltóns, rodeados desa pel morena e colorada. Foi entón cando reparei nun detalle: detrás da faciana da "criança", que é o título que tiña a obra; atopábase un sinal erguido, máis ben torto, chantado no chan. *Essauira* >>, puña. Eran trazos desiguais, propios dunha escritura sobre táboa vella.

*Essauira...Essauira...Essauira...* Oíra falar daquel lugar, pero non sabía onde, polo que tentei recordar...  
*Essauira...Essauira...* Sí!! Marrocos, praias desertas, Jimi Hendrix...acababa de recordar...

Nese momento sooume o teléfono. Asusteime, á vez que me lamentaba por non terlle quitado o son. Mirei, era só unha mensaxe de texto. Abrina:

*" Alégrome de que chegues a unha conclusión, á conclusión acertada. Pero recorda...a túa longa viaxe non remata aí... "*

VI)

E efectivamente, non remataba aí. Esa idea da longa viaxe que uns amigos decidiran xa comezar, e que eu tiña estacionada, apartada a unha beira, decidira saír, empurrada por ela.

Percorrín medio mundo. O meu traballo permitíamo. Facía fotos e pagábanmas ben. Ese non era o problema. O problema era que pasei por Essauira, Marraquech, Nápoles, Atenas e Melbourne. Cheguei a atravesar os Estados Unidos dende a costa oeste á este. Estiven en San Francisco, Detroit e Nova York. Sempre seguindo as súas instrucións. Coma nun xogo. Un xogo que polo menos para min, non estaba preto de rematar.

Cheguei a Cuba, Bos Aires e Montevideo. Voei a Dublín, Varsovia e Budapest. Non atopaba o que buscaba. Non atopaba a niguén.

Cheguei a Barcelona...As Ramblas, o Eixample e Montjuic dixéronme que non.

Foi entón cando ese ningúen me recordou por medio dun correo a primeira instrución dada. Así o fixen...

...

Merda! Como non me dera conta antes...non había outra posibilidade, e aínda así, ata aquel momento non me viñera á mente. Non ata que é "ela"? mo recordou.

V)

E sabía que eras ti...

E amencemos xuntos, o Sol asomaba polo inmenso ventanal da habitación, os primeiros ruidos dos coches ascendían dende a rúa, indicando xa o espertar da cidade.

Erguíase a cidade na que os gatos negros se mesturan coa xente que camiña de noite no barrio dos pintores, onde todo se atopa nunca perfecta liña recta de horizontes, cumios e arcos; onde os amores que non morren matan, e os que matan nunca morren; onde as antenas de telefonía son os monumento máis visitados e onde os soños, se os buscas de verdade, fanse realidade da forma máis imprevisible"....  
Erguíase París.

Gracias a Conchita por obrigarme a participar...



Gracias ó libro "Un home que xaceu aquí", que me inspirou para comezar esta relato...

Ismael Velo



### Entrevista ao autor

**Cal foi a razón que te impulsou a escribir este relato e a participar neste concurso literario?**

A razón que me impulsou a participar foi Conchita, que me insistiu en que escribise algo.

**Expós unha introducción un tanto estraña para o lector que non te coñeza, pois describes a alguén cunha sensación dun momento esperado, acaso viviches ti ese momento?**

Vivín, claro. Se non esa situación, unha moi semellante.

**Por que nesa introducción aparece ela e non ti? Por que o sitúas na súa visión?**

Porque a miña vida nese momento era a que eu represento como miña, non a que represento na pel dela.

**O correo enviáste a unha exposición de fotografía, pois como ti aclaras, es fotógrafo; pero unha vez chegados á exposición, propós outra pista máis, nada concluínte, un sms, e sen embargo, continúaas esa busca, a cegas, a por todas. Cal é a razón de enviar ao personaxe por medio mundo? Veste reflectido ti nesta busca por medio mundo, un tanto tola e bohemia?**

Por suposto, aínda no hipotético caso de non atopar nada, atoparía moitas cousas por todos eses sitios, que farían que a viaxe merecese a pena. De feito, espero atopalas aínda.

**Por que París? Por que situar esta historia nesa cidade? Ten un significado especial?**

Ten. Hai escasamente un ano que fixemos o intercambio e foi unha experiencia moi boa, quizais a mellor ata agora. Ademais París préstase para este tipo de cousas.

**E por fin, atópala a ela, ese ela un tanto etérea e pouco diáfana, e espertades xuntos (nun ático) en París, deixando a historia así un tanto ambigua, trátase dunha historia de amor ou da busca dun mesmo?**

Sen dúbida, da busca dun mesmo. O do amor...iso está pasado de moda (como diría Severo).

**Ampliarás este relato? Pois quizais hai apartados que piden unha ampliación.**

A verdade é que si que pensei en escribir algo de cada unha, pero quizais máis adiante. Cando Conchita me volva obrigar. =)

**Despois de escribir esto, volverás a participar no concurso literario o ano que ven?**

Aínda que non me disguste a idea, dubido que participe noutro que non sexa de fotografía.

**Para rematar, querías reflectir algo en particular no teu relato? Algo do que quizais sería difícil decatarnos ou no que queiras facer especial fincapé?**

Pois a verdade, non. Só que curioseedes sobre a historia de Essauira. A min pareceume un lugar marabilloso. Coma o resto dos que nomeei.

*María Vázquez Martínez*



# ¡QUE SORTE!



Daniel Fernández Gil



## Grupos de Rock en Galiza:

Ao longo e ancho de Galiza sempre houbo moita afección pola música, e nos últimos tempos aínda máis pola música Rock. En case tódolos pobos e cidades de Galiza hai polo menos un grupo de rapaces que se xuntan para pasalo ben tocando xuntos a música que lles gusta. Só en Ourense hai milleiros! KALEYA, Burgas Beat, Skolma, Dementia, Morphina, Psyquence, Masmel, G91...



Empezarei polos máis grandes, que ademais son ourensáns: LOS SUAVES: A banda naceu

cara a finais dos anos 70. Formada polos irmáns Domínguez: Yosi, Charly e Javier, a actual formación, despois de sufrir varias modificacións, é: Yosi Domínguez (Voz e guitarra), Fernando Calvo (Guitarra), Alberto Cereiño (Guitarra), "Charly" Domínguez (Baixo) e Tino (Batería). Acumulan máis de 10 discos, saíndo o primeiro en 1982 "Esta vida me va a matar", o disco "Maldita sea mi suerte" de 1991 foi disco de ouro e "Santa Compañía" disco de platino en 1994, seguindo nesa liña de éxitos os seus seguintes discos. Hai que destacar tamén que foron teloneiros de "The Ramones" en 1981, en A Coruña, e de os Rolling Stones en 1999, en Santiago de Compostela. É un dos grupos que máis tempo leva en activo.



Outro dos grupos salientables na escena musical ourensá é Lamatumbá, que ten xa un disco na rúa, titulado: *Lume (Para Que saia o sol)*.

Os Heredeiros da Crus son un grupo de Rock en galego formado por Antón Axeitos (Tonhito de Poi) na provincia de A Coruña. En 1994 sacan á luz o seu primeiro disco, popularizado de contado entre a mocidade grazas ao Xabarán

Club. O grupo separouse e Tonhito de Poi fundou: A Banda de Poi, onde, conforme aos seus principios ideolóxicos, usan nas súas cancións galego reintegracionista.

Outro grupo galego que se viu favorecido pola emisión da súa música no Xabarán Club foi Os Diplomáticos de Monte-Alto. Este grupo formouse no barrio de Monte-Alto da cidade de A Coruña. O disco que gozou de maior repercusión foi o terceiro, editado en 1995: "¡Avante Toda!". Pero despois de que Xurxo Souto, compositor e cantante, abandonara a banda, o resto dos compoñentes intentaron seguir co grupo e sacaron á luz un disco que, sen embargo, non tivo a aceptación conseguida ata o de aquela, polo que o grupo decide separarse no ano 2005.

Posiblemente o outro grupo que rivaliza cos Suaves en popularidade é o dos vigueses Siniestro Total. Poderíamos clasificar a súa música como de Punk Rock, contan con máis de dez discos de estudo na súa historia.



Outro dos grupos importantes da cidade de A Coruña son os Killer Barbies. Este grupo diferénciase dos anteriores porque a cantante é unha moza e cantan en inglés.

Pero quizás sexa o grupo que vén a continuación o que máis está dando que falar nos últimos anos Deluxe, cun son máis ben popeiro e co coruñés Xoel López como membro fundador da banda e o único oficial e fixo do mesmo.



E por último, un grupo de Vigo: Kannon. Ademais teñen especial mérito porque acadaron



niveis de popularidade extraordinarios para un grupo de Nu Metal, que é unha mistura de rap e metal. Separáronse hai un ano por problemas entre eles, é una lastima...

Este é un breve repaso pola historia do rock galego que posiblemente estea incompleto porque algún grupo se me esqueceu ou porque, seguramente, hai agora mesmo alguén que está grabando, vai grabar ou está ensaiando e será ... o futuro.

Adrián Rego

*PD: Cando Adrián me entregou o artigo, atopeime cunha sorpresa. Fixera unha selección das cancións que a el máis lle gustaban. Dende aquela estou coa boca aberta ( mellor dito, a orella). Anonadada. Aparvadiña de todo. Deixei a novela co misterio a punto de resolverse, o encrucillado a medio facer, os nenos a medio atender ... e nese medio tempo que teño para min, sento onde sexa, e... escoito unha, dúas, e ata cinco veces "Que no" de Deluxe, "Maneras de vivir" de Los Suaves, "Gaitero" de Os Diplomáticos, "Licor café" de Lamatumbá...*

*Quen dixo que os vellos roqueiros nunca morren? Hei de morrer algún día, asúmoo (a inmortalidade arrepiame), pero píddolle a Deus que me conceda algunha destas dúas cousiñas: que sexa lendo un bo libro ou oíndo cancións coma estas.*

*E polo demais, como dicía meu avó, que Deus nos colla confesados.*

Conchita Fernández



## Cristina Pato

**"No escenario é nervio puro; no camerino tranquilidade. Gaiteira, segundo para quen e, pianista, segundo o momento"**

Cristina Pato (Ourense, 1980) é unha recoñecida gaiteira, tanto no que respecta ás vendas como á crítica. Foi a primeira gaiteira que sacou un disco en España e fíxoo á idade de 18 anos, o seu título Tolemia (1999). No 2001, con 20 anos, sacou o seu segundo disco titulado Xilento ( palabra procedente do barallete dos afiadores de Ourense) O seu último disco (Misturado) saiu en 2007.

Aclamada pola crítica internacional como gaiteira e pianista, a ourensá Cristina Pato leva unha activa vida profesional adicada ao mundo da música popular galega, que a levou a grandes escenarios de todo o mundo.

### **Comezaches na música xa de moi nova, non?**

Si, empecei a tocar a gaita con catro anos e o piano con cinco.

### **O escenario fíxoche madurar moi rápido, non si?**

Non sei se tanto o escenario ou o que está arredor del. Con 18 anos, comecei a traballar de repente todos os días. Adquires unha serie de responsabilidades que ti non estás buscando e que simplemente aparecen porque estiven no momento xusto no lugar axeitado.

**" Cristina Pato é unha soa aínda que ás veces pareza dúas"**

### **Despois de tantos concertos, que significa o escenario para ti?**

É curioso porque pñoome cada vez máis nerviosa, cos anos sinto máis a presión de facelo ben. Sen o escenario non podería vivir,



tanto no piano como na gaita.

**Sénteste máis gaiteira ou pianista?**

Non podo dicir que me sinta máis unha cousa ca outra porque son dous mundos totalmente distintos. Penso que en espírito divídome ao 50% pero en tempo o piano leva moito máis. Tal como teño organizado o ano nos últimos tempos, son oito meses para o piano e catro para a gaita.

**Que é o que máis destacas da túa experiencia?**

Os concertos no Carnegie Hall de Nueva Iork e as miñas colaboracións coa Orquesta Sinfónica de Chicago e con Osvaldo Golijov, son realmente das cousas máis importantes da miña carreira alá. A posibilidade de poder traballar cun compositor galego en Nova Iork é algo fascinante, sobre todo porque podes mover a nova música contemporánea galega tamén por alá.

**Tocaches con grandes profesionais da música, que se sinte?**

É unha experiencia fascinante, algo que nunca esperas vivir e tamén é unha oportunidade de aprender moito deles.

**Tiveches algunha experiencia no mundo do cine?**

Si, interpretei a banda sonora dunha película "El hombre de arena". Traballar no cine é moi diferente, algo complicado pero moi bonito.

**Que é o que estás facendo agora?**

Estou nos EEUU facendo un doutorado " Doctor of Musical Arts" na "Rutgers University" en Nova Iork.

**Como compaxinas o tempo de estudo co traballo?**

Bastante ben, porque o tempo que paso en EEUU adícoo só a estudar, salvo en ocasións especiais.

**Como te integraches nos EEUU?**

Resultoume moi fácil adaptarme porque alí a xente está acostumada a acoller persoas doutros países. Levo catro anos vivindo alí aínda que xa comecei a ir con 17 anos.

**Como levas o vivir fóra de Galicia?**

Bótoo moito de menos, sobre todo á familia, e en especial á miña nai ,aínda que falo con ela todas as semanas e veño de visita cando podo.

**Que estilo de música escoitas cando estás na casa?**

Son adicta á ópera e tento ir todas as semanas. E tamén me gusta a música brasileira para distraerme, Caetano Veloso, Gilberto Gil, Marisa Monte... un pouco de todo.

**Unha curiosidade, o pelo verde seguirá?**

Tamén, eu penso que ata que me saian canas vai estar por aí.

**Por ultimo, como plantexas o teu futuro?**

De momento estou centrada en rematar os estudos e despois seguirei a cabalo entre Nova Iork e Galicia. Pero no futuro penso voltar definitivamente á miña terra.

*Cristina Eyré  
Raquel Feijoo  
Lidia Nogueiras*



## Xogar non é tan malo

Tense por costume asociar a palabra "videoxogo" á violencia e a toda a **polémica** que hai en torno a eles, que en realidade está máis que **INJUSTIFICADA**. Vexamos:

Ben é certo que boa parte dos xogos conteñen **violencia**, e en ocasións esta é increíblemente cruel. Así, as asociacións de pais e outros colectivos móvense en contra destes xogos. A xustificación: "Os nosos fillos non teñen por que ver toda esa violencia." Pero parémonos a pensar: ¿Non hai películas con máis violencia que os mencionados xogos? ¿Por que non hai polémica acerca delas? Se estes señores "antivideoxogos" se parasen nos andeis das tendas a mirar os regalos para os seus fillos antes de mercalos, seguramente se desen conta de que nunha das esquinas da carátula do produto hai un indicador coa idade mínima á que vai dirixido este: +7; +13; +16; +18. Unha situación realmente inxustificada e vergoñenta. **Xa é hora de deixar atrás esa mentalidade de que os xogos son só para nenos.** Son para todos os que queiran xogar.

Pero non só existe esa clase de videoxogos sobrecargados de violencia. O entretemento electrónico ofrece moitas máis opcións das que moitos pensan:

-Por unha banda, e independentemente da violencia, atópanse os xogos que contan historias. Poden ser historias baseadas na realidade con toques de fantasía, ou todo o contrario. Hainos baseados en mitos e lendas, na cultura de certos pobos (o xaponés, o grego, o medieval, o occidental, etc.), nos que a ambientación e a beleza xogan os papeis principais. Incluso podes meterte na pel dun personaxe que viva unha emocionante historia con acción, suspense, terror ou incluso amor. Tamén nos fan pensar, aprender a desenvolvernos usando o entorno, crear estratexias e case calquera cousa que se nos ocorra. Esta é a clase de xogos aos que adoitan xogar os afeccionados ás videoconsolas e ó

ordenador, títulos **coidados ata o máis mínimo detalle**; dende bonitos deseños de paisaxes, ata historias profundas, humor e maxistras composicións musicais.



**Un bo exemplo:** A serie "The Legend of Zelda" é unha das máis veteranas e populares de todas. Nos máis de 20 anos que transcorreron dende que comezara, esta serie trouxo á luz máis dunha decena de capítulos, que se converteron automaticamente en referentes.

-Tamén atopamos os coñecidos como "multixogador", dirixidos a varios xogadores, reunidos no mesmo lugar ou de calquera parte do planeta a través de Internet. Nesta vertente están os xogos deportivos, de carreiras, de loita... Todos estes dirixidos tamén a un usuario especializado no tema, aínda que por sorte tamén están xurdindo ultimamente xogos deste tipo para que calquera poida xogar; para toda a familia. Así aparecen os concursos de preguntas, minixogos, karaokes, baile, etc.



**Un bo exemplo:** A serie "Call of Duty", que representa fielmente diferentes capítulos da Segunda Guerra Mundial, é unha das máis exitosas entre os xogadores experimentados nos últimos tempos grazas ó seu realismo e os seus modos de xogo a través de Internet.

-Seguindo coa diversidade de usuarios, tamén existen os xogos de mascotas, axilidade mental, aprendizaxe de idiomas e outros con diferentes utilidades; que son o tipo de xogo máis recente no mercado . Adoitan ir dirixidos aos que non poden adicar tanto tempo a xogar ou lles apetece usar a súa videoconsola como unha ferramenta útil, non só para o ocio.



**Un bo exemplo:** Os xogos de axilización mental como "Brain Training" están de moda ultimamente, é un dos estilos de xogos máis vendidos por ser apto para calquera usuario de calquera idade.

### ***Cada vez con máis éxito***

Os videoxogos son cada vez máis exitosos, cousa que podemos comprobar, por exemplo, nas salas de cinema. Moitas películas recentes están inspiradas nos videoxogos que lles dan nome. O problema é que estas adaptacións á gran pantalla **perden fidelidade**; elementos como a trama, o argumento ou os personaxes cambian a gusto do director e dos guionistas, quedando deste xeito unha película moi afastada da historia orixinal. É un caso exactamente igual ó das adaptacións de novelas, moitos lectores seguramente se sentiron

decepcionados co paso do seu libro favorito a unha película certamente **insulsa**.



**Un bo exemplo:** As adaptacións ó cine de "Resident Evil" moi pouco teñen que ver cos videoxogos nos que están inspirados, botando a perder o interesante e enrevesado argumento, os personaxes e o terror para dar paso a unha película de acción con algún que outro susto...

Por suposto, o éxito tamén ten consecuencias negativas; como pasa coa música ou as películas. Cando unha fórmula funciona, comeza a repetirse ata a saciedade aparecendo ano tras ano novas partes de xogos que non aportan, apenas, **ningunha novidade** (véxanse a maioría dos xogos deportivos). Non tería por que haber ningún problema pero si que o hai: as ideas orixinais adoitan quedarse bastante por detrás en vendas, botando por terra o traballo e o esforzo dos equipos de creación. Como sempre, un nome coñecido e anunciado por todas partes vende máis ca un novo, por moi orixinal ou innovador que este sexa.

Con este traballo pretendemos que non se xulgue de forma frívola o mundo dos videoxogos; hai que probar para poder opinar. Como sucede con todo, nunca hai que deixarse guiar polas aparencias nin polas primeiras impresións...

*Christian Vázquez Nóvoa  
Antonio Moreda Moreda*





## EU SON GALEGO. E TI, QUE ES?

Vivimos en Galiza e somos galegos, iso conleva unha cultura, un pensamento, un sentir, uns costumes, un pasado, unha forma de ver a vida... pero sobre todo unha LINGUA.

O galego é un dialecto do latín, é decir, un dialecto romance ou neolatino. Naceu cando se fragmentou o latín vulgar e foi avanzando coa reconquista cara ao sur. Xorde no territorio da Gallaecia romana e durante gran parte da Idade Media será a única lingua que se fale aquí. A entrada do castelán é daquela posterior. Non era galego-portugués, era galego; pero iso é algo que aos portugueses *non lles fai demasiada gracia*. Moitos reis foron educados en Galiza e en galego, fomos o primeiro reino europeo (suevo), tivemos máis de corenta reis, fomos lingua de cultura durante séculos, etc.

Pero, por que non aparecen nos libros de historia moitos destes feitos? Ou, por que aparecen como algo secundario e sen importancia? A verdade, non se entende. Somos unha comunidade cunha historia memorábel que merece un lugar e que dá a impresión de ser ocultada coma se fose un delito. O peor é que a maioría dos galegos parece importarnos ben pouco.

O galego durante décadas foi unha lingua castigada á escuridade: cos séculos escuros, coa ditadura franquista... pero o máis lamentábel é o que están a facer unha gran maioría dos galegos, renegar da súa lingua co que tamén renegan da súa propia cultura e raíces. Como é posíbel que alguén sexa capaz de facer iso? Se nós os galegos non tiramos da nosa lingua, quen o vai facer?, os de Madrid? Non! Se non o facemos nós, os demais non o van facer, dende logo. É coma se esperases que os demais che arranxasen a túa casa.

En España hai outras comunidades bilingües que como Galiza teñen recollido nos seus estatutos a súa lingua como cooficial xunto co castelán. Nesas comunidades promóvese o uso da lingua propia, aínda que se fale tamén o castelán, sen embargo en Galiza, a pesar de ter o galego recoñecido como lingua oficial, somos tan "intelixentes" que estamos a perder cada vez máis galegofalantes, e os gobernos non fixeron demasiado por cambiar esta tendencia.

Esta situación é moi triste, porque se somos galegos deberíamos falalo, posto que é a nosa lingua, pero non é así. En moitos ámbitos da vida cotiá o galego é vetado e relegado, considerando o castelán como lingua de prestixio e marxinando o galego. Non vemos onde está que unha lingua teña máis prestixio ca outra, posto que todas son iguais.

### Situación do galego en diversas situacións da vida cotiá

- **O galego na escola.**- A ensinanza debería ser un medio de difusión de coñecementos básicos como é a lingua. No caso do castelán, éuscaro, catalán etc. o proceso funciona, pero no noso caso non é así; ó contrario. O Consello Escolar de Galiza está alertando do papel desgaleguizador do ensino. Eu, que son estudante de bacharelato, vou a un instituto e vexo a realidade todos os días, coincido co Consello Escolar galego. Os nenos de infantil non falan na súa maioría galego, e son nenos. Que sucede? Na escola hai materias que deben ser impartidas en galego pero non sempre se imparten. A Mesa puxo varias denuncias contra a inspección por incumprimento da normativa.
- **O galego na administración.**- Na administración tense que empregar o galego obrigatoriamente e, sen embargo, non sucede así. Os funcionarios na súa gran maioría seguen a empregar o castelán, hai outros que empregar o galego pero son os menos. Agora estase ofertando aos funcionarios cursos de galego pero, ao igual ca no ensino, a cousa fracasa. Unha noticia dicía o seguinte: "Política Lingüística fai ouvidos xordos ás propostas de mellora dos CELGA". Os CELGA son certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. O problema é que non hai unha aplicación práctica do aprendido nos cursos ou no ensino, a documentación está en galego pero os funcionarios apenas o usan nas súas relacións cos administrados.



- **O galego na sanidade.**- Na sanidade a cousa xa é menos grave pois a maioría dos médicos non son galegos pero aínda así fálase bastante galego. Aínda que queda moito por facer, a maioría da documentación está en galego, que xa é un gran paso.
- **O galego na televisión.**- Un medio de comunicación de masas como é a televisión, deixa, sinceramente, moito que desexar, porque non utilizan o galego de forma correcta. Só temos unha canle en galego e se por riba a canle non o difunde correctamente, pois imos moi mal. Os que vivimos en Ourense temos a sorte de ter dúas canles en galego, pero o curioso de todo isto é que nas entrevistas a maioría utiliza o castelán (algúns son galegofalantes). Se dixesemos que é xente de a pé, estaría mal igual pero, dalgunha maneira, sería "comprensible". Pero a maioría desta xente son persoas cunha preparación académica ampla: políticos, avogados, doutores, periodistas... Por que será?
- **O galego nos medios de comunicación.**- Os medios de comunicación xogan un papel clave na difusión dunha lingua. Hoxe podemos asegurar que na maioría dos xornais, revistas, programas de radio, etc., a lingua empregada é o castelán. Chegado este punto consideramos que así non se pode ir a ningures. Estes medios deberían intentar difundir a lingua propia e non o que están a facer, que é marxinala (abride, por exemplo, La Voz de Galicia ou o Faro, cantas noticias están en galego?)
- **O galego no mundo dos xoguetes.**- Se nos damos conta hai bonecos, bonecas, peluches; xoguetes, en definitiva. Hainos de diversas cores, tamaños, formas, incluso, coma no caso das bonecas, semellan de carne e óso, e falan... Pero só falan en castelán, por que? Pois, a verdade, non o sabemos. Unha iniciativa do Bloque Nacionalista foi plantexar que se fabricase unha boneca que falase galego. Mesmo os pedagogos piden xoguetes en galego para fomentar o uso da lingua.
- **O galego na Administración de Xustiza:** É dos ámbitos máis reacios ao uso do galego. O seguinte caso é un exemplo. Unha parella tivo que retrasar a súa voda polo civil varios meses porque só tiñan o impreso en castelán, o impreso en galego tardou máis de tres meses en chegar e mentres tanto, perderon a reserva no restaurante elixido, non puideron ir de lúa de mel ... As parellas que aquel día cubriron o formulario en castelán non sufriron ningún destes problemas.
- **O galego na Igrexa.**- Antigamente o mundo da igrexa era sinónimo de cultura e riqueza, e posto que na Idade Media se falaba galego, todo o que se facía tiña que estar nesta lingua. Hoxe por hoxe, nós que adoitamos ir á igrexa con certa frecuencia, vemos que tamén neste ámbito da vida se discrimina á nosa lingua: a misa adoita celebrarse en castelán cando na maioría das ocasións o párroco é galegofalante. Por que o fai? A igrexa sería unha gran axuda para difundir a nosa lingua.
- **O galego no mundo da cultura-** O Plan Xeral de Normalización Lingüística do 2004 establece que ao menos 10 películas deben ser dobradas ao galego de entre as que presentan maiores expectativas comerciais. Está claro que isto dista moito da realidade. Nestes momentos as Mocidades da Mesa solicitan que se dobre a última película de Spielberg para o vindeiro 22 de maio. Veremos a Indiana Jones falar en galego?
- **O galego na música.**- No ámbito musical tamén é moi difícil encontrar moitas cousas, pero, a verdade, máis cousas que en calquera outro ámbito, si. Hai moitos grupos galegos que levan a nosa música fóra das fronteiras, o que nos converte en internacionais (Hevia, Cristina Pato, Mercedes Peón, Susana Seivane...). Logo hai os grupos de rock, heavy, etc. que utilizan o galego, e tamén grupos que cantan en galego, como Milladoiro, Luar na Lubre, etc. A verdade é que a música axuda á difusión da nosa lingua, pero aínda queda moito camiño por andar



Natalia Calvo Ayuso  
Alba Maria Feijoo Misa

Non quixeramos que este artigo levase a confusión. Non dicimos que só debamos falar galego, os extremos non están ben. Pero temos unha lingua que define a nosa cultura e debemos falala se non queremos perdela. O galego non dana a imaxe de ninguén. Falar galego non é cuestión de ideoloxías nin nada parecido, a lingua é patrimonio de todos polo tanto se es galego, fala galego .

	TENDEIRA (ZAPATOS)	SOBRIÑA DO DIRECTOR DO BANCO GALEGO	LIBREIRO	NAI XOVE	AVOGADA	ESTUDANTE DE BACHARELATO	ESTUDANTE DE BACHARELATO	ESTUDANTE DE ESO	PROFESOR DE PRIMARIA	DEPENDENTE
	Muller	Muller	Home	Muller	Muller	Home	Muller	Home	Home	Muller
	Adulto maior	Adulto maior	Adulto maior	Xove	Maio	Adolescente	Adolescente	Adolescente	Adulto	Adulto
¿ É galego falante ?	Si	Non	Non	Non	Non	Si	Si	Si	Si	Non
Fala galego na casa ?	As veces	Non	Non	Non	Non	Si	Si	Si	Si	Non
Quen fala galego na casa ?	Marido (4 membros)	Ningún (4 membros)	Ningún (1)	Ningún (2 membros)	Marido (7 membros)	Todos (3 membros)	Todos (3 membros)	Todos (3 membros)	Todos (3 membros)	Marido (2 membros)
Considera radicais, nacionalistas, etc, aos que tratan de que se fale galego ?	Non	Non	Si	Non	Si	Non	Non	Non	Non	Si
Está de acordo co dito anteriormente ?	Non	Non	Si	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non
Por que ?			Porque vai unido á unha ideoloxía, Intento de imposición	Porque cada un fala o que quere	BNG	Cultura	Cultura	Cultura	Cultura	Imposición
Está a favor do uso do galego ?	Si	Si	Non	Paso	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Considera que o uso do galego ten que ver cunha ideoloxía ou partido político ou unha cuestión cultural ?	Cultural	Cultural	Ideoloxía	Cultural	Ideoloxía	Cultural	Cultural	Cultural	Cultural	Cultural
Sabía que fomos un reino ?	Non (sorprendida)	Si (2)	Si	Si	Si	Si (asobrado)	Si (asombrada)	Si (asombrado)	Si	Non (sorprendida)
Sabía que os reis que tivo Galiza foron instruídos en galego ?	Non	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non
Sabía que o galego foi lingua de cultura ?	Non	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non
Considera que que fai moito pola promoción do galego ?	Non	Non	Si	Si	Non	Non	Non	Non	Non	Non
Está de acordo ?	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non	Non

(1).- Odio cara ao galego 2).- Sobriña de Antonio Fraguas, escritor.





*Entrevista a Roberto Rodríguez González ex concelleiro e responsábel de Galiza Nova en Ourense. Vainos falar da organización Galiza Nova:*

**-PODERÍANOS DICIR COMO SE ATOPA O GALEGUISMO HOXE EN DÍA?**

Pois ben, tanto a nivel global como institucional está medrando. A nivel global está crescendo en conciencia. Pouco a pouco a xente estase dando conta da situación en que vivimos e vexo que a conciencia do galego na xente estase a incrementar, un exemplo son os nomes en galego, antes púñanse nomes que non eran propios, agora empézase a pór nomes galegos: Uxía, Aroa... A nivel institucional, os diversos grupos contamos cada vez con máis afiliados, sobre todo entre a xente nova, estudantes, o cal se agradece xa que a xente nova ten ansias loitadoras para mover o país e vai rexuvenecendo as veas do galeguismo.

**-CAL É A SÚA FUNCIÓN EN GALIZA NOVA?**

Pois son o responsábel en Ourense e son o que lle explica á xente como vai Galiza Nova cando veñen recadar información sobre a organización. Encárgome de convocar asembleas.

**-PODERÍANOS DICIR QUE É GALIZA NOVA?**

Somos as xuventudes do BNG. Galiza Nova naceu por iniciativa dos mozos que antigamente militaban no BNG. Foi creada o 24 de xullo de 1988. É unha organización xuvenil política que loita para concienciar á mocidade galega de que temos que cambiar as cousas "materiais e inmateriais" e para, como se di ás veces, "Facer País". En Galiza Nova e no BNG hai dende xente independentista até republicanos-federalistas, dende reintegracionistas ata normativistas. Non nos casamos con ningunha ideoloxía anque predomine a esquerda pero si que temos algo en común, o recoñecemento da Galiza como nación e o dereito á autodeterminación. Os mozos temos feito todo tipo de actos dende campionatos de fútbolín para reclamar a oficialidade da selección galega até

videoforums co tema do feminismo ou o do CHE, cunha elevada participación. Temos unha cota de 2 euros ó mes coa que se compra o material para pancartas, pintura, tamén para concertos ou contratar autobuses cando hai algún acto importante, como é o da selección galega ou mitins fóra da cidade...

**- E O BNG?**

O BNG (Bloque Nacionalista Galego) é un grupo galego no que militan dende republicanos federalistas até independentistas. Está formado por unha gran diversidade de partidos e ideoloxías (Encontro irmandiño, UPG, Colectivo Socialista, PNG, Esquerda nacionalista, Movemento pola base e INZAR). Ao longo da súa historia, o BNG foise construíndo pouco a pouco, integrando os principais partidos nacionalistas e sufrindo escisións como o PCLN, a actual FPG, na que se encontra Mendez Ferrín, Chus Pato, Mariano Abalo...

Hoxe en día penso que o BNG está facendo un moi bo papel onde goberna. Dende os concellos até na Xunta estanse producindo avances, como no ámbito da cultura onde se acaba de asinar o "Galeuscat" para a oficialidade das seleccións. A nivel de España estamos facendo un bo papel para traer cartos, espero que nestas vindeiras eleccións se vexa recompensado este esforzo.

**-OS CENTROS SOCIAIS EN QUE CONSISTEN?**

Ben, os centros sociais son centros culturais nos que se dan dende clases de pandeireta até baile rexional, póñense películas, cántase e mesmo facemos representacións teatrais. Pero iso si, todo en galego! Digamos que é un dos poucos sitios en que se pode vivir ao 100% en galego. Empezaron moi poucos, pero imos medrando pouco a pouco. En Ourense contamos coa Esmorga, en Xinzo con Aguilhoar, en Ribadavia con Arrincadeira... e moitas máis.

**-UN TEMA QUE NOS PREOCUPA, O GALEGO...?**

A nivel educativo penso que o primeiro sería cumprir a lei, e despois írmola mellorando pouco a pouco, pero non só no ámbito de institutos senón que tamén había que facer algo nos ciclos formativos e no ámbito colectivo e social, xa que nós somos galegos e o noso idioma propio é o galego. Porque se nós non falamos galego,



### quen o vai falar, os de Madrid?

O galego non é política, a xente tende a politizar (galego con independentismo ou nacionalismo) pero iso non debería ser así, xa que o galego é o idioma propio de tódolos galegos.

Moitos mozos rexeitan o galego como idioma e falan castelán, quizá debido á represión cara ao galego que padecen dende pequenos - os medios de comunicación, ámbito escolar -, outros por convicción propia ao pensar que o galego é un idioma de vellos, xa que son os que máis o falan; ou mesmo se senten mellor por falar unha lingua allea ou porque se cren mellor có resto, levando o galego ao ámbito da casa ou do pobo, anque de cen sempre hai un rapaz que fala galego. Cando vexo aun meniño que o fala, danme ganas de seguir loitando pola nosa lingua. Espero que mellore a situación nun futuro non moi lonxano

### MOITAS GRAZAS E A SEGUIR CA LOITA!

Rafael Adalid

### O NADAL CONSUMISMO ILIMITADO



Debido á enorme mobilización que hai nestas datas, decidimos saír á rúa a facer unha enquisa para saber o que realmente opina a xente de

todo o que supón o Nadal.

Aínda que son unhas datas moi bonitas e nas que a maioría da xente se reúne coa familia, tamén temos que pensar na cantidade de cartos que malgastamos.

Así que nos dispuxemos a facer a seguinte enquisa:

- 1- ¿Que opinas do Nadal?
- 2- ¿Canto diñeiro soes gastar en agasallos?
- 3- ¿Que comidas típicas adoitades comer na vosa casa por estas datas?
- 4- ¿Que che gusta celebrar, Papá Noel ou os Reis Magos?

Aínda que lle fixemos esta enquisa a varias persoas, a que máis nos chamou a atención foi a

de Carmen, unha xubilada de 76 anos que nos contou a súa historia.

*" Na miña época as vacacións de Nadal non eran como son agora. Nós non podíamos facer as comidas que se fan agora nin tampouco tantos agasallos porque non había cartos. As nosas comidas eran bacallau con verzas ou coliflor e un biscoito de postre, como moito había leite frito, pero iso era excepcional. Ademais, nós só celebrabamos os reis, o do Papá Noel é unha cousa de agora, de fai pouco, que eu penso que é máis polos cartos dos comerciantes que por outra cousa."*

Foi moi sorprendente oír a Carmen falar da súa experiencia e a paixón coa que relembra aqueles días. Nunca nos paramos a pensar no modo en que se celebraban anos atrás, e quedamos atónitas ao escoitar aquel testemuño. A miña compañeira e mais eu sempre vivimos o Nadal dun modo distinto. Quizais iso nos levou a pensar que sempre se fixera así. O feito é que celebramos estas festas en mesas amplas, con moitos familiares enchendo a entrada da casa con regalos, cos pratos ateigados de alimentos exquisitos e case sempre caros... Hai marisco, segundos e mesmos terceiros pratos, e postres, estes últimos das formas e sabores máis variados e pintorescos. Ademais, normalmente celebramos Papá Noel, aínda que os máis tradicionais seguen regalando pequenos detalles na data de reis.

A nosa conclusión non é máis ca aceptar o paso do tempo e a evolución dos costumes, dos valores e do comercio, que, cada vez máis globalizado, conleva sen lugar a dúbidas un afán de consumismo e gastos innecesarios, mesmo delirante.

O noso consello: diminuír os gastos do Nadal, tanto nos regalos coma nos alimentos, que normalmente son demasiados e moi caros. Este consello aliviará a dor que sofren os nosos petos durante estas datas pero non restará nin unha migalla de cariño aos nosos seres queridos. Aínda que, sobre todo, o que aconsellamos é pasalo ben.

Elena Fernández  
Sandra López



# PARANINFO



O 11 de febreiro deste ano 2008 todos nós: alumnado, profesorado, personalidades (Don Emilio Pérez Touriño, Dona Laura Sánchez Piñón...) celebramos a nova posta de largo do *Paraninfo* do noso instituto no que tantas aventuras nos teñen acontecido.



*Na historia do Paraninfo atopamos un cravo de ouro cravado moi fondo e, por máis que se intente, é imposible arrincalo. É a pegada duns homes ilustres que desde este paraninfo elevaron a cultura galega á categoría de universal.*

*Limpámolo, démoslle brillo e cubrímololo con este ramo de flores marelas.*



*Resulta que debaixo da tarima deste escenario atopamos un cravo de ferro, moi cravado e todo enferruxado, e por moito que se intente, é imposible arrincalo. Os vellos desta zona dixeron que a natureza, faloron de sumarísimos, de terror e de medo, de odios e xenreiras, de represalias e inxustizas.*

*Limpámolo, démoslle un bico e cubrímololo con este ramo de flores brancas.*



*O terceiro descubrimento neste mesmo chan foi un cravo de amor, tamén moi cravado e, por moito que se intente, é imposible arrincalo. Aloumiñámolo, limpámolo, démoslle brillo e cubrímololo con aquel ramo de flores vermellas.*



Estas verbas pronunciadas pola nosa vicedirectora lémbrennos que hai un pasado que está aí e que non debemos esquencer para que nunca máis se volva repetir. Tamén nos lembra a valía de tantos homes e mulleres que fixeron do noso instituto un centro do que nos sentimos orgullosos como alumnos e como cidadáns. Percorrer os seus corredores, mirar polas súas xanelas, entrar nas súas aulas de altísimos teitos e tantas outras cousas, forma parte de nós e esa é unha pegada que nos acompañará ao longo da nosa vida.

Que esta reforma dure por moitos, moitísimos anos... e ata a seguinte.

Antía González  
Antía Rodríguez  
Fotos de Ismael Velo



## OS NOMES DAS RÚAS DE OURENSE

¿Son adecuados os nomes das rúas da nosa cidade?

¿Que vos parece se os trocamos, pero como é debido?

Ultimamente está moi de moda falar acerca da memoria histórica, xa que serve de pretexto para que os políticos dos dous partidos principais do país se pelexen entre si; pois ben, precisamente tendo en conta o tema da memoria histórica, deberíamos plantexarnos se os nomes das rúas da nosa cidade son correctos. Todos sabemos que ó longo do tempo e sobre todo dependendo do momento político, os nomes das rúas sufriron cambios e modificacións, pero o que quizais non saibades, é que as nosas rúas xa tiñan o seu nome, nomes enxebres, autóctonos, propios do noso pobo.

No s. XIX, un concelleiro da corporación municipal de Ourense, que era castelán, fixo un cambio patriótico e substituíu os nomes tradicionais de rúas coma *Rúa da Obra*, *Pelouriño*, *Eirociño dos Cabaleiros*, *Praza dos Coiros*; por Lepanto, Colón, Plaza del Cid, Plaza de San Marcial respectivamente, coa desculpa de aludir a acontecementos históricos nacionais moi dignos de louvar segundo a súa opinión, pero que nin ós ourensáns daquel momento nin ós ourensáns de hoxe nos din nada. Cando as rúas da cidade tiñan aqueloutros nomes, era por algo, *Pelouriño*, referíase á columna de pedra á que eran atados os reos para o seu castigo ou escarnio público; *Eirociño dos Cabaleiros* facía homenaxe aos cabaleiros medievais; a *Praza dos Coiro* aludía aos artesáns e ao seu traballo; todos estes nomes estaban relacionados con cousas da nosa terra, e por mor de decisións foráneas, os ourensáns tivemos que aturar que se nos privara dos nomes que facían alusión á nosa terra galega e á nosa historia.

Tamén vemos que o cambio dalgúns nomes de rúas obedece ao desexo de eliminar todos os

restos do antigo rexime franquista; por iso, desaparecen os derradeiros nomes dos militares da contenda civil: Xeneral Franco, trocado hai tempo por Rúa do Progreso e Primo de Rivera, rúa que desde hai anos coñecemos só co nome de Rúa do Paseo. Actualmente aínda seguimos facendo algún cambio deste tipo coma o caso de Capitán Eloy por rúa da Concordia, Coronel Ceano por Santa Eufemia (non confundades o nome desta rúa co da igrexa de Santo Domingo).

Sen embargo, aínda que ningunha rúa de ningún pobo merece ter o recordo dunha época tan negra coma a do franquismo e a súa represión, cando se trocan eses nomes deberíanse poñer os que tiñan nun principio ou substituílos por outros máis propios e enxebres: topónimos, referentes históricos e costumistas, ou nomes de autores literarios, pintores, defensores da nosa terra... Na nosa cidade non hai ningunha rúa co nome de Castelao, e personaxes da importancia de Pondal ou Rosalía teñen o seu nome en rúas das aforas da cidade, rúas pequenas e que practicamente ninguén coñece, por non falar doutras figuras que se atopan totalmente esquecidas.

E segundo isto, vemos que pórllle Concordia (demais de xa haber outra rúa con este nome e por tanto duplicarse) á que antes era Rúa Capitán Eloy é absurdo; non nos di nada, a non ser o exemplo da Praza da Concordia en París, onde durante a Revolución francesa se executaban na guillotina condenados a morte. Pois ben, esta rúa noutro tempo chamouse Carretera de Trives, (Estrada de Trives) ¿Que ten de malo ese nome? icantos dos que viven hoxe en Ourense son de Trives!, e se non lles gusta esta opción, que saiban que durante a República bautizouse co nome de Basilio Álvarez -avogado e sacerdote ourensán, defensor dos labregos co movemento agrarista do que era líder, e deputado das cortes republicanas-. E xa que facemos referencia a esta figura, dicir que hai pouco recuperouse o seu nome nunha rúa pontina.



Por suposto que se seguimos co cambio dos nomes das rúas, sería pertinente suprimir o de Eugenio Montes, único ourensán ilustre que chegou a ser membro da Real Academia Española, ¡que curioso! Que fora íntimo de José Antonio Primo de Rivera e que contribuíse á formación da Falanxe.

Tampouco debemos esquecer que o prestixioso Complexo Hospitalario Universitario leva o nome de Juan Canalejo, fundador da Falanxe en A Coruña, e por certo, cidade onde conservan nomes coma Manuel Azaña, a comunista Dolores Ibarruri (máis coñecida coma a Pasionaria) ou a anarquista Federica Montseny ¡Que diferenza entre dúas cidaes igualmente galegas! ¿non?

A pesar de se cometeren erros ó nomear de novo as rúas por non realizar as consultas pertinentes e carecer de información, o concello somos todos, e como tal deberíamos facer máis fincapé neste tema, xa que se trata das nosas rúas, da nosa cidade e con elas da nosa xente e da nosa historia.



Pza. Saco e Arce (Estátua de Castelao)



Rúa do Paseo

### Victoria Álvarez Buján



Pza. de San Marcial



Entre outras, Rúa do Paseo, Rúa da Concordia





Ramón Otero Pedrayo soía referirse a Ourense como "a vella Auria", retomando a palabra que chegou xunto cos romanos e acabou instalándose no imaxinario de tódolos tempos.

Ourense foi coñecida a principios do S. XX como a Atenas de Galicia pola grande cantidade e calidade dos escritores que nela naceron, viviron ou traballaron. Dende Curros Enríquez ou Lamas Carvajal, ata Xosé Luis Méndez Ferrín e Carlos Casares, pasando por Lousada Diéguez, Vicente Risco, Florentino Cuevillas, ou o xa citado Ramón Otero Pedrayo; e, por suposto, o propio Eduardo Blanco Amor, entre outros.

Porque este último foi quizais un dos autores que mellor soubo escribir sobre "a vella Auria". En libros como *Os Biosbardos*, *Xente ao Lonxe* ou *A esmorga*, fai un perfecto retrato da sociedade galega de finais do S. XIX, dende perspectivas e puntos de vista moi diversos, todos seus (dende nenos ata traballadores), pero sempre coa mítica Auria como territorio literario. E falando de retratos; as súas descrições, case fotografías (era un magnífico fotógrafo), devólvennos a ese Ourense de cambio de século, precisamente ao Ourense que coñeceu dende a súa infancia ata a súa emigración a Bos Aires en 1918. É ese Ourense que tamén eu vos quero mostrar a través desa gran obra que é a *Esmorga* e a través dos seus personaxes; ese Ourense de afiadores, si, pero tamén de bohemios.

## A Esmorga

A trágica historia de tres compañeiros (o Cibrán, o Bocas e o Milhomes) que se atopan un luns ó mencer e deciden pasar o día de borracheira, farra e *esmorga* polos baixos fondos da cidade da Auria.


Pero sen querer, van deixando tras de si unha vaga de sucesos que os obrigará a iniciar unha "fuxida" para evitar ser capturados pola xustiza. Os feitos iranse volvendo en contra deles ata acabaren finalmente, dous deles, perdendo a vida ó final do día; e un terceiro, o

Cibrán, apresado pola Garda Civil. Verase este obrigado a prestar declaración fronte ó xuíz, froito da cal xorde, 90 anos despois, esta novela. Segundo palabras textuais do autor:

"...púxenme agora a escribir esta crónica, e coasi corenta anos de tere recollida tan lene documentación e a noventa dos sucesos mesmos".

### A Esmorga, un percorrido pola Auria

Cibrán Canedo, protagonista e narrador, sae da casa da Raxada, máis aló de Mariñamansa, para estar ás sete no traballo. É entón cando se atopa con Juan Fariña (o Bocas) e Eladio Vilarchao (o Milhomes) ó pasar polo Mesón da Cristalina, e convéceno para ir tomar algo á **Taberna da Tía Esquilacha**. Estaría esta no arranque da Avda. de Zamora, preto do Posío, e atópase aquí a primeira placa das oito en total colocadas polo Clube Cultural Alexandre Bóveda para recordar os escenarios da novela, nunha das columnas da Delegación de Sanidade (imaxe 1).



**Imaxe 1.-** "Ao chegar perto do Posío, entramos na taberna da Tía Esquilacha, onde pararan tamén os tratantes" [...] "...cando espertaron, a eso dunha hora dempóis, seguía chovendo arreo e o día empardecera aínda máis, como si fora vir a noite"

Dende aquí marcharon pola ponte Pelamios para cruzar o Barbaña (ponte xa desaparecida) ata chegar ás Burgas. Na **ponte da "Burga"** atópase a segunda placa (**imaxe 2**).



**Imaxe 2.-** "Con que seguía a caer aquela chuvia acoriscada que facía máis mesto o bafo a se soerguer da auga quente do lavadoiro grande da Burga".

No entorno estaba a casa dos Andrada, onde habitaba unha misteriosa dama. Dende aquí cruzarán de novo o Barbaña para despois de pasar por *Saltodocán*, chegar ó pazo dos señores do "Castelo". Despois dun suceso no mesmo, teñen que saír correndo, ó igual que sucedera na Taberna da Tía Esquilacha.

"...tomamos folgos, descansando un bo anaco. Logo, pegando un arroteo, fomos parar aos arrabaldos do Posío, cerca da ponte da Burga".

Entran na zona antiga pola *Porta do Aire*, que lembra o nome dunha das portas da cidade. Atópanse nos arredores do Xardín do Posío, no arranque da rúa Xulio Prieto Nespereira. Despois de pasar diante das tabernas, pararán a beber na **praza de San Cosmede**. A terceira placa aclara o que aconteceu neste lugar. (**imaxe 3**)



**Imaxe 3.-** "Na fonte de San Cosme bebemos a morro uns grandes grolos de auga da pía, que nos fixo baleirar, de alí a pouco, todo canto tiñamos dentro".

Dende aquí parten cara á ferrería, onde está a "Casa Monfortina". Como non os deixan entrar e aparece a policía, deciden cambiar de rumbo e avanza polo **canellón da Pena Vixía (imaxe 4)**, entre as rúas Hernán Cortés e Liberdade, facendo esquina con esta última.





**Imaxe 4.-** "Ao chegar ao calexón de Pena Vixía, o Bocas ordeou: Temos que nos asopapar"

"Dentro dun instantiño xuntámonos na casa da Nonó", dicía o Bocas. "Entrade, sen petar, pola porta da Santísima Trindade... non vos demoredes". E esa será precisamente a súa próxima parada. Saen á praza da Santísima Trindade e pasan pola praza do Correxidor, onde o reloxo da catedral marca a media noite. (imaxe 5). É tamén aquí onde posteriormente Cibrán se laia de non ter aproveitado aquel intre para distanciarse definitivamente dos outros dous esmorgantes.

**Imaxe 5.-** "Cando paramos de correr, aló pola praza do Correxidor. oíronse no reloxo da catedral as..."

Páranse, pois alí vivía o Milhomes. Despois de planificar que facer, saen de novo. Atravesan a rúa dos Fornos (paran na churrería de Parroquia), a rúa Teceláns e a rúa do "Istituto". Teñen de novo que apurar o paso, e mesmo se esconden na Igrexia de Santa Eufemia, ó atopar as portas abertas. Ó saír, un ataque de risa faraos parar na cercana Fonte do Rei, onde... (imaxe 6).





**Imaxe 6.-** "Logo fomos dar á Fonte do Rei, onde mexamos na pía, con licencia de vostede". Actualmente desta fonte, situada xunto ós xardíns do Padre Feixóo, xa non mana auga, pero conserva o antigo escudo da cidade.

Almorzan no Mesón do Roxo, que estaría situado no comezo da Avda. de Bos Aires, e regresan pola estrada de Trives e pola Travesía (actual rúa do Paseo), ata chegar preto da catedral, xa a iso das tres da mañán. A placa correspondente a este momento atópase na rúa Lamas Carvajal, moi preto da Praza Maior. (imaxe 7).



**Imaxe 7.-** "Con que ao chegar perto da Praza Maior, oíronse as tres da mañá, no reló da Catedral. A xiada estraba a rúa e mais os tellados, que todo somellaba de vidro polo moito luar, i os charcos da chuvia estaban outravolta adurecidos polo carambello."



Rúa Lamas Carvajal

Deciden camiñar os nosos esmorgantes cara á estación, pensando en fuxir cara a Asturias no tren das cinco da madrugada; pero ó seren avisados de que a garda civil roldaba aquela zona, deciden volver sobre os seus pasos. Ponte Maior, taberna do "San cristán", finca do Abade das Vellas, campo das bestas e casa da Socorruto "a tola". **Amence...** pasaron vintecaturo horas.

"¿E que máis feitos quer, señor? Os feitos son istes, un por un e tal coma socederon. O romate diles foi porque outras cousas foron pasando denantes. Se non tiveran pasado, o romate sería doutro xeito do que foi. Porque a verdade é que cada cousa que faciamos non era das que se fan decote nas esmorgas, que ó fin son todas cousas de adiversión e trastadas que teñen remedio...Nós íámolas facendo de tal xeito coma si as fixeramos sen darnos conta, ó mesmo polo tocantes a min, para que logo non tivesen remedio, coma quen vai fechando portas tras de si e guindando coas chaves, coma para non querer voltar, tal coma si adrede camiñáramos á nosa perdición".

*Ismael Velo*





*O acceso a este artículo está restrinxido aos maiores de idade. A dirección da revista non se fai responsábel das consecuencias psicolóxicas que poida ocasionar a súa lectura. Advertimos que pode provocar un insomnio crónico debido ao seu alto contido en terror.*

Todas as culturas, pobos e cidades posúen as súas lendas e tradicións. Unhas son máis cribles, outras menos, pero todas, e iso é o máis desacougante, son reais. Existen tamén na nosa cultura numerosas lendas e tradicións constatadas con testemuñas reais, relatos que lle porían a pel de pita ata o home máis valente. Falaremos aquí dalgunhas delas, pero OLLO! A experiencia pode ser traumática.

## A SANTA COMPAÑIA

É a procesión das almas, ou mellor dito, a procesión dos mortos. A Compañía é o exército antigo dos mortos que buscaban o seu lugar no Alén.

En Galicia a Compañía adoita ter un ámbito de actuación que se circunscribe ao territorio parroquial. Os defuntos de cada parroquia responden á chamada do que leva máis tempo soterrado. Érguense da tumba, entran na Igrexa a recoller o que precisan e, puntualmente, ás doce da noite, póñense a andar polos camiños. Algúns afirman que saen todos os días, mais outros que só o fan en determinadas datas e días (venres e sábado). Sae de noite, de día, segundo algúns é invisible pero nótase o seu paso, un rumor como o vento, cheiro a cera, medo e desacougo.

Parece ser que vai disposta en dúas ringleiras e os seus integrantes van descalzos e envoltos nun sudario branco. Todos levan luces, candeas ou ósos ardendo e outros obxectos imprescindíbeis: a cruz procesional, o caldeiro de auga bendita, a campaiña, o peto das ánimas e o farol. Unha figura esencial na comitiva é o portador da cruz, que non é un morto senón un vivo. Este vivo ten que andar o que lle resta de vida coa Santa Compañía, a non ser que consiga desfacerse da cruz pasándolla a outro vivo.

Sempre representa un gran perigo para quen bate con ela ou para quen a ve de lonxe, xa que o portador da cruz pode intentar pasarlla se o pilla despistado. Se aínda así, nestes tempos que corren de vicio e depravación, pubs e discotecas, hai quen ousa andar de noite polos camiños da Compañía, debe coñecer o atrevido varios remedios para librarse da cruz. Velaquí algúns:

-Abre os brazos e pronuncia o nome de Xesús Cristo.

Leva as mans ocupadas con algunha cousa.

Fai un círculo cunha cruz e agarda dentro del ata que pasen.

## A LOBISHOME

A lobishome pódese chegar por vontade expresa do demo ou por unha fada, que é a maldición que se recibe dos pais ou dunha persoa chea de odio.

O proceso de transformación empeza cando a persoa sente unha arela irrefreable de arrolarse na terra e fregarse nela. Envórcase onde fixeron cama os lobos reais facendo coma eles e mesmo superándoos en forza e crueldade.

No caso do Lobo da Xente, ten unha pelica que cando a quita é persoa e cando a pon é lobo.

Non hai ningunha arma que o poida ferir ou matar e así adícase a atacar, matar e devorar. Nalgúns casos é lobo mentres dure a fada,



noutros tan pronto é lobo como persoa, ou de día home e de noite lobo. Algúns teñen que estar sete anos de lobos.

Pódese superar a maldición se alguén lle fai sangue cunha aguillada de acivro bendecida na igrexa o domingo de Ramos, se o sorprende cando está a envorcarse na lama inmediatamente antes da metamorfose ou no caso do Lobo da Xente, se se queima a pel do lobo coa que se cobre.



É ben coñecido o caso de Manuel Blanco Romasanta, nado en Esgos, en Ourense, confeso autor da morte de trece persoas na serra de San Mamede. Na súa confesión manifestou que mataba en contra da súa vontade. Andaba pola serra na compañía doutros dous lobishomes: Jenaro e Antonio.

# OUTROS

**TRASGO:** Poden axudar aos humanos. Se se arrola un berce baleiro, o trasgo déitase nel. Cando o pescador que sae de noite ve pousarse

un paxariño na cruz da súa rede entende que é o trasgo anunciándolle moi boa pesca.

**TARDOS:** Confúndense ás veces cos trasgos e trasnos pero os tardos causan pesadelos sentándose sobre o peito dos que dormen. Un deles é a Man Peluda que afoga ás persoas que dormen apreténdolles a gorxa. Outro é o Comellón.

**CURUXAS:** Anuncia a morte dunha persoa. A curuxa pode ser unha bruxa, en todo caso é un dos páxaros da noite, ave de mal agoiro. Outro de mal agoiro é o corvo.

**SACAÚNTOS:** É o home do saco galego no que non cren os adultos e que usan para asustar aos nenos coa intención de que durman ou deixen de enredar. Pero haber hainos, o que ocorre é que os adultos xa hai tempo que se esquenceron do neno que foron e do que levan dentro.

**BIOSBARDOS:** Paxaros ou mozos de gran beleza que ninguén sabe describir. Para cazalos hai que ir de noite a un camiño estreito e afastado onde non se oía canto de galo ou galiña, nin voces humanas. Levar un saco grande, abrilo e invocalos (lede *Os biosbardos* de Eduardo Blanco Amor, ambientada no Barbaña, en Ourense). A persoa que consiga cazalos terá sorte ao longo da vida pero coa condición de que nunca llo revele a ninguén.

Sabela Álvarez Pérez  
María Abalo Rodríguez



Aquí vén o maio  
cuberto de flores  
aquí vén o maio  
do Otero Pedrayo

As nosas coplas  
ímosvos cantar  
que cas nosas críticas  
poidades disfrutar.

A realeza española  
segue medrando  
e dos nosos cartos  
segue papando.

Irak está en guerra  
é unha desgracia  
parece que Bush  
inda lle fai gracia.

O que pasa en Irak  
non se pode permitir  
hai que dicirlle a Bush  
ipensa nos iraquís!

Monforte, Trives, Caldelas  
todos queren autovía  
prometeron os políticos  
que por alí pasaría.

O noso goberno  
a pares está  
Quintana e Touriño  
darán que falar.

Falan do AVE  
da súa chegada  
e a nosa estación  
desaproveitada.

O carné por puntos  
non vale para nada  
moreas de mozos  
morren nas estradas.

Se os puntos do coche  
non queres perder  
non vaias pola estrada  
a todo correr.

Os mozos de agora  
bótanse a perder  
por iso das drogas  
o alcohol e internet.

Cabezas, Cabezas,  
marchaches, marchaches  
co rabo entre as pernas  
e así nos deixaches.

As moscas son molestas  
non paran de picar  
son coma os políticos  
só saben falar/cobrar.

Ana María Ríos  
foi presa en Cancún  
aproveita a fama  
saiu en Interviú.

Coa moda dos móbiles  
estamos a tolear  
soben os prezos  
quérennos estafar.

Onde toma o café  
o noso presidente  
que ten intrigada  
a toda a xente?

Os suicidas de ETA  
viñeron atentar  
bombas na T-4  
para destrozarl.

Na terminal catro  
houbo unha explosión  
todos escaparon  
todos menos dous.

Sabemos, coñecemos  
casos de maltratos  
como non se remedien  
serán asasinatos.

Os inmigrantes non  
paran de chegar  
e a Cruz Vermella  
vai rebentar.

As drogas pola rúa  
son un tema a tratar  
por mozos e mozas  
que o teñen que frear.

Os pisos son moi caros  
non se poden mercar  
así que mozos e mozas  
comenzade a aforrar.

Para ver o futuro  
non uses prismáticos  
a solución é ben simple  
o cambio climático.

Chuvias torrenciais  
olas de calor  
o tempo non se aclara  
se frío se calor.

Ail Nosa Galicia  
verde te queremos  
pero cos incendios  
negra te vemos.

Papeis pola rúa  
andan a tirar  
ninguén os recoller  
nin se pon a limpar.

Agora nas eleccións  
os políticos a traballar  
pero cando todo pase  
outra vez a vaguear.

As obras en Ourense  
non dan acabado  
mirade Marcelo Macías  
non a dan terminado.

A estación de San Francisco  
está abandonada  
cando vas coller o tren  
quedas horrorizada.

As perfumerías  
abundan en Ourense  
tanto perfumarse  
como cheira a xentel

A nosa lingua  
queremos defender  
pero se somos poucos  
non o podemos facer.

O noso doce idioma  
está a desaparecer  
se non o falamos  
ímolo perder.

O xurado está comprado  
polos nenos mexericas  
que fan as súas coplas  
das cousas bonitas.

Non nos imos render  
as coplas imos vender  
se non lle chista ao xurado  
que se vaia ao carallo.


Alumnos e alumnas do  
IES Otero Pedrayo.

# C O P L A S D O S M A I O S



## Ourense, pasado e presente

Seguro que coñecedes Ourense de arriba a abaixo, aínda que se a alguén lle dese por inventar unha máquina do tempo e levarvos a uns anos atrás, estariades completamente perdidos. Investigando un pouco conseguimos atopar isto:



No parque de San Lázaro hai cambios nas árbores e os máis importantes están ó seu redor: a estrada, os edificios, o mobiliario urbano...



Como podedes ver, o cruce de Xoán XXIII sufriu un cambio radical, aínda que a estrutura das rúas mantense.



Á esquerda, a Ponte Nova aínda en construción e á dereita, o resultado na actualidade



Recoñecedes este lugar? Nada máis e nada menos que o Xardín do Posío cuns cambios de máis...







Na rúa Cardenal Quiroga non se aprecian demasiados cambios, aínda que si podemos velos nas casas do fondo, algúns edificios, etc.



O barrio da Ponte experimentou un grande crecemento neste século, os edificios corrobóranlo



La Región, anteriormente imprenta e librería, cambiou de emprazamento e medrou ata converterse no xornal e tenda que é hoxe.



Os xardíns e os arredores das Burgas están completamente diferentes con respecto a hai uns anos.



A Alameda tiña baños en lugar dos xardíns





No Concello apenas se aprecian cambios importantes



-O antigo Gran Hotel Miño, na rúa do Paseo, permanece intacto, aínda que xa non é un hotel.



O cruce entre Capitán Eloy e a rúa do Paseo



*Beatriz Álvarez López  
Christian Vázquez Nóvoa*



O feísmo na arquitectura popular galega iníciase na etapa preindustrial, que leva a un urbanismo de proporcións desmesuradas e desordenadas. Aparece en zonas urbanas e rurais, ante unha certa pasividade das autoridades e a falta de calquera outro control. Os promotores poden construír como lles veña en gaña e así o fan .

Os que se adican desde fai bastantes anos á construción son ,efectivamente, conscientes de que o feísmo adquiriu nos últimos tempos un desagradable protagonismo debido, entre outras cousas, á enorme demanda de vivenda. Tamén obedece a solucións provisionais e a un peculiar sentido da reciclaxe por parte dos propietarios ( ferramentas que pasan a ser obxectos de decoración, canastros cementados, valados de somieres, sinais en medio da nada...).

Son moitos os implicados e responsables deste fenómeno, dende promotores e construtores ata técnicos, arquitectos, entidades municipais e os mesmos propietarios . É certo que observamos nestes últimos anos unha maior sensibilización e valoración do noso territorio pero cremos que se deben tomar medidas máis contundentes a este respecto e concienciar á xente do noso patrimonio para preservalo destes adefesios.

Resumindo, por"feísmo arquitectónico, urbanístico ou paisaxístico" enténdense todas aquelas construcións ou obras humanas que degradan dalgún modo o seu entorno.

Desgraciadamente, son moitos os exemplos de feísmo que podemos atopar no noso territorio, nós só che proporcionamos uns cantos casos pero se queres ter máis información, busca na sección Chapuzas da edición dixital da Voz de Galicia, ou senón; abre ben os ollos cando percorras o teu camiño do instituto a casa, ou cando vaías á túa aldea..... Alucinarás.



Pontevedra  
¿Como botar a perder o muro dunha igrexa?



Aranga. Antes gardaba o combustible para o gando, agora que non hai gando, ....



Un peche para aprendices de ladróns



Negreira. Valado feito con antigos puntos quilométricos.



Tetris mal feito. A Valenzá



O descanso do labrego meréceo?. Os Peares

*C. Katherine Alonso Lorenzo  
Denise Justo Casado  
Iria Ramos Novoa  
Laura Vaqueiro Lorenzo  
Sheila Oliveira Pereiro*





## O Himno da Nación

Un himno é unha composición musical, xeralmente con letra, que expresa a unión, os sentimentos, a colectividade e o amor pola terra propia dun pobo; identifica e une a un pobo cunha historia, unha cultura, unha lingua,... en común. Ese é o caso do noso himno, do himno da nación, do himno galego. Coa súa letra une a todos aqueles que se consideran galegos, vivan ou non en Galicia; expresa o grande amor do noso pobo por esta terra tan fermosa á que tanto amamos e que vaíamos onde vaíamos levamos no corazón, esa terra da que sentimos tanta morriña ó estar lonxe dela. Conta a nosa historia, unha historia que tivo momentos de gran esplendor, pero outros de gran decadencia e represión para os galegos, pero é a nosa historia, unha historia que agora podemos facer para sempre esplendorosa. É símbolo dunha cultura única, a cultura galega que só os que se senten realmente galegos poden chegar a entender, unha cultura que inclúe esta lingua na que agora escribo pero na que durante moito tempo non se puido escribir nin falar en público, unha lingua maltratada durante séculos á que agora comezamos a devolverlle o lugar que lle pertence, e digo comezamos, porque aínda queda un longo camiño por percorrer. Estes sentimentos sobre a terra, a lingua, a cultura,... poderían pertencer a calquera galego e non son moi distintos dos que Eduardo Pondal, co seu poema *Os pinos*, e Pascual Veiga, coa súa música, uniron para formar unha marabillosa composición que hoxe é o himno galego. Pero, coñecemos todos a historia do noso himno?

### Como e cando aparecen a letra e a música do himno?

A **música e a letra** do noso himno datan do ano **1890**. Anos antes, en 1884, Pascual Veiga xa intentara definir unha melodía oficial para



Eduardo Pondal



Pascual Veiga

Galicia e organizara un concurso para atopar a *Mellor Cantata de Galicia*. A súa idea non funcionou e cinco anos despois invita a outro ilustre músico, para xuntos intentar crear unha canción que servise de identificación ó país. Sen embargo, a idea non acababa de concretarse e en marzo de 1890 escribe a Pondal para que lle envíe unha letra adecuada para o seu obxectivo. O poeta envíalle desde a súa vila natal, Ponteceso, a poesía, nunha carta con data do 5 de abril, na que di que esa letra só aspira a espertar nos galegos as nobres ideas do provincialismo e o rexionalismo ben entendidos e que non quere de ningún modo promover ó separatismo, xa que é partidario da unidade e integridade de España. Non debemos sorprendernos destas palabras de Pondal, xa que el era iberista federalista, é dicir, cría nunha confederación iberoamericana liderada por Galicia, ideas moi avanzadas para a época na que vivían. Así, co poema na man e estando Pascual Veiga no cumio da súa popularidade tras gañar co seu orfeón importantes galardóns, convence ó Concello da Coruña para organizar o maior certame musical da historia de Galicia. Neste concurso, un dos premios será para o compositor da "mellor marcha rexional galega" composta para orfeón sobre a letra de *Os Pinos*. Como presidente da organización, Pascual Veiga non se pode presentar; aínda así, realiza a súa propia versión que será interpretada no caso de que o concurso quede deserto. Pero non ocorre isto e o xurado concédelle o primeiro premio ó compositor catalán Ivo Gotós, mais non hai constancia de que se interpretaran nin a composición de Gotós nin a de Veiga por estas datas, a primeira seguramente por falta de



ensaios e a segunda por discrepancias con membros da organización.

### Cando se interpreta por primeira vez?

Segundo todo o anterior, será en **Madrid** onde finalmente soará por primeira vez esta peza, coa música de Veiga. Hai pouco descubriuse unha carta enviada polo secretario do Orfeón do Centro Galego de Madrid e na que se dirixía a Veiga comentándolle que esa agrupación interpreta a cotío o himno. Dado que o compositor se trasladou a Madrid en 1892, puido ser ese ano no que se escoitou por primeira vez en público o himno galego. O recente descubrimento desta carta fixo que desaparecese a teoría de que o primeiro lugar onde se interpretara o himno galego fora na Habana o 20 de decembro de 1907.

### Como e quen popularizou o himno?



Xosé Fontela Leal

Aínda que o himno xa se interpretara anteriormente, a súa **popularización** débemoslla ó ferrolán **Xosé Fontela Leal**, bibliotecario do Centro Galego na Habana, que en 1907 escribe a Veiga para que adapte a partitura a piano. Así, na Habana, o 20 de decembro de 1906, no teatro Tacón (hoxe teatro Federico García Lorca) organizouse unha velada literario-musical co obxectivo de recaudar cartos para trasladar os restos mortais de Pascual Veiga (morreu en 1906) de Madrid a Mondoñedo. No peche deste acto a *Banda de Policía* da Habana interpretou o himno. Máis tarde Fontela Leal solicitou que *Os Pinos* fose o himno oficial dese centro galego, editou a composición e encargouse de distribuír partituras por todo o mundo.

### Curiosidades

- A finais do século XIX existían varias composicións que se postulaban como himno galego. Existían, por exemplo, o denominado *Himno Galego*, o *Hino popular rexional* ou *Casta dos Celtas*. É dicir, antes de que *Os Pinos* fose considerado un elemento identitario de Galicia, eran moitos os galegos que cantaron outras melodías e

pronunciaron outras letras que servían igualmente como himno.

- En 1958, o Concello da Coruña ofreceu a Franco a tradicional cea de gala no Palacio de María Pita. Cando finalizou, os invitados pasaron ós balcóns do Concello para escoitar a actuación duns grupos corais. Tras interpretar *Negra sombra* e *Os teus ollos*, o director pediulle a Franco permiso para interpretar o *Himno galego*. Tras un momento de tensión, o caudillo dixo "pode facelo pois gústame moitísimo".



- En 1975, nun festival folclórico coruñés produciuse a mesma situación. Parece ser que cando comezou a soar o himno, Franco púxose en pé e comezou a cantalo!
- A letra do Himno establecida na Lei de Símbolos de 1984 non coincide co manuscrito orixinal de Pondal. As diferenzas máis importantes están nos versos "e valeroso chan" e en "féridos e duros", que Pondal escribiu "e valeroso clan" e "e férridos e duros". Propúxose cambiar a letra do himno para adaptala á orixinal, pero ó final desestimouse esta proposición xa que os galegos e galegas xa tiñamos aprendido ese himno e podíamos reaccionar negativamente ante o cambio. Tan só se retocaron deformacións lingüísticas, e ademais considerouse que a palabra "chan" en vez da orixinal "clan" remitíanos a ese grande amor que sentimos os galegos pola terra.
- A música do Himno galego estivo a piques de ser a de Ivo Gotós, é dicir, o himno para os galegos feito por un catalán.

### A polémica actual:

Recentemente, apareceu unha nova polémica relacionada con noso himno. O BNG, por medio



do seu portavoz nacional, Anxo Quintana, ten a intención de que nas galegoescolas se cante o himno galego e sexa aprendido polos nenos e nenas desde pequenos, conseguindo así que aprendan a valorar os seus propios símbolos e a súa propia cultura. Sería un intento de popularizar e estender o himno. Pero o PSOE di que os símbolos deben ser tratados con naturalidade e non se deben utilizar en situacións forzadas. O certo é que noutras comunidades, como Cataluña, os escolares están obrigados a coñecer o seu himno, e desde a educación infantil xa coñecen outras cancións patrióticas. En fin, a polémica está servida.

Se o pensamos, é ben certo ese refrán que di "que mal repartido está o mundo". Mentres en España se convoca un concurso para atopar letra para o himno, sen ningún éxito, e co que só se creou polémica, aquí en Galicia non sabemos apreciar o que temos. Un himno poético, cheo de metáforas sobre o noso pobo e sobre a nosa terra, que debe ser envexa de moitos himnos das grandes nacións. Un himno que, aínda hoxe, non é coñecido por todos os galegos. Así que mentres uns pelexan, nós debiamos aprender a coñecer o que temos, apreciálo e protexelo.

**Lorena Fernández Gil**

## NOMES GALEGOS: Ti elixes.

Para celebrar o día das letras galegas, e co pensamento de fomentar o uso da nosa fermosa lingua en tódolos ámbitos e idades, desde as escolas ata os medios de comunicacións, ímosvos ofrecer neste recuncho de Rañolas unha pequena listaxe de nomes galegos, xunto coa súa orixe e significado, porque, por se non o sabedes, hai máis de 1410 nomes galegos de home e de muller, que podemos pórilles ós nenos que veñan de hoxe en diante, a eses mesmos nenos que se encargarán de conformar o noso futuro. Velaí van uns poucos:

## NOMES DE MULLER

Alborada: Latín: Aurora branca, mencer

Alexandra: Grego: Muller defensora, protectora

Antía: Grego: sacada das flores.

Anxos: Grego: Mensaxeiros

Áurea: Latín: Fermosa coma o ouro, espléndida

Bieita: Latín: Ben nomeada, bendita.

Caetana: Latín: alegre, leda.

Camiño: Celta: camiño, roteiro.

Carne: Hebreo: viña, xardín// Latín: Poema ou canto

Catuxa: Grego: pura, inmaculada, graciosa.

Comba: Latín: pomba, símbolo de paz e pureza.

Cora: Latín: moza, doncela

Edite: Xermano: Riqueza e combate.

Eduvixes: Xermano: guerreira vitoriosa na batalla.

Eunice: Grego: Vitoriosa.

Fara: Árabe: alegre.

Fedra: Grego: Brillante

Glauc: Grego: verde, da cor do mar.

Hadriana: Latín: Nada na Hádria.

Iolanda: Latín: violeta.

Iria: Basco- cántabro: pedra, vila.

Eire: Celta: Terra de Erin.

Lea: Latín: Leoa.

Lúa: Latín: lúa

Margarida: Latín: Pérola, flor.

Nerea: Grego: Nome dunha deusa grega do mar.

Noa: Hebreu. Repouso.

Olaia: Grego: ben falada.




Onda: Latín: onda do mar.  
Pomba: Latín: pomba, rola  
Reis: Latín: reis  
Rexina: Latín: raíña  
Rute: Hebreo: amizade, compañía, beleza.  
Sabela: Hebreo: variante de Isabel, o deus do Baal é saúde.  
Selene: Grego:Lúa  
Tareixa: Grego: cazadora, animal salvaxe.  
Negra: Grego: maravillosa.  
Uxía: Grego: ben nacida, nobre.  
Val: Latín: val  
Vitoria: Latín: vitoriosa.  
Sandra: Grego: a que torna ao inimigo.  
Xasmín// Xasmina: Persa: xasmín.  
Xema:Latín: xema, pedra preciosa  
Xenebra: Celta: a máis branca entre os elfos.  
Xenxa: Latín: inofensiva, honesta, sen culpa.  
Xiana: Latín: referido ao xentilicio da familia Iulia, adicada a Júpiter.  
Zaira: Árabe: florida  
Zulema//Zulima: Árabe: pacífica.

### NOMES DE HOME

Alarico: Xermano: riquísimo.  
Aldo: Xermano: vello, experto.  
Alexandre: Grego,home que defende algo, defensor que rexeita ao inimigo.  
André: Grego: viril.  
Antón: Latín: que lle planta cara ao adversario.  
Anxo: Grego: mensaxeiro.  
Artur//Artus: Grego: coidador da constelación Osa.  
Baruc: Hebreo: bendito.  
Bertrán:Xermano: escudo brillante e famoso.  
Bieito: Latín: ben nomeado, bendito.  
Brais: Latín: que balbucea.  
Brandán: Celta: personaxe lendario.  
Breixo: Latín: moi certo.  
Breogán: Celta: xefe dos celtas de Galiza.  
Cibrán: Latín: habitante de Chipre.  
Duarte: Xermano: Caudillo, gardián glorioso.  
Efrén: Hebreo: vizoso, abundante.  
Farruco: Xermano: o que quere ser libre.  
Fernán: Xermano: inteligente.  
Fiz: Latín: feliz, contento, fértil.  
Froilán:Xermano: Terra do señor.

Fuco: Xermano:o que quere ser libre.  
Gundar :Xermano: loitador forte.  
Gutier: Xermano: o que goberna.  
Hadrián: Latín: nado na Hádria.  
Hervé: Xermano: activo no combate.  
Iago: Hebreo: o segundo, o que vén detrás.  
Laertes: levantador de pedras.  
Leuco: Grego: puro.  
Martiño: Latín: Adicado á veneración do deus Marte, guerreiro.  
Olaf: Xermano: que provén de familia nobre.  
Rufo: Latín: roxo, de pelo roxo.  
Uxío: Grego: ben nacido, nobre.  
Vítor: Latín. Vencedor.  
Xavier: Basco: casa nova.  
Xacobe// Xacobe: Hebreo: o segundo, o que vén detrás.  
Xes: Grego: orixe, nacemento.  
Xian: Latín: xentilicio da familia Iulia, adicado a Júpiter.  
Xoán//Xan: Hebreo: Deus é propicio e misericordioso.  
Xurxo: que traballa a terra.

Victoria Alvarez Buján



i Eu tamén quero que me poñan un nome galego!





## RIOS DE GALICIA

No mes de novembro, os alumnos de bacharelato visitamos a exposición "Ríos de Galicia. Tesouros de vida", no edificio de Caixa Nova. Esta exposición constaba de 50 fotografías, realizadas por un famoso fotógrafo submarino, José Luis González.

Como nos explicaba a guía, este fotógrafo foi galardonado polo seu traballo en numerosos certames nacionais e internacionais, ademais, foi e é colaborador en numerosas publicacións e revistas como *Geo* ou *National Geographic*.

Este recoñecido fotógrafo plasmou nas súas instantáneas a vida que se esconde no interior dos ríos galegos, portadores dunha gran riqueza e moitas veces infravalorados. A lontra, o galápago, o sapo, a píntega... son algúns dos protagonistas destas fotografías, coas que o autor pretende, ou iso creo eu, chamar a atención sobre estes ecosistemas que, na súa maioría, se atopan moi ameazados e pola mesma deben ser protexidos.

Outra parte da explicación foi o estudo elaborado pola Universidade de Vigo, que se encarga de abordar tanto o estudo do río e das súas características como o dos seus habitantes e o seu entorno.

Segundo a propia páxina de Caixa Nova, "*este proxecto enmárcase na longa traxectoria de iniciativas de carácter medioambiental que organiza Caixa Nova para a divulgación e o coñecemento, entendidos como requisito*

*fundamental para preservar esta fabulosa herdanza natural*".

Considero pois esta experiencia coma unha maneira moi acertada de chamar a atención sobre a riqueza natural que posuímos en Galicia e que non valoramos. Unha chamada á preservación destes ecosistemas.

Na exposición, á vez que observabamos fotografías de animais propios de Galicia e a Península, a guía trataba e explicaba problemas aos que estas especies se teñen que enfrontar. Algúns deles son os seguintes:

**A troita:** peixe que en numerosas ocasións ve afectada a súa forma de vida debido ás actividades humanas nos ríos que modifican o seu hábitat.

**O galápago:** especie que se atopa en grave perigo debido aos desprazamentos que sofre por culpa doutras especies foráneas, como a tartaruga de Florida, especie utilizada con fins de ocio (como mascota) e que, en moitas ocasións, é deixada en liberdade sen pensar nos danos que pode causar nas especies autóctonas. Estas especies, ademais de competir coas propias por alimento e lugares de residencia, poderían levar á autóctona a puntos críticos, mesma á extinción.



**A lontra:** este animal, moi difícil de ver, funciona coma un indicador inmellorable da calidade das augas. É, polo tanto, un





animal moi especializado, que vive nun medio cunhas características moi específicas, por isto, ten sufrido mermas nas súas poboacións, causadas tanto pola contaminación dos ríos como pola entrada de novas especies coas que debe competir.



gran adaptación que presenta a todo tipo de cambios no seu hábitat (temperaturas, salinidade, proporción de compostos nitroxenados... ) sendo o osíxeno un dos poucos factores polos que se ve afectado. Este animal é, polo tanto, un excelente bioindicador da calidade das augas.



**O sapo común:** outro dos presentes na exposición. É un animal bastante típico e que, en liñas xerais, non sofre grandes perigos (en canto a poboación se refire) pero unha contaminación elevada podería provocarlle grandes danos, ao igual que moitos outros.



Ademais de todos estes animais que citei porque me pareceron os máis interesantes, a exposición constaba de imaxes de moitos outros, todos e cada un deles moi importantes nos ríos galegos, xa que contribúen ao seu equilibrio de diferentes maneiras. Por todo isto, debemos decatarnos dos graves prexuízos que causamos coas nosas actividades, moitas veces feitas sen malintención, pero que supoñen un ataque gravísimo á biodiversidade dos nosos ríos. Creo que todos deberíamos concienciarnos e pór da nosa parte para arranxar os desperfectos causados e por causar.



**O camarón de río:** pequeno animal moi típico dos ríos galegos. Vive en pozas e augas pouco profundas alimentándose de pequenos animais, algas e todo tipo de restos, polo que é un animal moi interesante de cara á limpeza dos ecosistemas. Ademais, sorprende pola



*Nerea Obregón Rodríguez*



## UNHA TRADICIÓN GALEGA: A MATANZA



Como a maioría dos rapaces, eu son dunha aldea de Galiza e a palabra "matanza" ten para min un significado moi amplo, non é só a tradición de matar o porco senón tamén unha xuntanza familiar.

A matanza consiste na reunión da familia para matar o porco que se cebou durante un ano a base de patacas, verduras, remolacha, fariña, millo, castañas e landras; aínda que esta alimentación tradicional estase a substituír por outra máis moderna como son os pensos.

A matanza dura uns tres días, aínda que agora, debido a que a maioría da xente traballa na cidade, faise en dous, eses días adoitan estar comprendidos entre o San Martiño e o Nadal.

O primeiro día, o encargado de matar o porco (antes matábase cun coitelo, agora hai que aparvalo antes para que o animal non sufra) apárvaio dun tiro na cabeza cunha pistola de aire comprimido e despois crávalle o coitelo para que sangue ben. O sangue recóllese nun caldeiro e dáselle voltas para que non calle e poder facer as filloas (doce típico destes días). Xa morto o porco, o seguinte é chamuscalo ou escaldalo, antes facíase con palla de centeo, agora como non hai faise cun soprete conectado a unha bombona, deseguido arríncanselle as pezuñas, lávase e ráñaselle a pel cun coitelo para que quede ben limpo. A continuación ábrese en canal para quitarlle as tripas, o fígado e os pulmóns,

despois queda todo o día colgado boca arriba para que sangue caia e arrefría ben.

Na bodega, as mulleres son as encargadas de distribuír os órganos e de estremalos (separar os distintos órganos e quitarlles as graxas). As tripas xa separadas ou estremadas son lavadas, antes lavábanse no río pero agora quizás por respecto ao medio ambiente, por hixiene e para non contaminar, faise na casa ou nun estanque, atugándoas na finca, despois déixanse a remollo nun caldeiro con limóns. As graxas déixanse arrefriar e despois derrétense e fanse os rixóns (roxóns). Outras tarefas que se levan a cabo este primeiro día é raspar o cabazo e pelar e picar as cebolas e os allos. Este é o traballo do primeiro día, amenizado cun bo xantar a base de cocido con orella, cachucha e chourizo e as filloas de sangue, de postre.



O segundo día desfaise. Cortamos o porco en anacos: os xamóns, as xamonetas, a cachucha, o lombo, a soá, as costelas, etc; ao gusto da persoa que o vai comer (máis ou menos grandes e con máis ou menos lardo). Do porco aprovéitase todo, a xente máis maior mesmo aproveita o fel para facer remedios caseiros.

A algunhas pezas hai que quitarlles a freba (ou magro), os lardos (ou graxas) e os coiros (ou peles) e posteriormente escóllese a carne segundo sexa para salgar, para os chourizos de cebola, para as chourizas, para o salchichón ou a que queda na casa para conxelar ou comer en días vindeiros. A parte da carne que vai para salgar depositase no saleiro e queda repousando no sal, cuberta totalmente, 7 ou 8 días,



dependendo do salgado que lle guste á persoa que o coma, despois cólgase no fumeiro para que se seque. Este día tamén se pica a carne dos chourizos, cada unha separada, e adóbanse de distinta maneira segundo o gusto; en xeral levan: sal, pemento doce e picante, allo, perixel e ourégano.

-os chourizos de cebola: ademais deso levan cebola moi picada, carne e cabazo raspado.

-as chourizas: carne, algo de loureiro e un pouco de viño.

-Os salchichóns fanse mesturando a carne escollida cun preparado que se compra xa para iso.

Este día, a media mañá, próbase a carne tomando unhas asaduras, e a mediodía, o xantar típico é a costela e o fígado guisado acompañado de patacas en cachelos.

O último día toca remexer a zorza (carne adobada e macerada) e encher os chourizos. Repártense as tarefas, uns meterán a zorza na máquina e daranlle á manivela, outros preocuparanse de atar as tripas e outros levaranas ó fumeiro.

Para cada tipo de chourizo emprégase un tipo de embude diferente. Unha vez feitos, levaranse colgados nunha bara ao fumeiro para que sequen.

Unha vez rematado todo, hai que ter conta de pórllle lume tódolos días ata que sequen ben e sirvan para comer crús, asados ou cocidos. Ó estar ben secos, os chourizos pódense envasar, secar ou conxelar.



Útiles da matanza

## EVOLUCIÓN DESTA TRADICIÓN

Esta tradición evolucionou como tantas outras debido a circunstancias como:

-O envellecemento da poboación, o que fai que nos pobos haxa cada vez menos xente que a realice.

- As tradicións vanse perdendo (por desgraza) e hoxe hai pouca xente que traballe no campo e crie porcos.

- A lei da protección dos animais, que substituíu o xeito de matalo. En vez de utilizar un coitelo especial (pois tiña o gume máis afiado e longo) antes hai que aturdilo para evitar o sufrimento do porco.

-O porco xa non é a base da alimentación galega co cal non se consume tanto como antes.

## CURIOSIDADES:

-Os nosos antergos, os xermanos, os romanos e os celtas, eran grandes consumidores de porco.

- A raza autóctona, o porco celta, estivo a punto de desaparecer .

- Ourense e Lugo son as provincias onde máis vida ten esta tradición.

-A matanza e a vendima son as últimas actividades comunitarias entre veciños, familiares e amigos que se realizan na actualidade.

-Ao finalizar a matanza, a familia propietaria do porco dálle ós veciños e amigos unhas probas (anacos de carne) como agradecemento e proba.

-A carne de porco é rica en proteínas de alto valor biolóxico, é de baixo colesterol, rico en minerais e vitaminas, sobre todo B, B6, B12.

- Deu lugar a varios oficios como o de matachín ou matador (persoa especializada en matar porcos, nunha xornada podía chegar a matar unha ducia) ou o capador (persoa que se encargaba de castrar os porcos cando eran noviños, tanto se eran machos ou femias).

Laura Pérez Tesouro



*Cantos pares de zapatos tes? cantos mobles te rodean? E agora pensa... cantos pares de zapatos tiñan os teus avós á túa idade ou como estaban amobladas as súas casas. ¿Non atopas unha gran diferenza? Tendo en conta que antigamente non existían os centros comerciais ou as cadeas de tendas, sabendo que todo se facía a man, decidimos indagar acerca dos oficios que están en "perigo de extinción" coma os cesteiros, zoqueiros, oleiros, telleiros...ou o noso típico afiador ourensán. Tomamos como exemplo ós nosos avós, que con moita ilusión nos narraron as lembranzas do seu día a día como zapateiro e carpinteiro respectivamente.*



**José Nanín.**  
**Zapateiro.**

Meu avó comezou co oficio de zapateiro ós 17 anos. Mentres que dous dos seus irmáns emigraron, el tivo que quedar aquí para seguir aportando cartos á familia. Aprendeu todas as técnicas no taller dun home xa maior, a piques de se retirar, nun dos pobos cercanos (normalmente acostumaba haber un zapateiro por pobo). O seu labor comezaba ben cedo, dende as seis da mañá até as once da noite, moitas horas de traballo, tendo en conta que só facía un par de zapatos por día. Contaba cun pequeno local debaixo da casa, e a súa única especialidade eran os zapatos de home (os clásicos de *fuelle* ), posto que as mulleres

usaban os de home e os de neno non eran rentábeis.

Unha vez á semana precisaba ir á capital para mercar as materias primas (correas, gomas, ceras, cáñamo...) en dúas únicas tendas específicas: "Os irmáns Diéguez " (antiga cafetería "Catro postes") ou en "Blanco" (fronte ao Palacio de Xustiza).

Medía os pés da persoa cun *garabatiño* ou cunha cinta, e coa axuda das formas (dependendo do tamaño de cada pé, podía haber máis de vinte formas), ía amoldando ou "empalmillando" o coiro (no caso dos clientes máis adifeirados, de pel de serpe) cunha *lerna* (agulla con forma de gancho) para posteriormente furalos cunha *subela* (agulla) para coselos (puntealos) con cáñamo ou liño. A continuación colocaba a sola, que podía ser de goma ou de llanta de neumático, e finalmente os tacóns. Para rematalos, alisaba a superficie cun esmeril e pasáballe unha man de cera ou crema negra ou marrón e unha especie de graxa que fervida actuaba endurecendo o calzado.

Facía os zapatos por encarga, cobrando por cada par de trescentas a cincocentas pesetas, sendo a súa única variedade, os zapatos de *fuelle*, as alparagatas de verán (de tea) ou as sandalias.

Gracias á emigración, os zapateiros sacaron grandes beneficios, posto que se encargaban moitos zapatos para levar, até que o comercio e as novas tendencias se foron impoñendo, limitando os obradoiros de artesáns zapateiros a simples remendeiros.





**Ramiro Gallego.**  
*Carpinteiro.*

Dende pequeno, meu avó viviu rodeado de utensilios de carpintería e así foi como, pouco a pouco, aprendeu o oficio da familia. Aos dezaseis anos comezou a traballar no taller co seu pai, pero meses despois xa marchaba facer os traballos ás propias casas dos clientes. Quizais agora nos resulte estraño, pero antigamente marchaban facer o mobiliario á propia casa que o pedira. As formas de pago eran moi diversas: *a secas*, é dicir, pagando só con diñeiro; *a mantidas*, pagando servizos con xantar e cea, ás veces se a casa estaba lonxe, ofrecían unha cama a modo de pago; e tamén intercambiando traballos.

Facían todo tipo de tarefas, dende carros, arados e diferentes apeiros de labranza ata faiados, bancos, cadeiras, mesas, alzadeiros (este tipo de mobles colocábanse na cociña e equivalen ao que actualmente son os módulos con andeis)... Tamén se encargaban das portas e fiestras da casa.

Para facer os pequenos apeiros, coma por exemplo un mallo, non era necesario un carpinteiro; pero para os grandes utensilios de labranza coma o arado e o carro, si. Estes últimos eran os máis solicitados polo pobo. Os carros e arados tardaban en facerse unha media de quince días e construíanse na casa do propio cliente.

Para facer as diferentes partes do carro (botoallo, chedeiro, fungueiros, xugo e mozo) utilizábanse *serruchos, martelos, formóns, compás de ferro* (de diferentes tamaños segundo o tipo de roda que se quixese), *garlopas, cepillos...*

Coa chegada dos primeiros modelos automobilísticos para o campo, foise deixando de lado o uso do carro, malia que hoxe en día aínda hai xente do rural que o utiliza para as súas tarefas cotiás.

Aínda que a profesión de carpinteiro estaba moi solicitada, a entrada no mercado de maquinaria que acurtaba o proceso de realización de mobles e apeiros de labranza, fixo que este oficio se fose extinguindo pouco a pouco.



*Miriam Nóvoa  
Alba Gallego*



**A TORRE DE HÉRCULES: ¿ próximo patrimonio da humanidade?**

A Torre de Hércules é, como seguramente sabedes, un faro situado en Galicia, concretamente na cidade da Coruña, pero o que posibelmente descoñezades, é que ten o privilexio de ser o único faro romano e o máis antigo en funcionamento do mundo.

Foi construída polos romanos como faro de navegación no século II d.C ( durante o mandato dos emperadores romanos Traxano e Adriano). A Torre perdeu, posibelmente, o seu uso marítimo durante a Idade Media ao converterse en fortificación.

Será no século XVII (1682) cando o Duque de Uceda encargue a restauración arquitectónica ao arquitecto Amaro Antune, que construiu unha escada de madeira que atravesaba as bóvedas ata a parte superior onde se sitúan dúas pequenas torres para soportar os fanais.

No reinado de Carlos IV de España levouse a cabo a reconstrución completa.

A Torre era, antes de comezar a reforma, un corpo prismático con base cadrada; no exterior presentaba un muro de pedra con dúas portas na parte baixa e fiestras que a percorrían ata o piso superior.


Conserva no seu interior a vella estrutura romana, mais con escadas de madeira que pertencían á restauración do edificio.

(1). O debuxo recrea a torre orixinal do S.II. Aínda hoxe se descoñece se a cúpula estaba ou non pechada.

(2). No S. V comeza a caída do muro da torre e, posteriormente, no S. XI case remata por desaparecer.

(3). No S. XII utilizárase como fortaleza e a partir de 1537 reparárase o muro. No S. XVII será faro.





(4). A estrutura do faro antigo conservarase mais houbo que tirar a parte superior. No interior da torre o arquitecto limitouse á construción dunhas escadas.

A maior parte do muro que rodeaba á torre foi atopado nunha escavación nos anos 90.

As bandas diagonais do revestimento actual lembran o percorrido espiral das primitivas escadas.

(5). No S. XVIII o inxenheiro Eustaquio Giannini, nado en Badaxoz, foi o encargado da reforma máis importante.

O corpo octogonal da imaxe 5 é unha adición que, para ser construído tivo que demoler a parte superior

A mitoloxía di que: "houbo un xigante chamado Xerión, rei de Brigantium, que obrigaba aos seus súbditos a entregárenlle a metade dos seus bens, incluíndo os fillos. Un día os súbditos decidiron pedir axuda a Hércules que retou a Xerión nunha gran pelexa. Hércules derrotouno e enterrouno, levantou un túmulo que coroou cun gran facho. Preto dese túmulo fundou unha cidade e, como a primeira persoa que chegou foi unha muller chamada Coruña, Hércules púxolle ese nome"

Tamén segundo o *Leabhar Gabhala* ou *Libro das invasións* que une a nosa historia coa de Irlanda, Breogán construíría unha grande torre dende a que Ith, o seu fillo, contemplando o océano, creu albisca a silueta dunha illa no horizonte, aquela illa era Irlanda, á que foi e na que foi asasinado. O seu corpo sería trasladado a Galicia e os seus familiares, xurando vinganza, regresaron ali... ata agora.

Despois dunhas orixes tan gloriosas e dunha historia non menos interesante, a Torre de Hércules aspira a ser patrimonio da Humanidade nun futuro próximo.

Nunha entrevista, César Antonio Molina (*ministro de cultura*) afirma que:

"Hai que seguir loitando con tódalas nosas forzas, xa que existen moitas posibilidades de conseguilo"

"Como existen moitas persoas que van contemplar as pirámides, o Partenón ou a Torre Eiffel, tamén haberá turistas que viaxan ata Galiza para ver a Torre de Hércules. Ter na cidade un monumento que é patrimonio da humanidade significa, ademais de cuestións de carácter honorífico, que en todas partes do mundo se coñeza que está na nosa comunidade."

"Esta sería a primeira vez que este tipo de recoñecemento se lle concede a un faro. Mais ademais do faro está o lugar, fronte ao Océano e con referencias tan importantes como a



*inscrición romana ao pé da Torre e que existe dende hai dous mil anos "*

**MARTI /AGV SACR/ C SEVIVS/ LVPVS/  
ARCHITECTUS/ AEMINIENSIS/**

**LUSITANVS EX VO**

España tamén presentará outras dúas candidaturas a patrimonio mundial. Xunto a Portugal , a de icnitas (pegadas) de dinosaurios da península Ibérica. E como proposta transnacional, a ruta do mercurio do Camiño Real.

Dende o meu punto de vista, a Torre de Hércules merece este recoñecemento, xa que é o único faro romano que aínda segue en funcionamento. Temos que animar a todo a mundo para que visite este espectacular monumento xa que paga a pena.

No IES Otero Pedraio queremos apoiar esta candidatura e confiamos na súa vitoria.

BOA SORTE.

*Angel Rivera Eiró*






## A CARA OCULTA DA LÚA

O 21 de xullo de 1969 ocorreu un acontecemento que ía cambiar a historia da humanidade. O home, axudado pola tecnoloxía que el creou, chegaría á lúa. Sen embargo, moitas son as preguntas que están sen resolver e moitas son as dúbidas de se o que aconteceu foi verdade ou unha montaxe. Neste documento quero deixar entrever algunhas respostas que máis dun rexeitará.

Todo o que sabemos desta viaxe é que a tripulación comandada por Armstrong chegaría á Lúa, daría un pequeno paseo e cravaría unha bandeira de EE.UU. que misteriosamente se movería cando na lúa non hai atmosfera e polo tanto non existe vento. Todo fai indicar que isto é unha montaxe, unha montaxe que a NASA tiña preparada en caso de fallar algo. Pero isto ten unha explicación porque o que realmente aconteceu gárdase no máis absoluto segredo.



Fai uns anos, un ex traballador da NASA chamado Mirlo Rojo, foi despedido por unhas diferenzas que nunca chegou a revelar. O certo é que de alí non se marchou de balde, xa que "roubou" unhas cintas de vídeo nas que se pode ver o que realmente aconteceu o 21 de xullo de 1969.

Todo saíu coma se esperaba e a aterraxe foi un éxito pero unha gran sorpresa agardaba ós astronautas. Armstrong e o seu compañeiro Aldrin descendieron do transbordador para dar o paseo lunar que tiñan previsto. Cando se tiñan distanciados uns metros, os seus corazóns empezaron a latir con forza. Para a súa sorpresa, encontráronse cunha tremenda construción, unha especie de hangar abandonado duns 60 m de alto e uns 20 m de ancho. Inmediatamente os astronautas comezaron a enviar mensaxes á Terra comunicándolles o que estaban a ver, dicindo que era impresionante, que nunca viran ni imaxinaran cousa igual.

A construción semellaba un hangar no que se podían apreciar numerosas fiestras. No centro había unha gran porta duns 5 m de ancho. O edificio estaba moi erosionado, cousa que é razoable ó non existir atmosfera na lúa. Segundo os expertos, estaba construído con materiais semellantes á composición das rochas lunares que puideron analizar.

Os astronautas deron unha volta arredor da tremenda construción filmándoa cunha cámara que portaba Aldrin. No momento en que se dispuxeron a entrar no hangar, as súas pulsacións disparáronse superando as 180 por minuto. Estaban no interior de algo que veu doutro mundo ou dalgunha civilización intelixente anterior á nosa coma eles recoñecían en conversacións que intercambiaban coa NASA.

Despois de todo o acontecido, decidiron mostrar o vídeo falso preparado por se algo saía mal porque a NASA non podía permitirse o luxo de equivocarse.

Coma ben se pode apreciar, o vídeo ten moitos erros, coma a iluminación, os efectos da bandeira, as sombras, os reflexos nos cascos dos astronautas... Ademais, a NASA xustificou as elevadas pulsacións ás que se viron sometidos os tripulantes, ó feito de coller rochas lunares. Pero isto non é unha xustificación porque a rocha máis grande pesa sobre uns 5 kg na Terra cando na Lúa o seu peso sería menos da metade. É

unha gran contradición porque o que nos están a dicir é que xente tan entrenada e en tan boas condicións físicas, sofócase ao coller rochas de menos de 2 kg? Absurdo!

Por outra parte, Mirlo Rojo conta que unha vez enterado, o goberno americano decidiu destruír a construción enviando unha bomba nuclear por temor a que se descubriese. As radiacións nocivas emitidas por esta tardan moitos anos en desaparecer e esa é a explicación do porqué non volvemos viaxar á Lúa, o que é un feito estraño sabendo que foi posible coa tecnoloxía de hai corenta anos.

Aínda hoxe existen moitas dúbidas sobre o que aconteceu, de se é verdade que o home pisou a Lúa, tamén son moitos os que rexeitan o que conta Mirlo Rojo. Cadaquén pode crer a quen queira pero o que é certo é que a NASA nunca ofreceu ningunha proba, só un vídeo que todo o mundo sabe que é falso. Coma eu sempre digo, a verdade está aí fóra e nós estamos no dereito de ir buscala.

Iago González Doforno  
David Pacios





En Rusia, os homes deben sacar as luvas para estreitar a man .

En Islandia, non debes levar os cans á cidade.

En Tailandia, non debes tocar a cabeza de ninguén. A cabeza é sagrada.

En Samoa, vai contra a lei que un home esqueza o cumpreanos da súa muller.

En Suíza, non está permitido lavar o coche ou cortar o céspede un domingo.

En Italia, se regalas flores, debes facelo en números impares. Trae mala sorte regalar, por exemplo, dúas flores.

En Francia, non debes sentar nunha cafetaría sen antes estreitar as mans de todos os coñecidos que se atopen no lugar.

Alba Conde Gil  
Nerea Figueiras Borrajo

## LEIS E COSTUMES CURIOSOS

En China, cando usas o escarvadentes, non debes deixalo en vertical sobre o prato. Trae mala sorte.

En Suecia, se bebes e conduces, tes que ir ó cárcere durante seis meses.

En Francia, non está permitido pórllle a un porco *Napoleón*.

En Brasil, non debes facer *OK* co teu polgar. É unha ordinariez.

En Alemaña, todas as oficinas teñen que ter unha vista do ceo.

En Oriente Medio, non debes louvar nada da casa do anfitrión, xa que eles se senten obrigados a regalarnos iso que louvamos.

En Singapur, non debes comer chicle. Vai contra a lei.

Na India, non debes agradecerlles a comida, pois considérase un insulto.

En Xapón, as mulleres non poden levar pantalóns ó traballo.

No Reino Unido, os pais non teñen que enviar ós seus fillos á escola. Poden ensinalles na casa se eles así o prefiren.

## IVER PARA CRER!

### SABIAS QUE...

- A presión que crea o corazón humano ó latexar, é suficiente para lanzar o sangue a 10 metros de altitude.
- Se berraras durante 8 anos, 7 meses e 6 días, producirías suficiente enerxía sonora como para quentar unha cunca de café (non merece moito a pena).
- O músculo máis forte do corpo é a lingua.
- Os osos polares son zurdos.
- A pulga pode saltar 350 veces a lonxitude do seu corpo. É como se unha persoa saltara a lonxitude dun campo de fútbol.
- Golpear a cabeza contra a parede queima 150 calorías cada hora (Próba).
- É imposible esbirrar cos ollos abertos.
- En 1997 as liñas aéreas gringas aforraron 40.000 dólares con só eliminar unha aceituna de cada ensalada.
- Millóns de árbores son plantadas accidentalmente por esquíos que enterran as súas noces e non lembran onde.
- Para manterse esperto, é máis eficaz comer unha mazá que tomar un café.



- Só un alimento non se derrama, o mel.
- Unha soa pinga de aceite de motor fai que 25 litros de auga deixen de ser apropiados para o consumo humano.
- Ri moito durante o día e durmirás mellor pola noite.
- As bolboretas saborean cos seus pés.
- Os cepillos de dentes de cor azul son máis usados cós de cor vermella.
- Ó redor de mil raios alcanzan a terra cada segundo.
- A árbore máis grande de todos os tempos foi un eucalipto australiano. En 1872 rexistrou unha altura de 132 metros.
- As xirafas soen durmir durante 20 minutos ó día. Poden chegar a durmir ata dúas horas (a ratos) pero excepcionalmente. Nunca se deitan.
- Os humanos teñen 46 cromosomas, os guisantes 14 e o caranguexo 200.
- No corpo humano hai 96.560 km de vasos sanguíneos.
- Transmitense máis xermes dando a man que bicando.
- Se o sol fose do tamaño dunha pelota de praia, Xúpiter tería o tamaño dunha pelota de golf e a Terra sería tan só un guisante.

- Por que cando alguén chama por teléfono a un número equivocado nunca está comunicando?
- Se despois de ducharnos estamos limpos, por que lavamos as toallas?
- Por que hai xente que esperta a outros para preguntarlles se estaban a durmir?
- Por que separado escíbese todo xunto e todo xunto escíbese separado?
- Existe algunha outra palabra para sinónimo?
- Por que os picapedra festexaban o Nadal se vivían nunha época anterior a Cristo?
- Por que apertamos con máis forza as teclas do mando a distancia cando se lle están esgotando as pilas?
- Por que o boneco de "Michélin" é branco e non negro como os neumáticos?
- A onde marca a agulla dunha brúxula cando estamos no polo norte?
- Por que cando buscas sitio para aparcar o coche, baixas o volume da radio? acaso vas ver mellor?
- Por que hai día do pai, día da nai e non hai día do fillo?
- Por que se tira arroz nas vodas?
- Se un avogado tolea, perde o xuízo?

Leticia Varela Claro

**ALGUNHAS PREGUNTAS SEN RESPOSTAS:**  
(para reflexionar)

- Se voar é tan seguro, por que lle chaman ao aeroporto "terminal"?
- Por que cando chove levantamos os ombros? acaso nos mollamos menos?
- Por que hai que ir a inicio para apagar o ordenador?
- Por que cando perdes algo preguntanche: e onde o deixaches?
- Que foi primeiro, o ovo ou a galiña? (pregunta típica para a que non descubrín aínda a resposta)
- Por que cando se funde unha bombilla damos unha e outra vez ó interruptor?
- Como se escribe o 0 en números romanos?

Apertas perigosas



## RETRATO DUN TENISTA



### 1. Nome:

Jose Enrique Conde.

### 2. Data de nacemento

03/12/1982

### 3. Que é para ti o deporte?

Unha forma de vida, o meu traballo.

### 4. Como é un día normal na túa vida?

Un día normal divído en estudar, programar as sesións e adestrar.

### 5. Como levas as viaxes cos alumnos aos torneos?

Divertidas, unha das ventaxas do meu traballo é disfrutar da xente coa que eu traballo e facer que eles disfruten comigo.

### 6. Cantos alumnos tes máis ou menos?

Actualmente uns 30 alumnos.

### 7. Gustaríache ser algún día adestrador dun tenista profesional ou prefires seguir como ata o de agora?

Sinceramente, o deporte profesional é en xeral moi esixente e nel só prima o resultado e non o traballo ben feito, así que case prefiro adicarme á formación, non só de deportistas senón de persoas equilibradas e compensadas, basándome nuns principios de deportividade e respecto.

### 8. Cando te deches conta de que querías deixar de ser xogador para comezar a ser adestrador? Foi unha decisión dura?

Non, a verdade é que nunca deixei unha cousa pola outra, de feito nunca deixarei de ser xogador. O deixar de competir e adestrarme foi por motivos de estudos, non por adicarme ao meu traballo como adestrador.

### 9. Cres que é difícil chegar a un alto nivel nunha cidade como a nosa?

A dificultade sempre é relativa, con confianza, cun traballo ben realizado e con planificación, a longo prazo todo é posible, pero as pirámides son as pirámides e nunha cidade cunha base de 200 xogadores é difícil que saia algún en comparación a outras cidades nas que a base é de 2000 ou 3000 xogadores.

### 10. Que formación deportiva tes (títulos, carreira.....)?

Licenciado en CC. Da Actividade Física e do deporte, título de adestrador nacional de tenis e numerosos cursos relacionados co ámbito deportivo.

### 11. Cres que na nosa cidade este deporte está valorado, ou pensas que se centra case toda a atención noutros deportes?

O tenis, como todos os outros deportes "minoritarios", teñen a súa gran competencia nos grandes deportes a nivel de masas da nosa sociedade (fútbol e baloncesto) pero é certo que o tenis pode considerarse como un dos deportes de maior éxito a nivel internacional e dentro do noso país, isto é o que lle dá un certo tirón, así como a aparición de novas figuras mediáticas como pode ser o caso de Rafa Nadal.

### 12. Gústache o ambiente que se vive co deporte? porque?

Non, a verdade é que o deporte nos últimos anos, a raíz da súa revalorización económica, estase convertendo en algo demasiado competitivo e non me refiro ao xogo en si, senón ao seu entorno (país, adestradores, discusións, insultos, trampas...) e o gañar "a toda costa". Todo isto desvirtúa moito o deporte e sobre todo a formación dos nenos que están nas súas fase máis sensible en canto a educación e formación.

### 13. Que cualidades ou aptitudes cres que debe ter un bo xogador de tenis?

Motivación e constancia.

### 14. Consideras que é máis importante o talento, a constancia? Ou as dúas?

Eu creo máis na constancia que no talento, xa que unha persoa que non traballe o seu talento quedarase só nunha persoa talentosa. Pero en cambio unha persoa que traballe poderá conseguir calquera obxectivo que se propoña, dentro duns límites. Hai que partir da base de que cada persoa ten potencialidades diferentes pero conseguir o máximo das túas capacidades só se logra mediante o traballo.

### 15. Veste como adestrador a longo prazo?

Si, máis que como adestrador prefiro verme como formador de persoas nun ámbito deportivo e nuns valores de educación e respecto.

### 16. Que outros deportes che interesan?

Todos mentres sexan deporte.

Natalia Gómez Pascual  
Uxía Lameiras Rodríguez



## REMINISCENCIAS

Neste remanso do solpor,  
tan íntimo,  
treme no vento a luz que iluminaba  
os teus ollos de líquida tenrura.

Luz de noutrora,  
maternal,  
perdida.

Arden no peito ausentes labaredas  
do lume morto do fogar pechado.

*(Arden as perdas,  
Gamoneda,  
arde  
o corazón de pura inexistencia  
na luz precaria e fría de novembro.)*

Vagan ecos, presenzas ignoradas,  
polas néboas somnábulas:  
hábitanme  
vanme mudando en sombra de min mesmo.

Neste remanso de solpor adéntrome,  
enviso de nostalxia e señaardade,  
no territorio vougo e poeirento  
da desaparición.

Lentas ruínas.

Inexorable rito do regreso.

Hai chuvia e badaladas de agonía  
resoando no peito  
( e na penumbra  
dos lugares de ausencia que desando).

Sombras alucinadas.

E murmurios  
vívidos polo ar.

Reminiscencias.

*(Cincuenta e tantos. Pacios. Invernía.  
No corredor. Pingueiras. Aquel neno  
vendo chover. A casa. O pobo. A vida.)*

*( Un seis de maio. Outeiro. Badaladas.  
O tempo roto. Un xove. A nai. A morte)*

*Edelmiro Vázquez Naval*



**ENTREVISTA A  
MIRIAM  
GALLEGO,  
ACTRIZ**



Nacida en Ourense en 1979, esta actriz galega que estudou no noso instituto, cursou interpretación e comezou facendo pequenos papeis en *Pratos Combinados* na TVG. Máis tarde participou en series como *Policías*, en *el corazón de la calle*, en *Periodistas* (como Claudia Montero) e en *Lobos* (como Lucía Lobo). Tamén fixo teatro (*Arsénico, por favor*, de Gonzalo Suárez, como Elena) e en menor medida, cine (*Concursante*, de Rodrigo Cortés, e con actores como Leonardo Sbaraglia e Chete Lera).

Aquí tendes a entrevista que me permitiu facerlle, por iso quero antes de nada, agradecerlle o tempo que me adicou e a vós espero que vos agrade.

***En que momento da túa vida decidiches que querías ser actriz?***

Decidín que quería ser actriz, a raíz de coñecer a Begoña Muñoz, ela me ensinou o amor polo escenario, penso que tería 16 anos.

***Recíbiches apoio da túa familia?***

Si, imaxino que lles sorprendeu un pouco a decisión, pero ó verme tan segura do que quería, puxéronse do meu lado.

***Cal foi o teu primeiro traballo como actriz?***

Na televisión de Galiza, nunha serie chamada "Pratos Combinados", tería 18 anos.

***Cal foi o papel que máis che gustou representar ata o de agora?***

Non sei, imaxino que o que máis me marcou foi "la novia" en "Bodas de sangre" de Lorca, dirixida por Juan Pastor.

***Cando che ofrecen un traballo, que é o que máis valoras?***

Cada vez elixo máis os traballos, en principio interésame o texto, quen o vai dirixir, a

personaxe que se me ofrece, e por último, quen o produce, para saber con quen vou traballar e cales son os medios técnicos cos que se contan no proxecto, é dicir; miro un pouco todo.

***Que prefires cine, teatro ou televisión?***

Os tres medios interésame moito, son mundos distintos e precisan de métodos de traballo diferentes, se teño que quedarme con un, elixo o teatro.

***Estreaches unha película fai pouco, pensas que terá unha boa crítica?***

Coas críticas nunca se sabe, e menos no mundo do audiovisual, non o sei, a verdade é que non me preocupa nin me quita o sono. É unha película moi ben feita, cunha imaxe arriscada, cun ritmo frenético, e un guión moi intelixente, o resultado final é altamente positivo en tódolos aspectos.

***Tes actualmente algún proxecto en marcha?***

Si, pero de momento prefiro non falar deles, xa que son proxectos, cando sexan realidades, se queres, volvemos a falar.

***Que lle aconsellarías a alguén que quere seguir o teu camiño?***

Cada un decide onde quere pór os seus pés e ata onde irán os seus pasos, por iso é doado dar un consello, para min, o segredo desta profesión é unha boa formación, disciplina e constancia; é unha profesión que se move coma unha montaña rusa, hai que sosterse forte á terra cando sopran ventos bravos para así poder abrir os brazos e voar cara ás as alturas.

Así que xa sabedes queridos lectores, se queredes adicarvos ao mundo da interpretación, seguides os seus consellos, nada é fácil, pero só poderemos conseguir aquilo que queremos, se reamente pomos os medios para conseguilo e conseguimos crer que o podemos facer.

*Olaia Sobrado*



Un ano despois.

**1-. Estas últimas semanas vímoste na serie de Telecinco "Hospital Central". Que tal na serie? E cos teus compañeiros?**

En Hospital Central moi ben. En principio o meu personaxe interviña en catro episodios, pero á cadea e á audiencia gustoulle e asinei con eles toda a temporada. Co equipo técnico e artístico moi ben. Para o actor é unha serie moi cómoda posto que leva moitas temporadas e o traballo sae rodado, todo está moi claro dende o comezo: a luz, os movementos de cámara, a relación entre os personaxes... e eso fai que o traballo sexa ameno.

**2-. Xa remataches de rodar en Hospital Central?**

En principio ía continuar con eles a temporada que vén (todo 2008), de feito, tódalas tramas do meu personaxe estaban xa escritas. Pero saíu outro proxecto que neste momento paréceme máis interesante artisticamente.

**3-. Estás actualmente nalgún proxecto?**

Sí. Estou no Centro Dramático Internacional, nunha montaxe dirixida po Gerardo Vera. Estamos traballando "El Rei Lear" de Shakespeare, versión de Juan Mayorga.

**4-. Non che dá mágoa cambiar a televisión polo teatro?**

Non, ningunha. Cando me propuxeron esto no o dubidei nin un segundo, sobre todo co elenco co que conta esta montaxe, que é unha autentica marabilla. Ente outros está o gran mestre da escena Alfredo Alcón, Cristina Marcos, Carme Elías, Pedro Casablanc...

**5-. Fai pouco vímoste no cine coa película "Concursante". Como foi a rodaxe en xeral?**

A rodaxe foi dura xa que traballamos a un ritmo frenético semellante ó do film. Pero tanto o proceso de ensaios como o da rodaxe e o de promoción foron moi gratificantes.

Traballar con Leo é un gustazo, ó igual que con Rodrigo Cortés, director do largo.

**6-. Ser actriz é coma sempre soñarás mentres facías a carreira?**

Non é como soñara, xa que os soños soños son e neles a imaxinación voa ó máis alto. Cando un soña non tropeza, nin ten que tomar tantas decisións... Evidentemente non é o que soñara. Non é máis nin menos, é simplemente distinto, porque é real.

**7-. Cal é a parte do teu traballo que máis che gusta?**

O proceso de creación, a búsqueda do esqueleto do personaxe, como fala, como se move... Fascíname...

**8-. Con que director/a, actor ou actriz che gustaría traballar?**

Cos bos, que é onde unha pode medrar máis, pero non teño preferencias.

**9-. Por último, Miryam, ti estiveches estudando no noso instituto, o Otero Pedrayo, e enterámonos de que hai unha profesora en especial que foi a que che deu un empuxón para facer arte dramática. É certo?**

É moito máis ca un empuxón o que me deu Begoña Muñoz. Ela deume as ás e o alento para voar, sen a súa forza, o seu amor polo teatro e o seu bo facer, evidentemente, os meus pasos serían distintos.

Adoro a Begoña, é un dos meus referentes na vida... Espero que algún día esas paredes do "Otero Pedrayo" lle rindan homenaxe porque o merece a berros, e ese día estarei ó seu lado para berrarlle ARTISTAAAA.

Alba Blanco Cid  
Olaia Sobrado Conde



## AUDREY HEPBURN: UN ICONO DO CINE CLÁSICO



### I. - VIDA

O seu nome verdadeiro era Edda Van Heemstra Hepburn-Ruston e naceu o día 4 de maio de 1929.

Desde o seu lanzamento en "Vacacións en Roma", pola que gañou un Oscar, Audrey comezou a forxar unha das carreiras cinematográficas máis interesantes de toda a historia do cine.

Casou tres veces: co actor Mel Ferrer, co psiquiatra Andrea Dotti e con Robert Wolders. Tamén tivo soados romances con William Holden (do que foi compañeira en "Sabrina" e en "Encontro en París"), con Albert Finney (en "Dous na estrada") e Ben Gazzara (en "Todos riron").

No ano 1988 foi nomeada embaixadora da UNICEF e nos últimos anos da súa vida adicouse ás obras caritativas.

Morreu de cancro en Suíza o 20 de xaneiro de 1993, pero sempre nos quedarán as súas películas e o seu recordo que vivirá en nós toda a vida.

### II. PRINCIPAIS PELÍCULAS

#### "Vacacións en Roma" (W. Wyler, 1953)

Audrey interpreta a unha princesa que namora dun periodista (Gregory Peck) e pasan un día increíble na cidade eterna.

#### "Sabrina" (B. Wilder, 1954)

Comedia nominada ó Oscar. O tema principal é o triángulo amoroso entre Sabrina e os irmáns Larrabee.

Sidney Pollack rodou un *remake* chamado "Sabrina e os seus amores".

#### "Guerra e paz" (K. Vidor, 1956)

Memorable película épica ambientada na Rusia do século XVIII. Relata a historia dunha rapaza que, ademais de ter que soportar a guerra, terá que elixir a un dos seus moitos pretendentes (Mel Ferrer, Henry Fonda e Vittorio Gassman).

#### "Unha cara con anxos" (S. Donen, 1957)

Musical que conta a historia de amor entre unha bibliotecaria e un fotógrafo dunha revista de moda (Fred Astaire).

#### "Os que non perdoan" (J. Huston, 1960)

Traballar cun gran cineasta deses tempos, deulle a Audrey un dos *wensters* máis aclamados da historia do cine.

#### "Almorzo con diamantes" (B. Edwards, 1961)

A película máis recordada da actriz está baseada na famosa novela de Truman Capote. A súa canción *Moon river* foi un éxito rotundo.

#### "My fair lady" (G. Cukor, 1964)

Nesta película gañadora de oito óscares, Audrey interpretaba o papel da florista Eliza Doolittle que namoraba a Rex Harrison acompañada de cancións memorables.

Outros títulos destacables: "Historia dunha monxa", "A calumnia", "Charada", "Encontro en París", "Dous na estrada" e "Soa na escuridade".

Sara Álvarez Carrera





## LOS GIRASOLES CIEGOS : futuros actores

Estabamos un grupo de amigos a dar una volta cando una muller saiu dun bar e preguntounos se nos gustaría ir a un casting que se celebraría ao día seguinte no Liceo para unha película que se rodaría en Ourense. A nós pareceunos unha excelente idea, e alá fomos ao casting, onde tivemos que cubrir un papel cos nosos datos: nome, apelidos, teléfono, medidas e en definitiva, o noso curriculum. A continuación fóronnos chamando un por un e fixéronnos fotos dende distintos perfís, de frente, dun lado e doutro. Ao casting presentámonos ao redor de mil persoas, das que escolleron ao redor de 300. Neste caso só requerían mozos comprendidos nunha franxa de idade determinada.

Aos poucos días a algúns de nós, en concreto a tres, chamáronnos para participar na rodaxe, dixéronnos que de alí a dous días empezariamos e preguntáronnos se os tiñamos libres, nós contestámoslles que si, que non habería problema. Estabamos moi ilusionados e un tanto nerviosos pois era unha experiencia totalmente nova para calquera de nós, algo no que nunca pensamos e que se nos presentara de xeito totalmente inesperado. Ademais, nós pasamos a primeira fase, ¿íamos para figuras?

Á semana seguinte, tivemos que volver ao Liceo para probar o vestiario que consistía nunha camisa branca, un pantalón negro, uns botíns da época e una sotana. Iamos de seminaristas e o vestiario quedaría gardado co noso nome. Mirámonos e custaba recoñecernos baixo aquelas roupas, anque, cómpre dicilo ( velaí están as fotos, que non menten ) non estabamos nada mal.

O día anterior á rodaxe, comunicáronnos o horario para estar no Liceo. Alí vestímonos e peiteáronnos, non nos maquillaron, tan só un chisco de gomina. Parecíamos talmente outros. Irrecoñecibles, polo menos para nós mesmos. Fomos ata Santa Eufemia que sería onde tería lugar a rodaxe. Non durou máis de media hora pero tivemos que repetir a escena varias veces para despois escoller a mellor, que consistía en estar sentados nos bancos da Igrexa escoitando ao cura, facer unha xenuflexión e marchar. Coa escena xa rodada, volvemos ao Liceo, déronnos bocadillos e voltamos para a nosa casa.

O segundo e último día de rodaxe tivemos que ir ata o Mosteiro de San Clodio, onde nos levaron a todos os seminaristas nun autobús, xa

vestidos dende o Liceo. Alí pasamos a maior parte da tarde, rodando dúas escenas distintas nas que tivemos que estar paseando ao redor do mosteiro, algún de nós con libros. Despois voltamos para Ourense, onde nos deron os cheques co diñeiro, ao redor de 70 euros, 35 por día de traballo. ¡ primeiro soldo e nada menos que como actores, non cabíamos na sotana!

Nas rodaxes sempre estaba o director connosco, tamén vimos a Javier Cámara, aínda que non falamos con eles, aos demais non chegamos a velos... e anque había bastante xente presenciando as rodaxes, iso non logrou pórnos nerviosos, ¡ tan metidos estabamos non nosos papeis!



Os encargados do vestiario eran moi boa xente, portábanse moi ben con nós e coidaban tódolos detalles para que fomos ben vestidos.







Deste xeito voltamos cunha nova e bonita experiencia para as nosas casas, anque iso si, a profesión de actor non é tan atractiva como parece, a repetición de escenas, unha e outra vez, é bastante aburrida e require de moitas doses de paciencia. Todo é moi lento e tén que estar preparado ao milímetro. Horas de maquillaxe, vestiario... pero como experiencia, vale a pena e neste momento estamos desexando vernos na pantalla. Invitámosvos a ver a película e despois, opinamos.

*Miguel Pardo Losada  
Diego de Francisco Rey*



Si. Somos nós. Por increíble que pareza, Hai moito, moitísimo tempo fomos nenos. Algúns no triásico, outros no xurásico, os menos no cenozoico. Fixemos exames, aprobamos, suspendemos e algúns quizais copiamos ou intentamos facelo. Nalgúns casos o tempo pasou tanto por nós que mesmo a nós nos custa recoñecernos. Noutros fomos nós pasando polo tempo e unha pegada do que fomos queda aínda delatándonos.

Fíxate ben nesa mirada, nese aceno, nese ricto ou nese sorriso e daquela **DESCUBRIRÁS QUEN SE ESCONDE DETRÁS.**



10



11



12




13



14



15



16



17



18



19



20



O/a detective máis  
avezado/a que descubra a  
identidade de cada  
retratado/a, deberá enviar  
un correo electrónico ao  
endereço de Rañolas  
indicando os seus nomes. De  
entre os correos recibidos  
coas respostas correctas  
efectuarase un sorteo e o/a  
gañador/a recibirá un  
agasallo.





Se estás pensando en participar, anímate, Rañolas ten cabida para [tod@s](#).

Envía o teu artigo ao seguinte enderezo: [ranolas@orangemail.es](mailto:ranolas@orangemail.es), indicando o teu nome, apelidos, curso/grupo e, se queres que che vexan a cara na sección de colaboradores, unha foto tamaño carné.

Ata pronto,

Rañolas



*Chegou das Américas un home rico e trouxo consigo un negriño cubano, coma quen trai unha mona, un papagaio, un fonógrafo... O negriño foi medrando na aldea, onde deprende a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores.*

*Un día morreu o home rico e Panchito trocou de amo para gana-lo pan. Co tempo fíxose mozo comprido, sen máis chatas que a súa cor... Aínda que era negro como o pote, tiña gracia dabondo para facerse querer de todos. Endomingado, cun caravel enriba da orella e unha ponla de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.*

*Unha noite de estrelas xurdeu no seu maxín a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sinteu, como tódolos mozos da aldea, os anceios de emigrar. E unha mañán de moita tristura gabeou polas escaleiras dun trasatlántico.*

*Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban no mar as terras deixadas pola popa.*

*Nunha rúa da Habana o negro Panchito tropezou cun home da súa aldea e confesoulle saloucando:*

*-Ai, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente. ¡Eu morro!*

*Panchito retornou á aldea. Chegou probe i endeble; pero trouxo moita fartura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e mais un traxe branco...*